


OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FERROL

Plan de Acción de Servizos Sociais



REDE DE CONCELLOS
para o benestar

OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FERROL

Plan de Acción de Servizos Sociais



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	9
OBXECTIVOS DA DIAGNOSE.....	11
ESTRUTURA DA DIAGNOSE.....	14
A COMARCA DE FERROL.....	16
1. A DINÁMICA DEMOGRÁFICA. ELEMENTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN.....	17
1.1 A estrutura da poboación. evolución e proxeccións	17
1.2 O asentamento da poboación. Densidade, dispersión e condicións da vivenda.....	24
1.3 Extracto da dinámica demográfica na Comarca de Ferrol.....	29
2. O CONTEXTO SOCIOECONÓMICO. ASPECTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN.....	30
2.1 Economía, traballo e ensino.....	30
2.2 A cohesión social.....	34
2.3 Os gastos dos fogares.....	41
2.4 Síntese do contexto socioeconómico na Comarca.....	42
3. OS SERVIZOS SOCIAIS. SITUACIÓN E EVOLUCIÓN.....	44
3.1 As entidades e os equipamentos de benestar na Comarca.....	44
A)As Entidades de Servizos Sociais.....	45
B)Os Centros de Servizos Sociais.....	48
3.2 Os Departamentos municipais de Benestar.....	59
A)O financiamento dos Servizos Sociais.....	59
B)Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais.....	64
C)A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar.....	66
3.3 Extracto da situación dos servizos sociais na Comarca de Ferrol.....	72
4. CONCLUSIÓN E RECOMENDACIÓN.....	77
4.1 As principais conclusións.....	78
A) A evolución demográfica.....	78
B) O avellentamento e a soidade.....	82

C) As múltiples exclusións.	86
D) Os coidados.....	89
E) Os equipos locais de benestar.....	92
4.2 As principais recomendacións.	95
A) A evolución demográfica	95
B) A soidade e o avellentamento.	102
C) As múltiples exclusións.	109
D) Os coidados.....	114
E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.	119
4.3 Consideracións finais.	122

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Situación e composición da comarca de Ferrol.	16
Imaxe 2. Distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da comarca de Ferrol	48
Imaxe 3. Distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da comarca de Ferrol.....	51

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Provincia da Coruña - Comarca de Ferrol. 1998, 2007, 2017.	17
Táboa 2. Evolución da poboación dos Concellos da Comarca de Ferrol. 1998, 2007, 2017.....	17
Táboa 3. Distribución por tramos de idade nos concellos da Comarca de Ferrol. 2017.	20
Táboa 4. Evolución da idade media na comarca de Ferrol, provincia da Coruña e Galicia. 2002 – 2017.....	21
Táboa 5 Saldo vexetativo dos concellos da Comarca de Ferrol. 1975 - 2016.....	22
Táboa 6. Índice de avellentamento e sobreavellentamento na Comarca de Ferrol, Provincia da Coruña e Galicia. 2017, 2020, 2025 e 2030.	23
Táboa 7. Evolución da densidade poboacional da Comarca de Ferrol por concellos. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017.	27
Táboa 8. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia, Comarca de Ferrol e Concellos. 2010 – 2014.	30
Táboa 9. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia e Comarca de Ferrol. 2011.....	33
Táboa 10. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Galicia, provincia e Área Ferrol-Eume-Ortega. 2011 – 2016.....	34
Táboa 11. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia, provincia e Área de Ferrol-Eume-Ortega. 2011 – 2016.....	35
Táboa 12. Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Ferrol e Concellos. 2010 – 2015.	36
Táboa 13. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares, en porcentaxe. Galicia e provincia. 2011 – 2016.	37
Táboa 14 Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Ferrol e Concellos. 2010 – 2015.	38
Táboa 15. Evolución da mediana de ingresos do fogar atendendo á súa fonte principal. Galicia e provincia. 2011 – 2016.	39
Táboa 16. Distribución dos centros de servizos sociais da comarca de Ferrol segundo o seu ámbito de actuación.	51
Táboa 17. Número dos centros de servizos sociais da comarca de Ferrol (excluíndo o Concello de Ferrol), segundo a súa tipoloxía, titularidade, concello no que se localiza e número de prazas totais autorizadas.	52
Táboa 18. Número dos centros de servizos sociais do Concello de Ferrol segundo a súa tipoloxía, titularidade, concello no que se localiza e número de prazas totais autorizadas.	53
Táboa 19. Evolución ratio de cobertura, número de centros e prazas nos centros de atención ás persoas maiores 2005 – 2017.	56
Táboa 20. Orzamento municipal dos Concellos da Comarca de Ferrol para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais e % do programa sobre o orzamento municipal.	60
Táboa 21. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da comarca de Ferrol en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.	62
Táboa 22. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da comarca de Ferrol en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.....	63
Táboa 23. Número de profesionais segundo ocupación e concello que forman parte dos equipos de servizos sociais na Comarca de Ferrol. 2018.....	65
Táboa 24. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrencia e dependencia nos concellos da comarca de Ferrol. 2018.	68
Táboa 25. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrencia e dependencia nos concellos da comarca de Ferrol (sen o Concello de Ferrol). 2018.....	68
Táboa 26. Número de horas prestadas do SAF libre concorrencia nos concellos da comarca de Ferrol menores de 20.000 habitantes 2016 - 2018.	69

Táboa 27. Importe das achegas realizadas pola Deputación da Coruña para o financiamento do SAF libre concorrencia nos concellos menores de 20.000 habitantes da comarca de Ferrol. 2016 - 2019. 70

Táboa 28. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da comarca de Ferrol menores de 20.000 habitantes en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación directa do servizo. 2018. . 71

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Pirámide de poboación Comarca de Ferrol, 2017.	18
Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Comarca de Ferrol. 2017.	19
Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da Comarca de Ferrol, anos 1998- 2007 e 2017.....	20
Gráfico 4. Evolución do saldo vexetativo da Comarca de Ferrol. 1975 - 2015.....	21
Gráfico 5. Saldo migratorio da Comarca de Ferrol. 1998 – 2016.....	22
Gráfico 6. Pirámide de poboación da Comarca de Ferrol, 2030 en base a proxeccións de poboación.	24
Gráfico 7. Evolución da composición dos fogares da comarca de Ferrol. 2001-2011.	28
Gráfico 8. Estrutura do tecido empresarial da Comarca de Ferrol por condición xurídica. 2014.	32
Gráfico 9. Evolución da afiliación á Seguridade Social por réximes na Comarca de Ferrol. 2011-2018.	33
Gráfico 10. Evolución do custo mensual das hipotecas activas. Galicia, provincia e Concellos galegos por habitantes. 2011-2018.....	41
Gráfico 11. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da comarca de Ferrol da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018.....	64

Introducción.

A Diagnose sobre os servizos sociais na Comarca de Ferrol forma parte da serie de documentos diagnósticos que integran o Plan de Acción de servizos sociais da Deputación da Coruña.

O Plan de Acción de servizos sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo dotar á Deputación dun marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia en relación cos Concellos menores de 20.000 habitantes e coas entidades sociais do territorio.

Este novo marco susténtase na axeitada interpretación do contexto demográfico e socioeconómico do territorio como elemento fundamental para a construción conxunta dun novo modelo de política pública que dea resposta á evolución das necesidades sociais. É, neste sentido, onde radica a importancia de contar non unicamente con datos fiables e actualizados sobre a realidade na que vimos traballando dende os departamentos de servizos sociais, senón dunha adecuada interpretación dos mesmos que nos leve a deseñar medidas efectivas no camiño cara a construción de sociedades máis xustas e con maior benestar.

Deste xeito, se ben a Diagnose que aquí se presenta é un apartado fundamental no conxunto do Plan de Acción, a incorporación dun sistema de traballo participativo leva a transcender ós meros datos a través da obtención de diferentes interpretacións das súas causas e dos fenómenos que os xeran. Así, se ben as problemáticas sociais se poden definir en termos de políticas públicas como *wicked problems* ou problemas malvados debido ás súas múltiples relacións cruzadas, non é posible o deseño dun Plan de Acción efectivo sen asumir tanto a complexidade das propias situacións sociais como a multiplicidade das visións que os actores da política teñen sobre os mesmos, aspectos estes que serán a base das medidas deseñadas dentro do propio Plan de Acción da Deputación.

Con todo, e aínda que a existencia de matices na interpretación da realidade social é un elemento consubstancial ás propias políticas sociais, existen aspectos cuantificables que evidencian a presenza de situacións definidas comunmente como non desexadas sobre as que é preciso incidir dende os poderes públicos. Así, realidades como o devalo demográfico xeral ou o despoboamento de zonas importantes do territorio, o avellentamento ou a presenza de núcleos salientables de exclusión social constitúen realidades que, conxuntamente con outras, marcan e marcarán a actuación dos departamentos de benestar social a medio prazo.

Dentro deste esquema xeral é onde cobra especial valor a obtención de datos fiables sobre a realidade social e sobre a actividade que están a realizar os departamentos municipais de servizos sociais.

A continuación preséntase a Diagnose sobre a situación dos servizos sociais na Comarca de Ferrol como parte dos traballos de diagnose, do territorio provincial e das comarcas da provincia, a partir dos cales se elabora o Plan de Acción de servizos sociais.

Obxectivos da diagnose.

A Diagnose dos Servizos Sociais da Comarca de Ferrol enmarcarse nos traballos do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña e, como tal, é a ferramenta que utilizará a Deputación para conformar o seu marco de actuación e a súa relación cos Concellos e coas Entidades Sociais en relación ás políticas de benestar.

O **obxectivo da Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais** é o seguinte:

A Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo fornecernos de datos oficiais, fiables e contrastados sobre a situación demográfica e socioeconómica do territorio, así como sobre a actuación que as administracións locais están a levar a cabo en relación ás políticas de benestar. Esta recompilación de información será unha parte fundamental sobre a que deseñar o conxunto de medidas que conformen o Plan de Acción, así como a liña de base sobre a cal realizar o seguimento posterior da súa efectividade no marco dun novo modelo de relación entre administracións e entes sociais no seu traballo de procura na mellora da autonomía das persoas.

Para facer fronte a este obxectivo xeral, a Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais realizou as seguintes tarefas:

- Análise de fontes estatísticas oficiais galegas e estatais.
- Análise documental de publicacións oficiais e de recoñecido prestixio.
- Análise da normativa e dos actos administrativos propios da Deputación e dos Concellos relacionados coas políticas de benestar.
- Análise do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Análise do Sistema de Información de Usuarios dos Servizos Sociais (SIUSS)
- Recompilación de información cuantitativa municipal relacionada coa dotación de recursos dos departamentos de benestar.
- Outras.

Un dos elementos máis importantes do Plan de Acción e da Diagnose como unha das súas partes centrais, é o conxunto de valores sobre os que se sustenta e que, polo tanto, serán os que guíen o seu desenvolvemento. Estes valores, dun xeito coherente coa Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, aterran o marco normativo vixente á actuación da Deputación da Coruña dentro da súa misión global de apoiar ós Concellos, con especial atención ós de menos de 20.000 habitantes, de modo que supoñen non só a nosa interpretación da lexislación senón os principios que a Deputación

Ile traslada a tódalas actuacións e ós modelos de relación enmarcados dentro do propio Plan de Acción.

Os valores do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña son os seguintes:

- **Compromiso.** O Plan de Acción de Servizos Sociais supón o compromiso da institución coa cidadanía e cos equipos dos Concellos á hora de responder ás demandas sociais e prestar servizos de calidade que promovan e melloren a autonomía das persoas.
- **Solidariedade.** O Plan de Acción define un marco de relación estable entre a Deputación e os Concellos que garante a sustentabilidade dos servizos sociais comunitarios a través da dotación de recursos e de ferramentas compartidas, poñendo a primeira pedra para a creación da Rede de Concellos para o Benestar. A través do valor da solidariedade garántese que a Rede de servizos sociais comunitarios estea ó alcance de toda a cidadanía da provincia, eliminando as fendas territoriais e promovendo o acceso universal.
- **Integración.** O Plan de Acción contén a creación dun modelo de apoio institucional e técnico que a Deputación da Coruña poñerá a disposición dos Concellos. Este modelo garantizará que a asistencia técnica da Deputación chegue a tódolos equipos municipais dando unidade ás intervencións dentro da necesaria adaptación ás realidades locais.
- **Participación.** O Plan de Acción constrúese sobre a base da participación das persoas profesionais dos servizos sociais tanto nos Concellos como nas Entidades Sociais, e mantén ese espírito a través da creación de espazos de reflexión conxunto para compartir experiencias e mellorar na prestación de servizos. A participación é un elemento consubstancial á Rede e á mellora continua, ademais de constituír a base para a co-responsabilidade dos membros da Rede e para o seu compromiso.
- **Proximidade.** O Plan de Acción ten como un dos seus alicerces fundamentais o achegamento tanto á realidade social de cada contexto de referencia como o achegamento ás persoas como xeito de fomentar a súa autonomía. A proximidade dos equipos ás persoas e a proximidade do apoio técnico ós equipos son elementos constituíntes do novo modelo de política de benestar e teñen no fomento do traballo relacional o seu máximo expoñente.
- **Liderado público.** O liderado público das políticas de benestar potencia e dálle forza ás iniciativas de coordinación e complementariedade coas entidades do terceiro sector. O liderado público é a garantía de que a cidadanía pode exercer os seus dereitos sociais con independencia das súas posibilidades ou localización territorial. O liderado público da rede de axentes que traballan nas políticas de benestar afianza as súas capacidades, multiplica o efecto das súas intervencións, posibilita a participación da cidadanía e garante a resposta ás necesidades sociais.

- **Intelixencia.** O Plan de Acción comprende no seu seo un importante abano de información sobre a realidade dos servizos prestados polos Concellos e polas entidades sociais no territorio. Estes datos, así como diferentes propostas especificamente deseñadas para mellorar a toma de información e a súa xestión para incrementar a coordinación local e o rendemento dos servizos, serán elementos básicos á hora de planificar o desenvolvemento das actuacións e xerar maior coñecemento sobre as intervencións. O coñecemento e a intelixencia nos servizos sociais son elementos sobre o que pivotará o desenvolvemento da Rede e a adaptación dos servizos á realidade social.
- **Diversidade.** A diversidade é o valor sobre o que se asenta tanto a especificidade comarcal das análises e das actuacións territoriais de proximidade contempladas no Plan de Acción, como o recoñecemento da complexidade social á que ten que dar resposta os servizos sociais locais. Esta crecente diversidade social comporta un esforzo por parte dos equipos técnicos á hora de adaptarse ás diferentes circunstancias e, polo tanto, a necesidade de maior apoio, maiores recursos e mellores ferramentas á hora de deseñar intervencións no territorio.

Ademais, e na liña mencionada de coherencia coa normativa de referencia, o Plan de Acción asume como propios os principios xerais presentes no Art. 4 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia que son: (I) a universalidade; (II) a prevención; (III) a responsabilidade pública; (IV) a igualdade; (V) a equidade; (VI) a solidariedade; (VII) a atención integral e personalizada; (VIII) a autonomía persoal e vida independente; (IX) a participación; (X) a integración e normalización; (XI) a globalidade; (XII) a descentralización e proximidade; (XIII) a coordinación; (XIV) a economía, eficacia e eficiencia; (XV) a planificación; e (XVI) a avaliación e a calidade..

Estrutura da Diagnose.

A Diagnose dos Servizos Sociais da Comarca de Ferrol, para a consecución dos obxectivos establecidos no punto previo, aséntase sobre a análise, tanto a nivel comarcal como na desagregación para os Concellos que a compoñen (o Concello de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño) dunha serie de indicadores agrupados atendendo ós seguintes contidos:

- Análise **demográfica**, atendendo á evolución da **estrutura poboacional** e ás proxeccións sobre poboación. Un dos apartados a salientar dentro do estudo das variables demográficas é o asentamento da poboación no territorio, de tal xeito que serán analizadas as dinámicas demográficas a nivel parroquial e o grao de dispersión da poboación na comarca.
- Análise **socioeconómica**. Co obxectivo de estudar o contexto de actuación de carácter socioeconómico, analizaranse elementos como o nivel de renda dos habitantes da comarca, o nivel formativo, a existencia e a evolución do desemprego, ou a conformación dos ingresos dos fogares.
- Análise da **actividade e dos recursos** dos departamentos de benestar social. Dentro deste apartado, estudaranse os principais indicadores relacionados coa actividade dos servizos sociais, a composición dos diferentes departamentos municipais ou as entidades que conforman o Terceiro Sector de Acción Social na comarca e nos seus diferentes Concellos así como os equipamentos e recursos dispoñibles en materia de servizos sociais na zona.
- Finalmente, achegaranse as **conclusións e recomendacións** da análise cuantitativa realizada, que conformarán o contexto para a definición dos principais eixos estratéxicos do Plan de Acción e que, de xeito coherente cos deseñados a nivel provincial, serán aterrados á realidade específica da Comarca e dos Concellos.

As principais fontes de información utilizadas para a elaboración desta Diagnose correspóndense ós Institutos de Estatística tanto galegos (Instituto Galego de Estatística) como estatal (Instituto Nacional de Estadística). Estas fontes son complementadas con diferentes recursos especializados de recoñecido prestixio relacionadas, con informes oficiais procedentes da Deputación da Coruña e dos propios Concellos, así como con datos procedentes da Consellería de Política Social, entre os que salienta o Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais. Neste último sentido salienta a utilización do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como fonte oficial sobre a que realizar os estudos das entidades e dos centros que prestan servizos no territorio.


Ademais, é preciso mencionar que serán estudados os orzamentos e os equipos que os Concellos teñen a disposición do público nos seus diferentes departamentos de Servizos Sociais locais, de tal xeito que se conformará unha imaxe tanto do territorio, das condicións da cidadanía e dos recursos

(tanto públicos, sociais como privados) que actúan no territorio dentro das políticas de benestar, completando así unha visión integral da política.

A comarca de Ferrol

Os concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño conforman a comarca de Ferrol, nunha extensión de 624 qm² e máis de 150.000 habitantes. Limita ao norte e ao oeste co océano Atlántico, ao leste coa comarca do Ortegal e ao sur coa comarca do Eume.

Imaxe 1. Situación e composición da comarca de Ferrol.



Fonte: AGADER e Wikipedia.

O territorio basea a súa economía entornando á industria naval e sectores afíns dado o enclave xeográfico que xoga no comercio oceánico e transoceánico, así coma enclave de mercado carácter militar. O sector pesqueiro tamén ten presenza na comarca.

A continuación procederase á análise dos diferentes apartados mencionados, iniciando así a Diagnose sobre os Servizos Sociais na Comarca de Ferrol como paso previo á elaboración do Plan de Acción.

1. A dinámica demográfica. Elementos básicos e evolución.

Un dos elementos centrais da Diagnose é a análise das principais dinámicas demográficas presentes no territorio co obxectivo de conformar unha imaxe sobre a evolución da poboación que será básica á hora de establecer un proceso de planificación das posibles necesidades e dos recursos a poñer á disposición da cidadanía para garantir os seus dereitos.

Neste sentido, o apartado actual amosa un salientable abano de indicadores demográficos oficiais nos que se verán reflectidas as dinámicas poboacionais a nivel comarcal e a nivel municipal, ás que se lle engadirán as proxeccións oficiais sobre a dinámica demográfica futura, conformando así unha parte do pano de fondo sobre o que actuarán as políticas de benestar, é dicir, as persoas.

1.1A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN. EVOLUCIÓN E PROXECCIÓNS

A poboación da comarca de Ferrol vén descendendo nos últimos dous decenios. Así, no ano 2017 residen 154.802 habitantes, mentres que no ano 1998 eran 166.592; é dicir, presenta un descenso de 11.790 habitantes.

A poboación actual da comarca de Ferrol equivale ao 13,82% do total da provincia da Coruña e un 5,72% dos habitantes en Galicia.

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Provincia da Coruña - Comarca de Ferrol. 1998, 2007, 2017.

Territorio	1998	2007	2017
Provincia da Coruña	1.106.325	1.132.792	1.120.294
Comarca de Ferrol	166.592	162.929	154.802

Fonte: IGE.

O ritmo de ascenso e descenso de poboación na provincia da Coruña vese modificado no caso de Ferrol, onde o descenso é constante.

A evolución dos diferentes Concellos que forman parte da Comarca de Ferrol recóllese na seguinte táboa.

Táboa 2. Evolución da poboación dos Concellos da Comarca de Ferrol. 1998, 2007, 2017.

Territorio	1998	2007	2017
Concello de Ares	4.662	5.598	5.658

Territorio	1998	2007	2017
Concello de Cedeira	7.699	7.482	6.888
Concello de Fene	14.912	14.222	13.110
Concello de Ferrol	85.548	75.181	67.569
Concello de Moeche	1.583	1.441	1.230
Concello de Mugardos	6.110	5.636	5.303
Concello de Narón	31.086	36.245	39.280
Concello de Neda	6.214	5.649	5.165
Concello de San Sadurniño	3.503	3.123	2.877
Concello das Somozas	1.506	1.374	1.128
Concello de Valdoviño	6.769	6.978	6.594
Total Comarca de Ferrol	166.592	162.929	154.802

Fonte: IGE.


Na táboa obsérvase unha evolución negativa na totalidade dos concellos que compoñen a comarca de Ferrol agás nos casos de Ares e Narón, que presentan dinámicas propias.

Así, o concello de Ares e Narón son os únicos que presentan un patrón de aumento poboacional continuo. No caso do primeiro, dende o ano 1998 ao 2017 incrementa nun 21% a súa poboación, atraendo 996 persoas máis das 4.662 que xa tiña. No caso de Narón, o incremento en vinte anos é de 8.194 persoas, un 26% máis de poboación sobre os 31.086 cos que contaba no ano 1998.

Os nove concellos restantes perden poboación. O caso de Valdoviño é particular xa que, se ben no tramo 1998-2007 gañou poboación, o descenso que se produce entre o 2007 – 2017 sitúa ó concello cun 3% menos de poboación que no 1998. Os descensos máis intensos danse en Moeche e nas Somozas, onde perden máis do 22% da súa poboación. O resto de concellos, inclusive Ferrol, reducen entre o 10% e o 18% os seus habitantes.

En canto á estrutura da poboación, o seguinte gráfico reflicte a pirámide poboacional da Comarca, mostrando a distribución na composición da cidadanía da comarca, por sexo e tramos de idade.

Gráfico 1. Pirámide de poboación Comarca de Ferrol, 2017.




Fonte: IGE.

Tal e como se observa no gráfico, a estrutura da pirámide poboacional da Comarca de Ferrol vén determinada por unha base estreita que vai ancheando a partires dos chanzos das idades comprendidas entre os 30 e 60 anos, para volver a reducirse nas idades máis avanzadas. A imaxe indica un descenso destacado da natalidade na Comarca.

Así, os tramos de idade entre os 0 e os 24 anos roldan o 2% da poboación da Comarca. A medida que avanza a idade, ás porcentaxes aumentan ata superar o 4% da poboación feminina e masculina de 40 a 44 anos. A partir deste tramo de idade os pesos volven a reducirse de xeito progresivo ata as idades máis avanzadas que se sitúan entre o 2% e 3% da poboación.

No relativo ás diferenzas por sexo obsérvase certo equilibrio entre mulleres e homes nos primeiros chanzos de idade, ata os 44 anos, tendencia que se matiza ó observarse unha maior presenza do colectivo feminino a partires dos 45 anos que se mantén e acentúa nas cohortes máis avanzadas de idade; indicativo dunha maior esperanza de vida entre a poboación feminina da comarca.

Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Comarca de Ferrol. 2017.



Fonte: IGE.


A distribución da poboación por idades que recolle o gráfico anterior amosa, para o ano 2017, que a poboación menor de 20 anos da comarca acada o 15% poboación, sendo o grupo de menor representación cunha diferenza de 11 puntos co grupo de maiores de 65 anos, quen representa o 26%. Así, o 59% da poboación da comarca está formada polas persoas de entre 20 e 64 anos.

A pirámide actual é resultado da evolución acontecida ó longo destes últimos anos, representativa dun devalo demográfico. Este proceso, como se aprecia na Gráfica 3, vén precedido dunha pirámide no ano 1998 caracterizada por unha base estreita no que se refire á poboación menor de 10 anos (e sobre todo menores de 5 anos, con menos dun 2% da poboación por sexo) e cun peso importante da xente de 20 a 24 anos (con algo máis do 4% da poboación). Na pirámide de 2007, a natalidade continúa no proceso de descenso e os chanzos estreitos da base chegan ata o treito dos 20-24 anos.

Así, a poboación máis avellentada vai gañando peso na estrutura demográfica da comarca a medida que pasan as décadas.

As imaxes da evolución da pirámide poboacional da comarca permiten identificar graficamente o proceso comentado. É dicir, un progresivo avellentamento da poboación unido a un progresivo incremento da esperanza de vida, á vez que a base da pirámide decrece, salientando unha baixa natalidade.

Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da Comarca de Ferrol, anos 1998- 2007 e 2017.



Fonte: IGE.

Esta mesma estrutura demográfica comarcal trasládase á realidade municipal que presenta, por grandes grupos de idade, a seguinte distribución.

Táboa 3. Distribución por tramos de idade nos concellos da Comarca de Ferrol. 2017.

Territorio	Menores de 20 anos	Entre 20 e 64 anos	Maiores de 65 anos
Concello de Ares	16%	58%	26%
Concello de Cedeira	14%	57%	29%
Concello de Fene	14%	58%	28%
Concello de Ferrol	15%	58%	27%
Concello de Moeche	10%	54%	37%
Concello de Mugarodos	13%	57%	29%
Concello de Narón	18%	62%	20%
Concello de Neda	12%	57%	30%
Concello de San Sadurniño	12%	56%	32%
Concello de Somozas, As	11%	60%	30%
Concello de Valdoviño	13%	57%	31%
Total Comarca de Ferrol	15%	59%	26%

Fonte: IGE.

Tal e como recolle a táboa anterior, ningún concello chega ao 20% da súa poboación en idades menores de 20 anos. É Narón (cun 18%) o que presenta unha sociedade máis rexuvenecida; ao mesmo tempo que é o concello con menor presenza de persoas maiores de 65 anos (20%). Por riba da media comarcal do 15% da poboación menor de 20 anos sitúanse os concellos de Ares, Ferrol e o

comentado Narón. O resto de concellos varían entre o 10% da súa poboación nestas idades (caso de Moeche) e o 14%.

En canto ó peso das persoas maiores de 65 anos, nos concellos de Moeche, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño superan o 30% do total da poboación. Por debaixo desta cifra están Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugaros e Narón.

Esta distribución municipal amosa que existe unha tendencia xeral na comarca, a pesar de que hai que destacar a situación que presenta o Concello de Narón que responde a dinámicas propias. Con todo, en termos xerais, a dinámica de Narón non permite equilibrar a evolución xeral que amosa a comarca.

Neste sentido, outro dos aspectos que achegan información sobre a evolución da poboación e, máis concretamente sobre o proceso de avellentamento, é a idade media das persoas que habitan a comarca en comparación cos da provincia e do conxunto de Galicia.

Táboa 4. Evolución da idade media na comarca de Ferrol, provincia da Coruña e Galicia. 2002 – 2017


Territorio	2002	2007	2017
Galicia	42,89	44,22	46,76
Provincia da Coruña	42,49	43,87	46,46
Comarca de Ferrol	43,64	45,05	47,66

Fonte: IGE.

A comarca de Ferrol presenta uns datos de media de idade superiores á media galega e da provincia da Coruña en tódolos anos analizados. A evolución da comarca é máis acentuada que na comunidade e na provincia. A comarca ferrolá, tanto no ano 2002, coma no 2007 e 2017 presenta unha idade media superior a pouco máis de 1 ano en comparación coa galega e provincial.

Por outro lado, a análise da evolución experimentada polos nacementos e as defuncións no conxunto da comarca presenta unha imaxe nida do proceso de devalo na natalidade na comarca de Ferrol. No seguinte gráfico obsérvase como o saldo da comarca presenta un saldo vexetativo positivo nas décadas dos 70 e 80, presentando dende últimos dos 80 saldos negativos. A evolución, a partir destes anos, é de continuos resultados negativos cada vez máis consolidados ao longo do territorio que abarca a comarca.

Gráfico 4. Evolución do saldo vexetativo da Comarca de Ferrol. 1975 - 2015.



Fonte: IGE. INE. Movemento natural da poboación.

Neste senso, os concellos de Ferrol presenta as seguintes dinámicas. Os concellos de Moeche e das Somozas veñen experimentando saldos negativos dende o ano 1975. Cedeira, Neda, San Sadurniño e Valdoviño comezan a trocar en negativos os seus saldos na década seguinte. Xa nos anos 90 son os concellos de Ares, Fene, Ferrol, Mugar dos e Narón os que forman parte do grupo de municipios con saldo vexetativo negativo, coa salvidade de que este último concello, Narón, foi quen de reverter esa dinámica e nos anos 2000 comeza a recuperar un saldo vexetativo positivo.


Táboa 5 Saldo vexetativo dos concellos da Comarca de Ferrol. 1975 - 2016.

Territorio	1975	1985	1995	2005	2015
Concello de Ares	30	3	-37	-17	-23
Concello de Cedeira	28	-23	-40	-45	-58
Concello de Fene	198	44	-53	-62	-60
Concello de Ferrol	1.094	55	-382	-315	-528
Concello de Moeche	-11	-20	-24	-16	-24
Concello de Mugar dos	35	3	-26	-40	-32
Concello de Narón	249	53	-63	7	5
Concello de Neda	82	-9	-37	-47	-49
Concello de San Sadurniño	10	-8	-47	-34	-37
Concello das Somozas	-19	-19	-21	-14	-13
Concello de Valdoviño	5	-1	-60	-68	-58

Fonte: IGE. INE. Movemento natural da poboación.

Para completar esta análise é preciso deterse no saldo de carácter migratorio. Neste sentido, tal e como se pode observar no gráfico 5, a evolución presenta dous tramos ben diferenciados. Partindo de saldos negativos nos anos 90, dende o ano 2000 ata o ano 2007 o saldo migratorio presentaba un rápido ascenso, mentres que dende o ano 2007 en adiante prodúcese case o mesmo fenómeno á inversa, chegando a presentar dende o ano 2011 un saldo de carácter negativo.

Gráfico 5. Saldo migratorio da Comarca de Ferrol. 1998 – 2016



Fonte: IGE

A demografía ferrolá vese influenciada considerablemente polos movementos migratorios que se produciron nas últimas dúas décadas. Así, dende o ano 1998 até o ano 2001 producíronse máis emigracións que inmigracións. O período de anos 2002-2010 presenta un incremento das inmigracións, que deixa como punto de inflexión as 854 persoas máis que chegaron das que marcharon no ano 2007. A partir do 2011 os saldos son negativos, chegando a que no ano 2015 se produza a maior saída de persoas da comarca cunha diferenza coas que entran de -701 persoas.

Referente ao saldo interno interno (aqueles movementos migratorios en relación co resto da provincia ou co resto de Galicia), a excepción do ano 2010, os datos son negativos debido, principalmente, á marcha da poboación ferrolá cara outros puntos da provincia. Así mesmo, o tránsito co resto de Galicia pasa por varias fases irregulares de pouca relevancia mesturando diferencias positivas e negativas dun ano a outro ó longo do período 1998-2016.

O saldo externo (os movementos migratorios co resto de España ou co estranxeiro) cabe desagregalo entre as migracións cara o resto do estado español e as migracións cara o estranxeiro. No tocante ao primeiro, dende o ano 1998 ata o 2007 a poboación ferrolá emigra cara o resto de España; mentres que no tránsito 2008-2013 prodúcese un efecto inmigratorio (coa interrupción negativa do ano 2011). Do 2014 en adiante a saída cara o resto do estado segue a ser unha realidade. Referente aos movementos migratorios en relación co estranxeiro, os datos amosan unha inmigración numerosa e continuada dende o ano 1998 ata o ano 2011, clave para que o saldo migratorio xeral fora positivo nos anos indicados anteriormente (2002-2010). Sen embargo, a partir do ano 2012 prodúcese o primeiro saldo externo en relación co estranxeiro negativo, feito que se repetirá nos anos 2013 e 2015.

Así, e tal e como se vén manifestando, a estrutura demográfica comarcal caracterízase polo seu progresivo avellentamento. Neste sentido, é preciso facer referencia ós índices de avellentamento e sobreavellentamento como elementos de referencia para a análise deste fenómeno demográfico. O índice de avellentamento amosa o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos, en tanto que o índice de sobreavellentamento relaciona as persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou menos anos.

Táboa 6. Índice de avellentamento e sobreavellentamento na Comarca de Ferrol, Provincia da Coruña e Galicia. 2017, 2020, 2025 e 2030.

Índice	2017	2020	2025	2030
Índice de avellentamento Ferrol	170,6	178,6	202,7	243,5
Índice de avellentamento A Coruña	148,98	156,2	177,2	213,1
Índice de avellentamento Galicia	154,77	162,5	185,1	223,6
Índice de sobreavellentamento Ferrol	16,3	18,5	18,2	18,6
Índice de sobreavellentamento A Coruña	16,35	18,3	17,9	18,3
Índice de sobreavellentamento Galicia	17,48	19,4	18,9	19

Fonte: IGE


Tal e como amosa a táboa, os datos oficiais ofrecen a posibilidade de analizar tanto a situación actual dos índices relacionados co avellentamento, como de realizar proxeccións para o futuro. Así, o índice de avellentamento é 22 puntos superior na realidade comarcal en relación coa provincia. Este índice, que no 2017 sitúa a 170 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20 anos, irase incrementando ata chegar case ás 250 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20 no ano 2030. A evolución deste índice no caso do Ferrol é máis acentuado que no resto de Galicia e da provincia da Coruña.

Respecto ó índice de sobreavellentamento, se ben presenta uns datos inferiores á media galega e da provincia da Coruña no ano 2017, a evolución é semellante entre ámbalas tres. É dicir, tanto na comarca de Ferrol, coma na provincia da Coruña e en Galicia, o índice de sobreavellentamento

presenta unha suba no ano 2020 que será mitigada cun descenso no ano 2025 para voltar a ascender no ano 2030. No caso de Ferrol, o índice presenta uns resultados de 16 persoas maiores de 85 anos por cada 100 menor de 65 anos no ano 2017. As proxeccións avanzan que a comarca de Ferrol a partir do ano 2020 presentará un índice de sobreavellentamento maior que o da provincia coruñesa.

Deste xeito, como consecuencia do proceso de avellentamento xeral e do incremento da esperanza de vida, a proxección da estrutura da poboación da comarca de Ferrol prevista para o 2030, responde á seguinte imaxe gráfica.

Gráfico 6. Pirámide de poboación da Comarca de Ferrol, 2030 en base a proxeccións de poboación.



Fonte: IGE

Tal e como permite comprobar o gráfico, a estrutura demográfica prevista supón a continuidade da evolución observada ata a actualidade. A pirámide da proxección poboacional sobre o 2030 da comarca de Ferrol presenta unha masa poboacional de 135.564 habitantes, o que supón unha perda de 19.238 persoas.

A pirámide presenta unha base reducida onde os menores de 45 anos (tanto homes como mulleres) non acadan o 3% da poboación por tramo, non superando o 2% os tramos correspondentes ás idades máis novas dos 0 aos 14 anos. Os chanzos correspondentes ás idades comprendidas entre os 50 e os 69 anos son os que máis peso teñen na sociedade ferrolá, especialmente as mulleres de 50 a 64 (4,3% da poboación por chanzo) e os homes de 50 a 54 anos (que serán o 4,2% da poboación). A partir dos 69 anos prodúcese un descenso do peso das idades máis avellentadas a excepción das mulleres de máis de 85 anos, que serán o 4% da sociedade da comarca ferrolá elas soas no ano 2030.

1.20 ASENTAMENTO DA POBOACIÓN. DENSIDADE, DISPERSIÓN E CONDICIÓNS DA VIVENDA.

Un dos elementos determinantes para o deseño de políticas de benestar adaptadas á poboación é o seu modelo de asentamento e de ocupación do territorio. Neste sentido, a comarca de Ferrol

comprende, entre os seus once concellos, un total de 69 parroquias e 1.365 entidades singulares de poboación.

Analizando caso a caso a situación parroquial de cada concello atopamos, en primeiro lugar o caso de Ares e as súas tres parroquias. O 77% da poboación (4.361 persoas) concéntranse en Ares (San Xosé), mentres que o 33% restante repártese entre Caamouco (San Vicente) e Cervás (San Pedro), cun 13% e 10% respectivamente. É Cervás (San Pedro) a única parroquia que perde poboación dende o ano 2000 (-38 habitantes).

Cedeira componse de 7 parroquias. Delas, o 69% concéntrase no núcleo urbano de Cedeira (Santa María del Mar), que ten 5.658 habitantes. O 31% restante repártese entre seis parroquias, entre as cales se sitúa Cervo (Santalla), que con 160 habitantes (un 2% da poboación do concello) é a parroquia menos poboada. Con todo, as 7 parroquias de Cedeira perden poboación en comparación co ano 2000.

O concello de Fene consta de 8 parroquias. Cunha distribución que reparte o 54% da poboación entre as parroquias de Fene (San Salvador) e de Perlío (San Estevo), é a primeira a única parroquia de todo o concello que aumenta a súa poboación dende o ano 2000. O 46% restante da poboación concéntrase en 6 parroquias de menor tamaño. Entre estas atopamos a Magalofes (San Xurxo) que, con 329 habitantes, representa o 2,5% da poboación municipal.

O caso do concello de Ferrol e as súas 12 parroquias diferenciadas do centro urbano, presentan como denominador común unha perda de habitantes xeral dende o ano 2000. Así, a meirande parte da poboación municipal concéntrase no centro urbano (un 89%), onde hai 60.242 persoas, 12.583 menos que no ano 2000. A excepción da parroquia de Serantes (San Salvador), que con 1.753 habitantes abarca o 2,6% da poboación municipal, o resto de parroquias non concentra máis do 1%, sendo Marmancón (San Pedro) a menos habitada con 84 persoas, que supoñen o 0,12% da poboación ferrolá.

A perda de poboación xeneralizada nas súas 5 parroquias é tamén a dinámica do concello de Moeche. O 29% da poboación concéntrase na parroquia de Moeche (San Xoán) (356 persoas), mentres que a menos poboada, Moeche (Santa Cruz) acolle ao 11% da poboación municipal (139 persoas). As tres parroquias restantes concentran entre o 18% e o 22% da poboación. A distribución en Moeche ó non concentrar un gran número de habitantes no núcleo principal, dá lugar a unha dispersión que xera núcleos de poboación con limitadas diferencias poboacionais.

O concello de Mugar dos presenta, dentro das súas 4 parroquias, un descenso de poboación xeneralizado. O núcleo principal, Mugar dos (San Xulián) aglutina ao 53% da poboación municipal. A parroquia que conta con menos habitantes é Piñeiro (San Juan), con 464 persoas que representan o 9% do total mugar dos.

Narón presenta diferencias representativas á hora de organizar e contabilizar as parroquias municipais. Así, no ano 2000, o concello dividíase en 11 parroquias, mentres que no ano 2017 conta con 7. O 84% da poboación naronesa concéntrase no núcleo urbano, que conta con 32.825 habitantes. A parroquia do Val (Santa María A Maior), con 1.804 habitantes que corresponden ao 5% da poboación municipal é a segunda parroquia máis poboada, mentres que Doso (San Lourenzo), con

435 persoas, concentra ao 1% da poboación naronesa. 4 parroquias gañaron habitantes dende o ano 2000, mentres que hai 3 que perderon poboación, se ben non moi acentuadamente.

No tocante ás 4 parroquias que compoñen o concello de Neda, o factor común que comparten todas é o da perda de poboación. Tanto Neda (Santa María), como núcleo principal que acolle ao 59% da poboación (3.056 persoas), como Viladonelle (San Andrés), que abarca o 2% da poboación cos 103 habitantes que ten, descenden en número de habitantes dende o ano 2000.

O concello de San Sadurniño distribúese entorno a sete 7 parroquias diferenciadas. Todas elas vense sumidas nunha dinámica de perda de habitantes. Así, o 28% (2.877 persoas) da poboación reside no centro urbano de San Sadurniño (Santa María). Igrexafeita (Santa María) concentra só o 7% dos residentes do concello (193 persoas). O concello de San Sadurniño presenta unha dispersión poboacional intensa no seu territorio, onde 5 das parroquias concentran entre o 9% e o 18% da poboación.

Con respecto ó Concello das Somozas, na súa principal parroquia (As Somozas – Santiago) residen 593 das 1.128 persoas totais e representan o 53% da poboación municipal. Un 33% (374 persoas) está concentrado na parroquia de Remecel (Santa María), o 10% reside en Seixas (Santa María) e o 4% (50 habitantes) na parroquia de Enchousas (San Pedro). Tanto o termo municipal como cadansúa parroquia por desagregado presentan unha evolución negativa dende o ano 2000.

O concello de Valdoviño está composto por 8 parroquias. Delas, hai dúas que gañaron habitantes en comparación co ano 2000. Estas son, a máis poboada, Valdoviño (Santa Eulalia) que concentra o 34% da poboación con 2.256 habitantes, e a terceira máis poboada, Lago (Santiago) que con 1.091 habitantes concentra o 17% da poboación municipal. Entre o resto de parroquias que perden habitantes atópase a segunda parroquia máis habitada do concello, Meirás (San Vicente), que pasou dos 1.334 habitantes no ano 2000 aos 1.297 no ano 2017; así como a parroquia menos habitada, Vilaboa (San Vicente) que concentra o 3% da poboación con 182 habitantes. O concello de Valdoviño, polo tanto, presenta unha concentración da poboación sobre o seu territorio baixa, cunha salientable dispersión entre as 8 parroquias.

Esta distribución completa un panorama dunha considerable dispersión da poboación, aínda que se pode comprobar como existen casos nos que a poboación se agrupa principalmente en torno ás cabeceiras de concello, en tanto que tamén se dan casos con multiplicidade de núcleos diferenciados habitados de elevada poboación comparada.

Un elemento que contribúe a verificar a relación entre a dimensión do territorio e o volume de poboación é a evolución da densidade, definida como o número de habitantes por quilómetro cadrado de superficie. Neste sentido, e de xeito coherente coa evolución demográfica analizada, é posible observar nos datos da táboa 7 como a comarca de Ferrol ten unha densidade poboacional máis alta que a galega e a provincia da Coruña. O longo do período analizado, dende o 2002, a densidade poboacional na comarca descende en case 14 persoas por qm^2 .

Táboa 7. Evolución da densidade poboacional da Comarca de Ferrol por concellos. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017.

Territorio	2002	2007	2017
Galicia	91,2	92,7	91,6
Provincia de A Coruña	137,9	141	141,1
Comarca de Ferrol	259,4	257,2	245,9
Concello de Ares	273,6	307,8	315,6
Concello de Cedeira	87,9	87	81,9
Concello de Fene	551,1	534,4	493,4
Concello de Ferrol	943,6	896,1	808,9
Concello de Moeche	30,6	30	26,9
Concello de Mugardos	446,3	433,9	407,8
Concello de Narón	480,8	526,1	574,7
Concello de Neda	249,9	234,6	209,8
Concello de San Sadurniño	32,3	30,8	28,7
Concello das Somozas	19,6	19,8	16,5
Concello de Valdoviño	77,2	78,6	74,6


Fonte: IGE

Outro dos elementos a ter en conta relativo á dispersión, é a heteroxeneidade no comportamento dos diferentes concellos. Así, o concello de Ferrol é o que maior densidade presenta. Se ben pasa de superar os 940 habitantes por qm^2 no 2002, a ter uns resultados de pouco máis de 800 no 2017. Nun segundo bloque de concellos, están Fene, Mugardos e Narón, que presentan unha densidade poboacional entre os 400 habitantes por qm^2 e os de 600. Entre 200 e 300 persoas por qm^2 sitúanse os concellos de Ares e Neda; mentres que os concellos que teñen menos de 100 habitantes por qm^2 , son Cedeira, Moeche, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño

Tal e como se vén comentando, a complexidade da ocupación do territorio por parte da poboación en Galicia, é froito dun modelo de asentamento tradicionalmente espallado en múltiples núcleos e entidades para o aproveitamento do territorio propio. No caso da comarca de Ferrol, existen certos núcleos poboacionais que son capaces de concentrar á maioría da poboación dun concello - Ares, Cedeira, Ferrol e Narón - nos que a densidade é superior á media galega e a da provincia da Coruña (o que fala da relevancia do efecto urbano). Con todo, a evolución amosa a un gran número de parroquias cada vez máis despoboadas.

No marco da análise do asentamento da poboación no territorio, é preciso facer referencia ós fogares e á súa ocupación en función do número de persoas que habitan neles. A continuación amósase a evolución da composición dos fogares da comarca de Ferrol que, no período analizado, pasan de 57.765 no 2001 a un total de 65.534 no 2011.

Gráfico 7. Evolución da composición dos fogares da comarca de Ferrol. 2001-2011¹.



Fonte: IGE

Como se pode comprobar, a distribución da composición dos fogares na comarca de Ferrol non varía substancialmente do ano 2001 ao ano 2011. É dicir, en ámbolos dous anos, as vivendas de dúas persoas son o principal tipo de residencias, seguido das de tres e unha persoas. O ascenso destes tres tipos de vivendas contrasta co descenso que sofren as vivendas de catro persoas ou máis.

Segundo o réxime de tenza das vivendas, a comarca de Ferrol no 2011 un 79% das vivendas son en réxime de propiedade, e un 12% atópase en réxime de alugueiro. Respecto ás vivendas en propiedade, hai un 27% que aínda ten cargas hipotecarias.

Polo que respecta á superficie das vivendas, no 2011, as vivendas de máis de 121 m² supoñen o 10% das vivendas totais. O 62% correspóndelle ás vivendas entre 76m² e 120m², mentres que as vivendas de menos de 75m² diminúen ó 25% do total.

Con respecto á dotación de equipamentos das vivendas, na Área de Ferrol-Eume-Ortegal (área que abrangue as comarcas de Eume, Ferrol e Ortegal) o emprego do teléfono móbil pasou de ter unha incidencia na sociedade dun 86% no 2010 a un 91% no 2015. Pola contra, o teléfono fixo descende a súa presenza, pasando dun 79% no 2010 dos fogares con este aparello a un 76% no 2015.

A incidencia de internet contratado nos fogares da Área vai aumento constante pasando un 51,36% no 2012 a un 69,72% no 2016. Ademais, a tenza dun ordenador foi en aumento paralelo dende o 2012 ó 2016, pasando dun 60,78% a un 63,27% das vivendas con este aparato electrónico. A área de Ferrol-Eume-Ortegal é a terceira con maior presenza de novas tecnoloxías, só sendo superada pola área da Coruña e Santiago

As vivendas da Área, en canto á presenza de deficiencias de illamento, goteiras, humidades e podremias en solos ou ventás, presentan unha evolución positiva. Se ben no 2010 eran o 53% das vivendas as que manifestaban ter algún tipo destes problemas, no ano 2015 son o 44% as que padecen destes problemas.

Un último elemento a salientar, consecuencia tanto do modelo de asentamento da poboación, como do nivel da presenza de servizos públicos, é o relacionado coa mobilidade. Neste senso, na área de

¹ O INE non recolle os datos nos casos de 4 residentes no Concello de San Sadurniño no ano 2011. Así mesmo, non se recollen os fogares de 6 residentes en Cedeira, Fene e Narón. Así como de 5 e 6 ou máis residentes no 2011 en Ares, Moeche, Mugardos, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño).

Ferrol-Eume-Ortegal o 77% posúe de alomenos un vehículo, mentres que o 23% ten que contar co transporte público para mobilizarse.

1.3 EXTRACTO DA DINÁMICA DEMOGRÁFICA NA COMARCA DE FERROL.

Tal e como se puido comprobar ó longo do achegamento realizado tanto á evolución demográfica da comarca de Ferrol, coma ao modelo de distribución e dispersión poboacional, o contexto xeral e particular da comarca vén marcado polo continuo descenso de poboación en tódolos concellos agás en Ares e Narón. Con todo, a evolución demográfica comarcal non pode ser entendida sen atender ó efecto urbano do Concello de Ferrol e de Narón, que debe ser complementado coa realidade rural doutros Concellos que atenden ás dinámicas propias observadas en termos xerais na provincia. Ademais, é preciso ter en conta a evolución da cidade de Ferrol dende os anos 80 do século XX, o cal impacta en toda a comarca, e que realidades locais como a de Narón non poden compensar.

Esta dinámica particular da comarca, visualizada a través de datos relativos á evolución global da poboación, á idade media ou ós saldos vexetativos e migratorios, vese trasladada e replicada no modelo de asentamento da poboación no territorio, de tal xeito que a perda de poboación é unha realidade na comarca, así como o avellentamento comeza a dar signos de instalarse con importante peso nos concellos pequenos como poden ser Moeche ou San Sadurniño.

Neste sentido, ó longo do período analizado é posible observar como a meirande parte das parroquias perden poboación, coa excepción de nove parroquias que gañan un número limitado de habitantes. O avellentamento xoga o seu papel, sobre todo nas pequenas parroquias, cada vez máis despoboadas, nas que se pode percibir un proceso de devalo demográfico e de avellentamento.

Ó mesmo tempo, obsérvase unha dispersión poboacional onde, agás en Ares, Cedeira, Fene e Narón, no resto dos concellos preséntase unha poboación máis espallada en diferentes parroquias, non concentrada no núcleo principal.

Ademais, é preciso incidir no relativo ás vivendas da comarca, atopándose este parque conformado maioritariamente por vivendas de tamaño medio en réxime de propiedade, cun elevado nivel de hipotecas activas a raíz do efecto urbano da realidade de Ferrol ou Narón.

Neste sentido, tamén é preciso apreciar o descenso de vivendas que declaran contar con problemas relacionados coa falta de espazo ou humidades, a pesar de que estes problemas afectan a un 44% dos fogares no 2015. Finalmente tamén é necesario resaltar o asentamento das novas tecnoloxías nos fogares en torno ó aceso dun ordenador e internet, situándose, iso si, 2 puntos por debaixo da provincia da Coruña, ao igual que se mantén lixeiramente superior respecto á media galega.

2. O contexto socioeconómico. Aspectos básicos e evolución.

Tal e como se indicaba con anterioridade, o contexto socioeconómico determina en boa medida as condicións de vida dos habitantes do territorio e, polo tanto, é unha parte fundamental á hora de elaborar unha política de benestar.

Dentro deste apartado, e co obxectivo de contextualizar a situación da cidadanía da comarca, utilizaranse diferentes indicadores relacionados coa evolución da renda, da actividade económica e laboral ou, por exemplo, da cohesión social de tal xeito que se establezan as bases para, de modo complementario coa evolución demográfica xa observada, avanzar nas principais características da sociedade sobre a que deben actuar as medidas do Plan de Acción.

2.1 ECONOMÍA, TRABALLO E ENSINO.

O primeiro achegamento á estrutura produtiva da Comarca realízase a través da análise do Produto Interior Bruto por habitante. Este indicador permítenos medir o resultado da actividade produtiva de tódalas unidades de produción residentes na Comarca de Ferrol por número de habitantes.

A seguinte táboa amosa unha comparativa dos datos de Galicia e da Provincia da Coruña conxuntamente coa Comarca de Ferrol e concellos.

Táboa 8. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia, Comarca de Ferrol e Concellos. 2010 – 2014.

Territorio	2010	2012	2014
Galicia	20.574	19.660	20.077
Provincia da Coruña	21.918	21.462	22.055
Comarca de Ferrol	18.490	17.310	17.336

Concello de Ares	9.104	8.628	8.377
Concello da Cedeira	13.834	13.486	13.923
Concello de Fene	14.738	12.673	14.463
Concello de Ferrol	21.680	20.052	20.356
Concello de Moeche	13.074	12.815	13.280
Concello de Mugarodos	19.416	18.646	17.464
Concello de Narón	17.842	16.254	15.401
Concello de Neda	10.022	9.217	9.287

Territorio	2010	2012	2014
Concello de San Sadurniño	11.650	15.520	14.968
Concello das Somozas	57.138	77.428	78.682
Concello do Valdoviño	11.492	11.155	11.185

Fonte: IGE

O PIB por habitante a nivel comparativo entre Galicia, a provincia e a realidade comarcal, que inclúe as situacións dos diferentes Concellos, amosa unha salientable fenda de renda entre a Comarca e os territorios de referencia. Así, en todo o período o PIB per cápita da Comarca rolda o 79% do dato da provincia e o 86% do dato de Galicia.


A nivel local, é posible diferenciar en tres niveis aos diferentes concellos en función do PIB que presenten. Así, nunha primeira clasificación, están os concellos de Ares e Neda como aqueles co PIB máis baixo da comarca. No primeiro caso cunha diferenza de 11.700€ co PIB galego, o que corresponde ao 42%. No caso de Neda a porcentaxe ascende ao 46%, que supón un PIB municipal de 9.287€.

Nunha segunda clasificación atópanse os concellos que se sitúan entre o 65% e o 87% do PIB galego. Estes concellos, ordenados de menor a maior PIB son Valdoviño (65%), Moeche (66%) e Cedeira (69%), son concellos que non acadan o 70%, o que supón entre 9.000€ menos no primeiro concello e uns 6.000€ menos en Cedeira. A continuación están Fene (72%), San Sadurniño (75%) e Narón (77%) que van aproximando a súa cifra ao dato galego, aínda que a diferenza presente é entre 4.600€ e 5.600€ menos para estes concellos. No caso de Mugarodos, cos seus máis de 17.400€ no referente ao PIB, sitúano como o terceiro concello con máis PIB pese a corresponderlle o 87% do dato galego.

En terceiro lugar, no caso do concello de Ferrol, o PIB que presenta é semellante ó galego, habendo unha diferenza positiva para Ferrol do 1%, o que significan 279€ máis a nivel municipal que galego. A maiores, o concello das Somozas presenta un PIB moi superior ao resto de concellos, así como respecto aos territorios de referencia. Neste senso, As Somozas presenta case 79.000€ de PIB, que corresponde porcentualmente ao 392% do dato galego, é dicir, neste municipio case se cuadriplica o índice xeral galego, para o cal é preciso acudir a elementos explicativos de carácter local relacionados coas empresas radicadas no Concello, así como ó limitado número de habitantes.

Con respecto ó tecido empresarial da Comarca, no ano 2014 na comarca hai 9.698 empresas distribuídas segundo a súa condición xurídica como recolle o seguinte gráfico.

Gráfico 8. Estrutura do tecido empresarial da Comarca de Ferrol por condición xurídica. 2014.



Fonte: IGE

O gráfico amosa que o 63% das empresas da Comarca son persoas físicas, en tanto que o 24% corresponde ás sociedades limitadas. Namentres, as sociedades anónimas e as cooperativas representan cadanseu 1% do total.


Este tecido empresarial céntrase maioritariamente no sector servizos, que ocupa ó 71% do total da actividade empresarial comarcal, en tanto que o sector da construción centra a actividade do 12%, o sector primario (agricultura e pesca) é o 11%, e o sector industrial supón case un 6% da actividade das empresas da comarca. Polo que respecta ó sector maioritario, os servizos, é posible identificar as actividades que teñen un maior peso como son o comercio e a hostalería que suman un total de 2.223 empresas e que superan o 36% do total comarcal.

Neste sentido, o tecido empresarial da comarca está formado maioritariamente por autónomos/as que desenvolven a súa actividade no sector dos servizos de proximidade.

A análise da evolución da afiliación á Seguridade Social permite evidenciar un descenso entre o ano 2011 e o 2014, ano a partir do cal comeza a estabilizar a afiliación. Así, no período analizado obsérvase como no ano 2018 hai un 2,5% menos de persoas afiliadas que no ano 2011. Destas 1.276 persoas menos na Seguridade Social, destaca o descenso na afiliación ao réxime xeral, onde a caída é case do 5%, con ó redor de 1.900 persoas menos inscritas neste réxime respecto ó ano 2011.

No estudo por réximes de afiliación, obsérvase como o réxime de autónomos experimenta un incremento do 2,5%, o réxime especial do mar experimenta aumento nun 9,8%, o que supón pasar das 914 persoas do 2011 ás 1.004 do 2018, en tanto que o réxime de empregados do fogar amosa un incremento do 46% das persoas inscritas dende o ano 2011, pasando das 736 persoas ás 1.074 do 2018.

Gráfico 9. Evolución da afiliación á Seguridade Social por réximes na Comarca de Ferrol. 2011-2018.



Fonte: IGE

Esta tendencia xeral ó leve descenso da afiliación á Seguridade Social é compatible coa diminución do desemprego que, entre o ano 2011 e o mes de maio do 2018 baixa nun 31%, pasando das 14.812 persoas desempregadas a un total de 10.253. Esta baixada dáse tanto no colectivo feminino, cunha diminución do 27% ata chegar ás 6.123 mulleres en situación de desemprego, e nos homes, cunha redución do 36%, habendo na comarca 4.130 homes en situación de desemprego.

A formación, e as infraestruturas e servizos para tal fin, son outro dos obxectos desta diagnose como parte da análise do contexto socioeconómico da comarca de Ferrol.

Neste sentido, a Comarca de Ferrol, no 2017, conta cun total de 71 centros onde se imparten ensinanzas oficiais do réxime xeral² non universitaria, do total de 538 existentes na provincia da Coruña e dos 1.378 actualmente operativos en toda Galicia. Destes 71 centros, 53 son de titularidade pública e 18 son de titularidade privada. Os centros de titularidade privada localízanse nos concellos de Ferrol (12), Narón (4) e Fene e Mugardos cos cadanseu centro privado.

Estes centros son utilizados pola poboación da Comarca para cursar diferentes ensinanzas oficiais, obtendo no ano 2011 a seguinte distribución da poboación en función do seu nivel de estudos.

Táboa 9. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia e Comarca de Ferrol. 2011.

Territorio	Poboación total	Sen estudos	Menores de 16 anos	Primeiro grao	Segundo grao	Estudos superiores
Galicia	2.759.888	11,4%	12,6%	14,9%	47,3%	13,9%
Provincia da Coruña	1.137.555	11,0%	12,7%	14,2%	46,5%	15,5%
Comarca de Ferrol	160.413	9,6%	12,1%	15,0%	50,0%	13,3%

Fonte: IGE

Os datos da táboa manifestan as diferenzas sobre a distribución académica da poboación da comarca respecto aos territorios de referencia. Así, a porcentaxe de persoas sen estudos (ou que foron menos de 5 anos á escola) é punto e medio inferior á dos territorios de referencia. Esta diferenza matízase

² Dentro das ensinanzas de réxime xeral inclúense as seguintes: Ensinanzas Ordinarias (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Ciclos Formativos e Programas de Cualificación Profesional Inicial) e Ensinanzas de Adultos (Nivel I, Nivel II, ESO de adultos, Bacharelato e Ciclos Formativos).

no relativo ás persoas menores de 16 anos que estaban a cursar estudos oficiais, en tanto que se incrementa a favor da comarca en relación ás persoas con primeiro grao de estudos ou estudos primarios (persoas que foron á escola 5 anos ou máis sen completar EXB, ESO ou bacharelato elemental).

Na poboación con niveis máis elevados da estrutura de estudos aparecen certas diferenzas entre a comarca e os territorios de referencia. A comarca presenta 3 puntos de diferenza positivos no relativo ás persoas con estudos secundarios. Respecto ós estudos superiores amósanse unhas cifras de titulados que roldan a cifra galega, se ben comparando a comarca coa provincia, a segunda presenta algo máis de 2 puntos menos de poboación con estudos superiores.

2.2 A COHESIÓN SOCIAL.

Continuando coa análise dos indicadores relevantes dentro das políticas de benestar, as condicións de vida das familias son un aspecto fundamental a analizar no marco do estudo do contexto socioeconómico da comarca de Ferrol como característica da cidadanía ferrolá en termos de cohesión social.

Neste sentido, é necesario deterse no indicador da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020³), cuxa evolución se detalla na seguinte táboa.

Táboa 10. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Galicia, provincia e Área Ferrol-Eume-Ortegal. 2011 – 2016.

Territorio	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Galicia	22,05	23,58	22,83	22,11	22,55	20,33
Provincia da Coruña	21,49	21,49	22,27	19,95	19,13	18,04
Área Ferrol-Eume-Ortegal	23,9	19,77	26,7	19,95	22,27	24,03

Fonte: IGE

Os datos oficiais da Taxa de Risco de Pobreza agrúpanse por áreas que no caso da comarca de Ferrol, como xa se indica anteriormente, forma parte da Área Ferrol-Eume-Ortegal. Neste sentido, a pesar da heteroxeneidade dos territorios que conforman a área, tomarase esta como referencia oficial a efectos da presente análise.

³ Este indicador define a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións: (I) En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo; (II) En carencia material severa; e (III) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Os datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social levan a afirmar que, no 2016, case o 25% da poboación da Comarca (154.802 habitantes para o 2017) se atopa nesta situación. Isto supón que máis de 37.000 persoas entran dentro das características do indicador e que, por exemplo, se atopan en situación de carencia material severa ou que contan cunha renda mensual por baixo do limiar de pobreza, situado no 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, que suporía 638,68€ mensuais para o caso de acollerse á cifra de limiar do risco de pobreza do conxunto de Galicia ou 669,55€ para o caso de acollerse á cifra do limiar do risco de pobreza para a provincia da Coruña do 2016.

A taxa de risco de pobreza aumenta lixeiramente dende o ano 2011, situando a área de Ferrol-Eume-Ortegal como a área con maior risco de pobreza ou exclusión social de toda a provincia.

Polo que respecta ás familias da área, no 2016 o 55% dos fogares declaran que chegan con dificultade a fin de mes, dentro da que se inclúen un 12% que chegan a fin de mes con moita dificultade. Este indicador amosa unha evolución decrecente, que chega ó seu teito no ano 2013 cun 58% de fogares que chegaban a fin de mes con dificultade, seguido do ano 2015 no que esta declaración era realizada polo 57% dos fogares.

Con respecto ás cifras de ingresos fixadas estatisticamente para considerar un fogar dentro da categoría de dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes, para o conxunto de Galicia establécese para o 2016 que a mediana de ingresos ascende a 1.490€ no caso da dificultade e 883€ no caso da moita dificultade. Estas cifras son, para o caso da provincia da Coruña, de 1.575€ e 880€ respectivamente.

Estes datos relaciónanse co nivel de ingresos dos fogares do territorio que para o ano 2016 presenta un promedio fixado en 1.965€ mensuais para os fogares da Área, cifra máis baixa que os 2.007€ de Galicia e os 2.095€ do total da provincia. Ademais, en termos de ingresos por cada persoa que forman parte do fogar, a cifra para a Área, no mesmo 2016, sitúase nos 818€ mensuais, cifra superior á de Galicia (792€) pero inferior á da provincia (834€).

A evolución dos ingresos dos fogares e das persoas recóllese na seguinte táboa:

Táboa 11. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia, provincia e Área de Ferrol-Eume-Ortegal. 2011 – 2016.

Ano	Galicia		Provincia		Área Ferrol-Eume-Ortegal	
	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa
2011	1.908€	745€	1.984€	772€	1.817€	732€
2012	1.906€	734€	1.995€	775€	1.954€	788€
2013	1.910€	744€	1.993€	783€	1.796€	737€
2014	1.915€	749€	2.015€	795€	1.903€	784€
2015	1.930€	759€	2.036€	807€	1.862€	770€
2016	2.007€	792€	2.095€	834€	1.965€	818€

Fonte: IGE

Os datos que recolle a táboa 10 presentan un panorama onde os ingresos medios dos fogares e das persoas son crecentes no período analizado, sobre todo dende o ano 2013. Nesta tendencia a Área amosa unha mellor evolución ca dos territorios de referencia, se ben é preciso indicar que o punto de partida é substancialmente menor tanto en ingresos dos fogares como en ingresos das persoas.

Neste senso, na comparación dos datos, evidénciase como a área presenta 42€ e 130€ menos de ingresos por fogares respecto á Galicia e á Provincia da Coruña, mentres que amosa uns 26€ máis por persoa que en Galicia pero 16€ menos que na Provincia.

Neste sentido, e para seguir conformando a imaxe da capacidade económica da poboación da comarca de Ferrol, os datos oficiais ofrecen a posibilidade de afondar na realidade da renda dispoñible bruta por habitante.

Este indicador, desagregado a nivel municipal e comarcal, obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares; e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes. Polo que é relevante para amosar a situación económica da cidadanía na comarca con respecto ós territorios de referencia.

Táboa 12. Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Ferrol e Concellos. 2010 – 2015.

Territorio	2010	2012	2015
Galicia	13.661 €	13.365 €	13.838 €
Provincia da Coruña	14.488 €	14.247 €	14.751 €
Comarca de Ferrol	13.957 €	13.525 €	13.671 €

Concello de Ares	13.563 €	12.944 €	13.203 €
Concello da Cedeira	12.448 €	12.822 €	12.381 €
Concello de Fene	13.921 €	13.571 €	13.753 €
Concello de Ferrol	14.662 €	14.198 €	14.324 €
Concello de Moeche	11.063 €	11.027 €	10.784 €
Concello de Mugardos	13.297 €	12.699 €	13.043 €
Concellos de Narón	13.369 €	12.763 €	13.121 €
Concello de Neda	14.128 €	13.871 €	14.254 €
Concello de San Sadurniño	12.714 €	12.627 €	12.231 €
Concello das Somozas	12.382 €	11.521 €	12.366 €
Concello de Valdoviño	13.634 €	13.675 €	13.267 €

Fonte: IGE

Os datos oficiais da renda dispoñible por habitante amosan un escenario marcado pola presenza dunha primeira etapa decrecente que se complementa cunha segunda á alza, menos nos concellos de Cedeira e Valdoviño que se produce o efecto inverso. Así, en termos xerais ó longo do período estudado obsérvase unha estabilidade xeral (aínda que cunha lixeira diminución global), polo que

non se superan as cifras máximas de renda acadadas no ano 2010 agás no caso de Neda, onde o incremento respecto ao dato do ano 2010 é de 126€.

En termos territoriais, obsérvase que a renda da Comarca representa en todo o período entre o 96% e o 93% da renda da provincia, e entre o 102% e o 99% da renda de Galicia; de tal xeito que en termos xerais se debe indicar que a cidadanía da Comarca conta na actualidade cun 7% e cun 1% de renda menos con respecto ó promedio provincial e de Galicia respectivamente.

A nivel local é posible establecer unha diferenciación entre os concellos segundo o nivel de renda bruta dispoñible por habitante que presentan. Así, o concello de Moeche é o que conta con menor renda da comarca, cos seus 10.784€ de renda equivale ao 78% da renda galega, é Moeche o único concello da comarca en non superar o 80% do dato galego.

Dez puntos por riba de Moeche están os concellos de San Sadurniño, As Somozas e Cedeira. Estas tres localidades sitúanse entorno ao 89% do dato galego, o que supón arredor dos 12.300€ de renda bruta dispoñible.

Nun terceiro bloque de concellos sitúanse os que superan o 94% e non chegan ao 100% do dato galego. Dentro de esta clasificación están (de menor a maior renda) os concellos de Mugardos, Narón, Ares, Valdoviño e Fene. Estes concellos contan cunha renda de aproximadamente 13.400€.

Por último, tanto o concello de Neda coma o de Ferrol superan a renda presentada a nivel galego, con senllas diferenzas dun 3% e dun 5% destes concellos respecto ao territorio de referencia. Ámbolos dous concellos presentan sobre 14.300€, sendo os que mellor renda presentan en toda a comarca. Con todo, cabe facer constar que, mentres que o concello de Neda experimenta unha suba no segundo tramo que compensou a baixada no primeiro; no caso ferrolán, preséntase unha baixada no primeiro tramo de 464€, mentres que no segundo recupera 126€, deixando un descenso no período analizado (2010-2015) de 338€.

No marco da análise da economía das familias e fogares da comarca é relevante deterse na procedencia dos ingresos cos que contan fogares. Para esta aproximación empréganse ós datos oficiais vixentes que permiten un achegamento territorial á realidade de Galicia e da provincia, e que amosan información sobre as orixes destes ingresos en función do traballo por conta allea, por conta propia, por prestacións ou por rendas e outros ingresos.

Os datos da evolución, do 2011 ó 2016, da estrutura de ingresos dos fogares amósase na seguinte táboa:

Táboa 13. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares, en porcentaxe. Galicia e provincia. 2011 – 2016.

Ano	Traballo por conta allea		Traballo por conta propia		Prestacións		Rendas e outros	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2011	52,93	54,62	10,05	9,5	33,86	32,64	3,15	3,25
2012	50,58	52,78	10,16	9,96	36,31	34,28	2,95	2,99
2013	49,87	51,69	10,48	10,74	36,9	34,81	2,75	2,76

Ano	Traballo por conta allea		Traballo por conta propia		Prestacións		Rendas e outros	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2014	50,43	52,14	9,87	9,75	36,87	35	2,82	3,1
2015	50,84	53,26	9,89	8,87	36,35	34,75	2,92	3,12
2016	50,47	51,99	10,49	10,43	36,02	34,31	3,02	3,27

Fonte: IGE

A evolución da estrutura de ingresos dos fogares que presenta a táboa amosa, ó longo do período, estabilidade nos pesos das diferentes orixes de fondos que conforman os ingresos dos fogares. Así, para o caso de Galicia o traballo por conta allea supón ó redor do 50% dos ingresos dos fogares, en tanto que as prestacións supoñen o 36% e o traballo por conta propia non supera o 10,5%. As porcentaxes e a evolución difiren pouco para o caso da provincia, se ben o peso do traballo por conta allea sitúase ó redor do 52% e as prestacións no 34%, en tanto que o traballo por conta propia tampouco supera o 10,5% xa observado para o conxunto de Galicia.

Seguidamente, e para continuar coa análise da renda dispoñible, hai que facer mención ó peso que teñen as prestacións sociais sobre o total da renda das persoas a nivel municipal e a súa evolución dende o ano 2010 ata o 2015.

Táboa 14 Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca de Ferrol e Concellos. 2010 – 2015⁴.

Territorio	2010	2012	2015
Galicia	29%	32%	32%
Provincia da Coruña	28%	31%	31%
Comarca de Ferrol	35%	38%	38%

Concello de Ares	34%	37%	36%
Concello de Cedeira	33%	34%	37%
Concello de Fene	37%	41%	41%
Concello de Ferrol	36%	39%	40%
Concello de Moeche	39%	41%	43%
Concello de Mugardos	38%	42%	42%
Concello de Narón	29%	33%	32%
Concello de Neda	36%	38%	39%
Concello de San Sadurniño	38%	40%	40%
Concello das Somozas	34%	41%	39%
Concello de Valdoviño	33%	36%	39%

Fonte: IGE

⁴ Esta análise constrúese sobre os datos oficiais procedentes do IGE relacionados coa conta de distribución secundaria da renda, que amosa como se asigna o saldo das rendas primarias dos fogares por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., as cotizacións e prestacións sociais en efectivo e as outras transferencias correntes. Nesta conta rexístranse as operacións que para os fogares residentes, constitúen unha redistribución da renda en efectivo, tanto en recursos (prestacións sociais, indemnizacións de seguros non vida, ...) coma en empregos (impostos correntes, cotizacións sociais, primas netas de seguro...). O saldo da conta é a renda dispoñible, que reflicte as operacións correntes e que exclúe, explicitamente, as transferencias de capital, as ganancias e perdas de posesión reais e as consecuencias de sucesos como as catástrofes naturais. Ademais, dentro das prestacións sociais inclúense as prestacións da seguridade social en efectivo, as prestacións doutros sistemas de seguros sociais e as prestacións da asistencia social en efectivo.

Os datos evidencian que o peso das prestacións sobre a renda na comarca de Ferrol é superior que nos territorios de referencia. Esta diferenza de 6 e 7 puntos respectivamente, conxuntamente coa evolución á alza (que se estabiliza no tramo 2012-2015) abre unha fenda entre a comarca e os territorios de referencia.

Con todo, é necesario deterse nas realidades locais. Neste sentido, e nunha comarca numerosa en concellos como é a de Ferrol, é inevitable establecer agrupacións de concellos que presentan situacións e dinámicas parellas. Así, en primeiro lugar están os concellos cun peso das prestacións inferior ó 40% sobre a renda inferior. Neste bloque están os concellos de Narón (32%), Ares (cun 36%, tras rebaixar nun punto o dato do 2012); Cedeira e Neda (cun 37% no primeiro caso e un 39% no segundo) que presentan unha evolución á alza. Tamén se clasifican neste grupo os concellos das Somozas (que tras superar 40% no 2012 consegue rebaixar ao 39%) e de Valdoviño, que experimenta unha suba de 6 puntos no período analizado ata o 39%.

Nun segundo bloque, sitúanse os concellos que superan o 40%. Así, o concello de Ferrol, tras incrementos continuados, no 2015 sitúa o peso das prestacións nesta cifra. De igual xeito, o concello de San Sadurniño estabilízase neste dato do 40% tras acadalo xa no ano 2012. Con maior peso das prestacións sobre a renda están os concellos de Fene (41% dende o ano 2012), Mugar dos (cun 42% estabilizado dende o ano 2012) e o concello de Moeche, que é o que ten un maior nivel de prestacións nas rendas, cun 43% e cunha evolución á alza de dous puntos por tramo do período analizado.

Dentro desta análise, tamén é preciso realizar un achegamento ás cantidades ingresadas atendendo á fonte do ingreso do fogar. Así, como foi observado na táboa 11, na actualidade o ingreso promedio dos fogares rolda os 2.000€ para Galicia, a provincia e a Área da Ferrol-Eume-Ortega, pero estas cifras poden ser desagregadas atendendo a se o ingreso procede do traballo ou das prestacións como principal fonte. Neste sentido, e co obxectivo de afondar na realidade, tomase a mediana de ingresos⁵ como indicador.

Táboa 15. Evolución da mediana de ingresos do fogar atendendo á súa fonte principal. Galicia e provincia. 2011 – 2016.

Ano	Ingresos do traballo		Ingresos por prestacións	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2011	2.033	2.100	1.212	1.276
2012	2.080	2.143	1.243	1.283
2013	2.057	2.073	1.265	1.334
2014	2.100	2.164	1.282	1.329
2015	2.100	2.190	1.293	1.342
2016	2.150	2.199	1.365	1.400

Fonte: IGE

⁵ A mediana dos ingresos é o valor que, ordenando todos os fogares de menor a maior ingreso, deixa unha metade deles por debaixo do dito valor e a outra metade por enriba.

A táboa 15 amosa a mediana das contías percibidas polos fogares en función da súa principal fonte de ingresos. Así, e dentro dun contexto xeral de incremento limitado das cantidades, obsérvase que aqueles fogares cuxo ingreso principal procede de prestacións contan cunha cifra que rolda o 60% dos ingresos dos fogares cuxo ingreso principal procede do traballo. Ademais, tamén é posible observar unha limitada diferenza tanto en ingresos do traballo como en ingresos procedentes de prestacións favorable á provincia da Coruña.

En relación ós ingresos procedentes do traballo, hai que indicar que estes proceden maioritariamente dos salarios ou do traballo por conta allea, como se puido observar na táboa 13. Así, para o ano 2014 o salario bruto anual promedio en Galicia ascendía a 20.195€, sendo preciso diferenciar entre as persoas contratadas con duración indefinida, cuxo salario promedio era de 21.591,5€ e das persoas con contratos de duración determinada, cuxo salario promedio era de 15.229,3€. Esta contía promedio supón un ingreso mensual en termos de salario bruto de 1.552,5€ e, en termos netos, de 1.227,4€.

Con todo, é preciso indicar que para o ano 2014 estímase que un 11,2% dos salarios en Galicia considéranse dentro da categoría de salarios baixos, considerando salario baixo a aquelas persoas que gañan 2/3 ou menos da mediana das ganancias brutas por hora na rexión/país de referencia. Esta cifra é do 11% para a provincia da Coruña.

Outro dato que serve para acabar de conformar a imaxe dos ingresos cos que contan as familias da comarca é o dos fogares onde as prestacións representan máis do 50% do total dos ingresos.

Neste sentido, as cifras oficiais de Galicia e da provincia para o período 2011 – 2016 amosan un abano de fogares do 42% - 44% que integran este grupo, en tanto que na provincia este abano sitúase no 40% - 42%. Con todo, salienta o número de fogares nos que o ingreso por prestacións supón o total dos ingresos, que para o 2016 se sitúa en Galicia no 31% e na provincia no 28% do total.

Con respecto á realidade da Área de Ferrol-Eume-Ortegal, para o ano 2016 a porcentaxe de fogares nas que os ingresos de prestacións superan o 50% do total é do 46%, en tanto que aqueles fogares nos que o único ingreso procede de prestacións é do 32%. Estas cifras amosan estabilidade dende o ano 2011.

Dentro destas prestacións teñen especial importancia as relacionadas coas pensións de carácter contributivo que, no ano 2017, as percibían 36.066 persoas na Comarca de Ferrol e tiñan un importe medio de 1.069,27€. Este importe medio evoluciona á alza dende os 953,44€ do ano 2011, atopándose por enriba dos 896,24€ do promedio galego ou dos 927,97€ do promedio das pensións contributivas da provincia no ano 2017.

2.3 OS GASTOS DOS FOGARES.

A aproximación á realidade das vivendas no territorio realizado na análise demográfica, complétase no actual apartado co estudo dos principais gastos dos fogares e a súa incidencia sobre os hábitos de vida da poboación o cal, vencellado cos datos expostos sobre a renda e os ingresos analizados no anterior apartado, contribuirá a continuar contextualizando as políticas de benestar.

Os datos sobre propiedade e hipotecas analizados na parte demográfica teñen aquí a súa actualización para o ano 2016 por áreas. a área de Ferrol-Eume-Ortega presenta un contexto onde un 17,6% do total de fogares teñen hipotecas activas. Esta cifra é menor en comparación tanto con Galicia como co dato provincial, que amosan un 18,7% e un 20,3% respectivamente. Con todo, esta área é a terceira que presenta maior incidencia de hipotecas activas tralas da Coruña e Santiago, onde nestes ámbitos urbanos a incidencia é superior que nas áreas máis ruralizadas.

Con respecto ó gasto que supón unha hipoteca activa, os datos oficiais amosan as cifras de custo medio para Galicia e para a provincia da Coruña, ofrecendo tamén a posibilidade de estudar o custo medio para os diferentes tipos de concellos segundo a súa poboación.

A evolución, dende o ano 2011 ata o 2018, dos gastos hipotecarios nos concellos segundo o número de habitantes reflíctese no gráfico seguinte:

Gráfico 10. Evolución do custo mensual das hipotecas activas. Galicia, provincia e Concellos galegos por habitantes. 2011-2018.



Fonte: IGE

O gráfico mostra a evolución do custo mensual das hipotecas activas en función do tamaño do Concello. Nos concellos de menos de 10.000 habitantes (Ares, Cedeira, Moeche, Mugardos, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño) o gasto medio mensual é duns 355€ mensuais. A evolución é descendente tralo punto de inflexión do ano 2012, onde se chega a un gasto por riba dos 437€. Nese ano o nivel de gasto dos concellos de menos de 10.000 habitantes acadaba o nivel galego. Para o ano 2016 hai unha fenda de 50€ entre os territorios de referencia e o dato referido ós concellos menores de 10.000 habitantes.

O concello de Fene enmárcase dentro dos concellos con máis de 10.000 habitantes e menos de 20.000. Son esta categoría de municipios os que presentan un maior gasto para o ano 2016,

asentándose nos 420€ de gasto mensual da hipoteca. A súa evolución, tras tocar chan no ano 2013 con 370€, presenta un ascenso para o ano 2014 de 20€, mentres que descende no 2015 e repunta para este ano 2016.

Dentro dos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes no que se atopa o concello de Narón, o gasto mensual sitúase nos 366€. A súa evolución presenta un gasto á baixa coa excepción do punto de inflexión que se presenta no ano 2014, onde se acadaba un gasto de 406€.

O caso do concello de Ferrol enmárcase nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde o gasto medio mensual en hipotecas é no ano 2016 de 414€. Dende o ano 2011 que se presentaba un gasto duns 457€, a cifra vai decrecendo ata chegar aos 407€ no ano 2015. Neste último tramo é onde experimenta un crecemento do gasto.

Outro dos elementos que é posible ter en conta á hora de estudar as condicións socioeconómicas da poboación é o relacionado co aforro que os fogares declaran afrontar en alimentos e reparacións⁶. Así, se ben a porcentaxe de fogares que declara este tipo de aforro en Galicia e na provincia é do 44% e do 42,7% para o ano 2016, na Área de Ferrol-Eume-Ortegal esta porcentaxe descende ata o 31,49%, situándose como a segunda área con menor incidencia trala da Coruña.

Ademais, á hora de cuantificar este aforro, os datos oficiais amosan que, en tanto en termos xerais os fogares que aforran en Galicia e na provincia declaran uns aforros promedio de 67€ e 72€ mensuais respectivamente, os fogares da Área de Ferrol-Eume-Ortegal reducen esta cifra ata os 57,4€ mensuais para o ano 2016.

2.4 SÍNTESE DO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO NA COMARCA.

A breve análise socioeconómica da comarca de Ferrol realizada neste punto, mostra, a nivel xeral, unha comarca cun PIB por habitante un 14% menor do que presenta Galicia. Neste punto é necesario matizar as diferencias internas que evidencian unha fenda fundamentalmente en comparación co concello das Somozas que cuadruplica o dato galego. Isto, relacionado cun contexto no que a renda comarcal se sitúa nos estándares provinciais e galegos, complementase cunha perspectiva municipal onde a relación PIB - renda dispoñible bruta presenta no caso das Somozas unha diferenza que fai imposible relacionar o elevado PIB do municipio con altas rendas na súa poboación. Neste senso, só os concellos de Neda e Ferrol son quen de superar a media da renda galega, sendo esta diferenza de pouco máis de 450€.

Polo que respecta ós ingresos dos fogares, evidenciábase un maior peso das prestacións sobre as rendas que nos territorios de referencia. Isto denota (sobre todo nos concellos de Mugardos e

⁶ O aforro en alimentos defínese como o aforro que tivo lugar ó ser o propio fogar o que os produce u ben llos regalou algún familiar ou amigo e, polo tanto, lle evitou ao fogar a súa compra. Con respecto ó aforro en reparacións, refírese a que algún membro do fogar, familiar ou amigo realizou tarefas tales como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles... que supuxeron para o fogar un aforro de máis de 500 euros. Definicións obtidas do IGE.

Moeche) que os ingresos familiares proceden, cada vez máis, das prestacións sociais. Conxuntamente, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social rolda o cuarto da poboación, é dicir, máis de 37.000 persoas dentro da comarca sitúase nesta situación. Cabe recordar que, no 2016, a área de Ferrol-Eume-Ortegal é a que ten maior risco de pobreza ou exclusión social de toda a provincia.

En canto á distribución empresarial ferrolá, a base da actividade económica xira entorno ao sector servizos, sobre todo encadradas baixo a forma xurídica da persoa física (autónomos). Con todo, cabe resaltar as actividades profesionais, científicas e técnicas que concentran o 9% de toda actividade comarcal.

O mercado laboral, relacionado cos datos de afiliación á Seguridade Social, amosa un descenso do 2,5%, procedente da baixada do 5% nas afiliacións ó réxime xeral, pola contra o réxime de autónomos experimenta un incremento ao igual que as persoas inscritas no réxime especial do fogar. Con todo, o desemprego descende, existido unha fenda de case dez puntos diferenciando por sexos; dando por resultado que o desemprego masculino reducíuse nun 36% e o feminino nun 27%.

3. Os servizos sociais. Situación e evolución.

As administracións locais, atendendo á normativa vixente, teñen un rol fundamental dentro do conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos que son as políticas de benestar, destinadas estas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.

Neste sentido, dentro do conxunto de servizos integrados dentro do sistema público de servizos sociais, é responsabilidade das administracións locais a xestión dos servizos sociais comunitarios, entendidos como o acceso normalizado ós servizos sociais e primeiro nivel de intervención (Art. 9.1 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia), sendo, por tanto, a súa función principal a atención ós cidadáns no achegamento e acceso ó sistema de servizos sociais.

A continuación serán analizadas diferentes variables relacionadas tanto coa existencia e localización de entidades (públicas, privadas e sociais) que traballan en materia de benestar na comarca, como coa súa actividade. Así, dentro deste apartado, estudaranse aspectos como os equipamentos e a súa evolución ó longo do tempo, o financiamento das entidades públicas e os seus equipos de traballo, ou os programas máis salientables que estas desenvolven, facendo especial fincapé naqueles servizos locais de elevada capilaridade territorial e de salientable impacto en termos de emprego e de atención ás persoas usuarias, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

3.1 AS ENTIDADES E OS EQUIPAMENTOS DE BENESTAR NA COMARCA.

O conxunto de servizos e prestacións que conforman o sistema de servizos sociais necesita contar coas infraestruturas e equipamentos suficientes que permitan unha axeitada prestación dos mesmos, así como un desenvolvemento que responda tanto á realidade da poboación como ás necesidades da cidadanía de cada territorio.

Neste sentido, e como primeiro paso, é necesario coñecer a rede de actores, tanto de titularidade pública como privada, que integran na comarca de Ferrol o sistema de servizos sociais, así como identificar e ter unha imaxe clara dos centros e equipamentos que, no eido do benestar social, actúan e traballan na comarca.

A)As Entidades de Servizos Sociais⁷.

As entidades que prestan servizos no eido dos servizos sociais na comarca de Ferrol son un total de 111, das cales 11 son públicas, 53 son iniciativas de carácter social e 47 son de privadas.

Entidades públicas:

- 1 Concello de Ares.
- 2 Concello de As Somozas.
- 3 Concello de Cedeira
- 4 Concello de Fene.
- 5 Concello de Ferrol.
- 6 Concello de Moeche.
- 7 Concello de Mugardos.
- 8 Concello de Narón.
- 9 Concello de Neda.
- 10 Concello de San Sadurniño.
- 11 Concello de Valdoviño.

Entidades de iniciativa social:

- 12 Asociación de Discapaciados sobre rodas – Cedeira.
- 13 Asociación Padres y Amigos de Deficientes mentales de la Escuela de Regoa – Cedeira.
- 14 Colexio Jorge Juan de Perlío, S. Coop. Galega – Fene.
- 15 Asociación de Veciños de Montefaro (Gardería infantil) – Mugardos.
- 16 Asociación de Acción Social, Educación Permanente y de Servicios a la Juventud y a la Mujer Tempus – Narón.
- 17 Asociación de Diabéticos de Ferrolterra – Narón.
- 18 Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía (ASPANEMI) – Narón.
- 19 Asociación Galega de Dislexia (AGADIX) – Narón.
- 20 Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares – Narón.
- 21 Asociación Nuestra Señora de Chamorro – Narón.
- 22 Asociación Vida Activa – Narón.
- 23 Club de Xubilados e Pensionistas Santa Cecilia – Narón.
- 24 Congregación Hermanitas de los Ancianos Desamparados – Narón.
- 25 Difama S. Coop. Galega – Narón.
- 26 Federación Galega de Asociaciones de Diabéticos – Narón.
- 27 Fundación Fuertes – Narón.
- 28 Fundación Terra de Trasancos – Narón.
- 29 Asociación de Escolas Infantís de Ferrolterra – Ferrol.
- 30 ABC S. Coop. Galega – Ferrol.
- 31 Acción Familiar Ferrol (AFA Ferrol) – Ferrol.

⁷ Neste apartado recóllense as entidades que están rexistradas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na comarca de Ferrol, ata o 30/06/2018.

- 32 Asociación Educativa Aloha – Ferrol.
- 33 Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias – AFAL Ferrolterra – Ferrol.
- 34 Asociación de Fibromialxia e Fatiga Crónica do Noroeste – Ferrol.
- 35 Asociación de Loita contra os Malos Tratos – ALMAT –Ferrol.
- 36 Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psico-sociais – Ferrol.
- 37 Asociación de persoas xordas de Ferrol – Ferrol.
- 38 Asociación Dignidad Galicia –Ferrol.
- 39 Asociación Evanxélica AMIEL – Ferrol.
- 40 Asociación ex – alcohólicos de Ferrolterra – Ferrol.
- 41 Asociación ferrolá de dogodependencias –ASFEDRO – Ferrol.
- 42 Asociación Galega contra o Maltrato de Menores – AGAMME.
- 43 Asociación Lazos pro Solidariedade – Comité Antisida de Ferrol – Ferrol.
- 44 Asociación migratoria de residentes en Ferrolterra – Ferrol.
- 45 Asociación Parkinson Ferrol – Ferrol.
- 46 Asociación padroado Concepción Arenal – Ferrol.
- 47 Asociación Porta Nova para Familiares e Amigos Enfermos psíquicos da Área de Saúde de Ferrol – Ferrol.
- 48 Asociación Punto Encuentro A Carón – Ferrol.
- 49 Asociación Síndrome de Down – Teima – Ferrol.
- 50 Asociación Sociocultural ASCM – Ferrol.
- 51 Asociación Veciñal El Pilar do Barrio de Recimil – Ferrol.
- 52 Avoaescola S. Coop. Galega – Ferrol.
- 53 Caritas Diocesana de Mondoñedo – Ferrol.
- 54 Colexio Ludy S. Coop. Galega – Ferrol.
- 55 Cociña Económica da Cidade de Ferrol – Ferrol.
- 56 Colexio La Salle Ferrol, Irmáns Esolas Cristiás – Ferrol.
- 57 Dios y Pan - Ferrol.
- 58 Escola Infantil Chip e Chop S. Coop. Galega – Ferrol.
- 59 Grupo Diversidade Funciona Ferrol e Comarcas – Ferrol.
- 60 Fundación Parque Científico – Tecnolóxico Río do Pozo – Ferrol.
- 61 Fundación Santo Hospital de Caridade – Ferrol.
- 62 Gardería San Rosendo S. Coop. Galega – Ferrol.
- 63 Hermanas Obleatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) – Ferrol.
- 64 Os Meniños, S. Coop. Galega – Ferrol.

Entidades de iniciativa privada:


- 65 B.C.G.F – Cedeira.
- 66 Fogar Vila de Cedeira – Cedeira.
- 67 Residencial Cedeira – Cedeira.

- 68 V.L.R – Cedeira.
- 69 Aras Multiservicios – Fene.
- 70 B.M.P.V – Fene.
- 71 Escola infantil Barallobre – Fene.
- 72 J.R.V.V – Fene.
- 73 Miniresidencia Resanes S.L – Fene.
- 74 Residencia de Maiores O Casón S. L – Moeche.
- 75 J.R.V – Mugar dos.
- 76 Alecrín Psicopedagogía e Logopedia S.L – Narón.
- 77 C.A.R.S – Narón.
- 78 Colexio Santiago Apostol S.L – Narón.
- 79 EDAI Narón S.L – Narón.
- 80 E.M.G.T – Narón.
- 81 Escola Infantil EDAI S. Coop. Galega – Narón.
- 82 M.V.F – Narón.
- 83 O Lar de Baucís – Narón.
- 84 Servizos Deportivos Galicia – Narón.
- 85 M.M.L.V – San Sadurniño.
- 86 A.M.A.F – Valdoviño.
- 87 B.V.L – Valdoviño.
- 88 Geriátrica S.L – Valdoviño.
- 89 O Noso Acougo S.L –Valdoviño.
- 90 A.T.I – Ferrol.
- 91 Amanececonmigo S.R.L – Ferrol.
- 92 A.LI.R – Ferrol.
- 93 A.N.P – Ferrol.
- 94 Autoridade Portuaria Ferrol – San Cibrao – Ferrol.
- 95 C.C.F.S – Ferrol.
- 96 Cooperativa Belén – Ferrol.
- 97 El Paraguas Azul S.L – Ferrol.
- 98 E.M.G.L – Ferrol.
- 99 F.J.C.P – Ferrol.
- 100 La Guagua Servizos Socioculturales S.L – Ferrol.
- 101 Mª I.S.L – Ferrol.
- 102 M. B.C.C – Ferrol.
- 103 M.M.F.A – Ferrol.
- 104 O Bo Lecer S.L.U – Ferrol.
- 105 R.J.Mª D.F – Ferrol.
- 106 R.P.R.M – Ferrol.
- 107 Self Employment Limanfer S.L – Ferrol.
- 108 Serma Dependencia S.L – Ferrol.
- 109 Servizos Integrales Grupomar S.L – Ferrol.

110TEAVI Cuidado Asistencial Integral a Domicilio S.L – Ferrol.

111TEDAGA S.L – Ferrol.

Imaxe 2. Distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da comarca de Ferrol



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

A distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da comarca que presenta o mapa amosa como estas se centran, sobre todo, no Concello de Ferrol, con 59, a pesar de que tamén se atopa unha importante presenza en Narón, con 23. Nos Concellos de carácter rural salientan as entidades públicas e unha limitada presenza de entidades privadas e de carácter social.

As áreas estratéxicas de actuación nas que se clasifican as entidades da comarca de Ferrol ó abeiro do disposto no artigo 12.2 do Decreto 254/2011⁸ e recollidas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, indican que as entidades sociais da comarca teñen como principal ámbito de actuación as persoas con discapacidade, a pesar de que tamén as hai que traballan coas persoas maiores e os/as menores. Polo que respecta ás entidades públicas, que son as propias administracións locais, o seu ámbito de actuación abarca tódalas áreas estratéxicas ó ser a porta de entrada os servizos sociais.

B) Os Centros de Servizos Sociais⁹.

Na comarca de Ferrol hai un total de 92 centros de servizos sociais, sendo 38 de titularidade pública, 34 de iniciativa social e 20 de iniciativa privada.

Centos públicos:

- 1 Centro de día para persoas maiores de Ares –Ares.
- 2 Escola Infantil de Ares – Ares.
- 3 Escola Infantil de Cedeira – Cedeira.
- 4 Centro Sociocomunitario de Fene – Fene.
- 5 Escola Infantil da Torre de Fene – Fene.

⁸ Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia (DOG nº 14, do 20 de xaneiro de 2012).

⁹ Neste apartado recóllense os centros que están rexistrados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na comarca de Ferrol ata o 30/06/2018.

- 6 Escola Infantil Fene – Barallobre – Fene.
- 7 Escola Infantil 0-3 Municipal As Lagoas de Mugardos – Mugardos.
- 8 Centro Comunitario Integrado Casas da Mariña – Narón.
- 9 Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros - Narón
- 10 Centro de día para persoas maiores de Narón – Narón.
- 11 Escola Infantil Narón – Xuvia – Narón.
- 12 Escola Infantil Municipal de Narón A Gándara – Narón.
- 13 Escola Infantil Municipal de Narón A Solaina – Narón.
- 14 Escola Infantil Municipal de Narón Piñeiros – Narón.
- 15 Ludoteca Municipal da Solaina de Narón – Narón.
- 16 Centro de día de San Sadurniño – San Sadurniño.
- 17 Escola Infantil Municipal A Rolada – San Sadurniño.
- 18 Punto de Atención á Infancia de Valdoviño – Valdoviño.
- 19 Centro de día de Alzheimer de Ferrol – Ferrol.
- 20 Centro de día de Atención ás Persoas con Discapacidade Souto de Leixa – Ferrol.
- 21 Centro de día de Ferrol – Ferrol.
- 22 Centro de día para persoas maiores de Ferrol Caranza – Ferrol.
- 23 Centro de día para persoas maiores de Ferrol Esteiro – Ferrol.
- 24 Centro de día de adaptación e recuperación de discapacitados físicos – Ferrol.
- 25 Centro Ocupacional Souto de Leixa – Ferrol.
- 26 Centro Sociocomunitario de Benestar de Caranza - Ferrol.
- 27 Centro Sociocomunitario de Benestar de Ferrol – Ferrol.
- 28 Centro Residencial de atención a discapacitados físicos de Ferrol – Ferrol.
- 29 Complexo de Atención a Menores de Ferrol (Centro de Menores Ferrol I) – Ferrol.
- 30 Escola Infantil Catabois – Ferrol.
- 31 Escola Infantil de Caranza – Ferrol.
- 32 Escola Infantil de Ferrol Esteiro – Ferrol.
- 33 Escola Infantil Grumete – Ferrol.
- 34 Escola Infantil Virxe de Chamorro – Ferrol.
- 35 Punto de Encontro Familiar de Ferrol – Ferrol.
- 36 Residencia Asistencial Souto de Leixa – Ferrol.
- 37 Residencia de Maiores de Caranza – Ferrol.
- 38 Residencia de Persoas Discapacitadas Adultas Souto de Leixa – Ferrol.

Centos de iniciativa social:

- 39 Centro Ocupacional APADER – Cedeira.
- 40 Residencia de Adultos APADER – Cedeira.
- 41 Vivenda Tutelada A Paz – Cedeira.
- 42 Vivenda Tutelada APADER – Cedeira.
- 43 Centro Ocupacional ASPANEPS – Fene.

- 44 Colexio Jorge Juan, Perlío - Fene
- 45 Centro Asistencial Nosa Señora do Chamorro – Narón.
- 46 Centro de Acollida de Transición á Vida Autónoma Illa de Cortegada – Narón.
- 47 Centro de Acollida de Transición Á vida Autónoma Illa de Sálvora – Narón.
- 48 Centro de Acollida de Transición Á vida Autónoma Illa de Tambo I – Narón.
- 49 Centro de Acollida de Transición Á vida Autónoma Illa de Tambo II – Narón.
- 50 Centro Ocupacional Nosa Señora de Chamorro – Narón.
- 51 Centro Ocupacional Porta Nova – Narón.
- 52 Escola Infantil EDAI, Río do Pozo – Narón.
- 53 Escola Infantil Fany – Narón.
- 54 Fogar da Terceira Idade Terra de Trasancos – Narón.
- 55 Residencia San José – Narón.
- 56 Casa de Familia Dignidade Cidade Xardín – Ferrol.
- 57 Centro de Acollida Básica Padroado Concepción Arenal – Ferrol.
- 58 Centro de día AFAL Ferrolterra – Ferrol.
- 59 Centro de día Coral Seoane – Ferrol.
- 60 Centro de día de Inclusión Social Gabriel Vázquez Seijas – Ferrol.
- 61 Centro de día Oblatas – Ferrol.
- 62 Cociña Económica de Ferrol – Ferrol.
- 63 Escola Infantil ABC – Ferrol.
- 64 Escola Infantil Chip – Chop – Ferrol.
- 65 Escola Infantil La Salle – Ferrol.
- 66 Escola Infantil Ludy – Ferrol.
- 67 Escola Infantil Os Meniños – Ferrol.
- 68 Escola Infantil San Rosendo – Ferrol.
- 69 Refuxio Pardo de Atín – Ferrol.
- 70 Residencia de gravemente afectados Coral Seoane – Ferrol.
- 71 Residencia Mi Casa – Ferrol.
- 72 Xardín de Infancia Aloha – Ferrol.

Centos de iniciativa privada:

- 73 Vivenda Comunitaria O Teu Lar – Cedeira.
- 74 Escola Infantil As Medras – Fene.
- 75 Residencia Santo Estevo de Perlío – Fene.
- 76 Residencia O Casón – Moeche.
- 77 Centro de día DOMUSVI – Narón.
- 78 Centro de día para persoas maiores O Lar de Baucís - Narón.
- 79 Colexio Santiago Apostol – Narón.
- 80 Escola Infantil EDAI – Narón.

- 81 Escola Infantil EDAI O Alto – Narón.
- 82 Residencia DOMUSVI – Narón.
- 83 Residencia Súa Casa – San Sadurniño.
- 84 Vivenda Comunitaria Entrelimoeiros – As Somozas.
- 85 Vivenda Comunitaria O Noso Acougo – Valdoviño.
- 86 Centro de día Domusvi – Ferrol.
- 87 Centro de día para persoas maiores Xuncos – Ferrol.
- 88 Escola Infantil Belén – Ferrol.
- 89 Escola Infantil Cativos de Ferrol – Ferrol.
- 90 Escola Infantil Os Pequerrechos – Ferrol.
- 91 Espazo Infantil Imagine – Ferrol.
- 92 Residencia Domusvi – Ferrol.

Imaxe 3. Distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da comarca de Ferrol



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

O Concello que conta cun número maior de centros de servizos sociais é Ferrol que, conxuntamente con Narón, asumen boa parte dos equipamentos da Comarca. Con todo, é preciso mencionar que en tódolos Concellos se localizan equipamentos.

Táboa 16. Distribución dos centros de servizos sociais da comarca de Ferrol segundo o seu ámbito de actuación.

Ámbito de actuación	Centros		
	Titularidade pública	Titularidade privada	
		Iniciativa social	Iniciativa privada
Dependencia	6	2	10
Discapacidade	6	10	
Familia	1		
Inclusión		9	
Infancia	17	10	8
Maiores	6	3	2
Menores	2		

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Como se pode comprobar, a maior parte dos centros teñen como obxecto de traballo a atención á infancia, en tanto que tamén salientan os relacionados coa dependencia, coa discapacidade e coas

persoas maiores. Ademais, é preciso salientar que tanto no relacionado coa discapacidade como coa inclusión, o liderado dos equipamentos recae na iniciativa social.

O tipo de centros presentes na comarca de Ferrol, en base ós ámbitos de actuación anteriormente citados, recóllense nas seguintes táboas onde se pode diferenciar, por unha banda a oferta de equipamentos existentes na Comarca sen incluír ó Concello de Ferrol e, por outra, esta mesma oferta de xeito individual para o Concello de Ferrol:

Táboa 17. Número dos centros de servizos sociais da comarca de Ferrol (excluíndo o Concello de Ferrol), segundo a súa tipoloxía, titularidade, concello no que se localiza e número de prazas totais autorizadas.

Tipo de centros	Ámbito de actuación	Número	Titularidade	Concello	Total prazas autorizadas
Centro de acollida básica	Inclusión	4	Social	Narón	4
					4
					4
					3
Centro de día	Dependencia	4	Pública	Ares	40
				Narón	40
				San Sadurniño	40
	Discapacidade	2	Privada	Narón	30
					40
	1	Social		40	
Centro social	Maiores	2	Pública	Fene	-
				Narón	-
Centro ocupacional	Discapacidade	4	Social	Cedeira	36
				Fene	20
				Narón	120
					20
Escola infantil	Infancia	10	Pública	Ares	56
				Cedeira	58
				Fene	61
					41
				Mugardos	41
				Narón	82
					82
					82
					82
				San Sadurniño	38
	3	Social	3	Fene	33
				Narón	61
					41
				4	Privado
Narón	20				
	41				
	87				
Fogares e clubs	Maiores	1	Pública	Narón	-

Tipo de centros	Ámbito de actuación	Número	Titularidade	Concello	Total prazas autorizadas
		1	Social	Narón	-
Ludoteca	Infancia	1	Pública	Narón	40
Punto de atención á infancia	Infancia	1	Pública	Valdoviño	20
Residencia	Dependencia	1	Social	Narón	151
		4	Privada	Fene	47
				Moeche	32
				Narón	157
	San Sadurniño	24			
Discapacidade	1	Social	Cedeira	15	
Vivenda/ piso tutelado	Dependencia	1	Privada	As Somozas	12
	Discapacidade	2	Social	Cedeira	4
				Cedeira	4
	Maiores	2	Privada	Cedeira	12
Valdoviño				12	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Táboa 18. Número dos centros de servizos sociais do Concello de Ferrol segundo a súa tipoloxía, titularidade, concello no que se localiza e número de prazas totais autorizadas.

Tipo de centros	Ámbito de actuación	Número	Titularidade	Total prazas autorizadas
Albergue	Inclusión	1	Social	42
Centro de acollida básica	Inclusión	1	Social	10
Centro de día	Dependencia	3	Pública	40
				80
		30		
	1	Social	34	
			60	
	2	Privada	36	
			72	
	Discapacidade	2	Pública	120
				40
1	Social	50		
		24		
Inclusión	2	Social	75	
Centro social	Maiores	2	Pública	-
				-
Centro ocupacional	Discapacidade	1	Pública	100
Comedor social	Inclusión	1	Social	139
Escola infantil	Infancia	5	Pública	82
				41
				82
				82
	53			
7	Social	61		

Tipo de centros	Ámbito de actuación	Número	Titularidade	Total prazas autorizadas
				55
				51
				31
				30
				61
				30
		3	Privada	30
				82
				94
Espazo Infantil	Infancia	1	Privada	32
Punto de encontro familiar	Familia	1	Pública	-
Residencia	Dependencia	1	Privada	151
	Discapacidade	2	Pública	25
				68
	Maiores	1	Social	30
		1	Pública	191
	Menores	1	Social	125
		1	Pública	49
			1	Social

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Como se pode comprobar e como se menciona con anterioridade, a maior parte dos equipamentos da Comarca sitúanse nos Concellos de Narón e, sobre todo, de Ferrol, que conxuntamente supoñen case o 75% dos equipamentos. Con todo, é preciso recoñecer a existencia de equipamentos en tódolos Concellos, incluídos os de menor tamaño como poden ser As Somozas ou Moeche que, nestes casos, se centran na atención ás persoas dependentes e son de titularidade privada.

Para a atención á dependencia a Comarca conta con 18 centros e un total de 1.056 prazas. Así, na Comarca para a atención á dependencia non residencial hai 11 centros de día e un total de 470 prazas autorizadas. Destes 11 centros 6 están localizados en Ferrol e teñen autorizadas un total de 280 prazas. A atención residencial préstase tanto nas 6 residencias que dispoñen de 562 prazas autorizadas, como na vivenda comunitaria do Concello de Cedeira que dispón de 12 prazas autorizadas.

As persoas maiores da Comarca de Ferrol dispoñen de 2 vivendas comunitarias de titularidade privada nos concellos de Valdoviño e Cedeira, con 12 prazas autorizadas cada vivenda, e 2 residencias no concello de Ferrol, unha de titularidade pública e 191 prazas autorizadas e outra de iniciativa social e 125 prazas. Así mesmo, as persoas maiores dispoñen, xunto co resto da cidadanía, de 6 centros sociais nos que fortalecer a vida e as relacións sociais.

Os centros de atención á infancia contan con 1.832 prazas autorizadas repartidas nos 33 centros da Comarca, destes 32 son escolas infantís e 1, no Concello de Valdoviño, é un Punto de Atención á Infancia. Na Comarca hai 16 centros públicos con 983 prazas autorizadas, 7 centros de titularidade

privada que contan con 395 prazas autorizadas e 10 centros de iniciativa social cun total de 454 prazas autorizadas.

Para a atención ás persoas con discapacidade a Comarca conta con 4 centros de día cunha capacidade de 272 usuarios/as, 3 destes centros de atención non residencial están en Ferrol. Conta tamén con 5 centros ocupacionais e un total de 296 prazas autorizadas e 6 centros residenciais, dos cales 3 son residencias cunha capacidade de 138 persoas usuarias e 2 vivendas tuteladas, no Concello de Cedeira con 8 prazas cada unha delas.

A comarca ten 3 centros de atención a menores, todos eles no Concello de Ferrol. Un centro de día con capacidade para atender a 75 menores e 2 centros residenciais cunha capacidade de 67 prazas autorizadas.

Ademais, a comarca dispón de 9 centros de inclusión, 5 son centros de acollida básica cunha capacidade de 25 usuarios/as, 1 albergue que conta con 42 prazas autorizadas, 2 centros de día cunha capacidade total de 74 prazas e 1 comedor social con 139 prazas. Estes centros de inclusión localízanse nos concellos de Ferrol e Narón e son todos de iniciativa social.

Así mesmo, e ó igual que as comarcas nas que se localizan as grandes cidades da provincia, a Comarca de Ferrol, concretamente o Concello de Ferrol, conta cun Punto de Encontro Familiar para as familias da provincia.

Análise e cobertura dos centros.

O Mapa galego de servizos sociais é, segundo o artigo 44.2 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, o instrumento de planificación encargado tanto da definición das áreas sociais de Galicia como dos criterios de dotación de centros e servizos sociais no territorio

Se ben o Mapa galego de servizos sociais non está publicado nos termos que recolle a Lei 13/2008, no ano 2008 a Xunta de Galicia publica o *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”*. Esta publicación contén tanto o inventario dos recursos sociais de Galicia, para identificar os recursos existentes no territorio no eido dos servizos sociais, como os criterios para a dotación de centros e servizos sociais, definindo, para determinados equipamentos, as ratios de cobertura obxectivo a lograr nos vindeiros anos para os diferentes territorios.

Nesta diagnose emprégase a metodoloxía definida no *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* para a determinación das ratios de cobertura así como para as prazas obxectivo dos diferentes equipamentos sociais, co obxectivo de poder establecer unha comparativa e describir a situación actual dos equipamentos de servizos sociais atendendo ó ámbito territorial obxecto desta diagnose, o comarcal, que defire nalgúns casos das áreas sociais definidas no Mapa.

Os concellos da Comarca de Ferrol no “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*” forman parte de diferentes áreas sociais. A área social denominada área metropolitana 1 a forman 5 dos 11 concellos da Comarca: Ares, Mugardos, Fene, Neda e Narón. Na área social denominada área rural 1 está incluído o Concello de Cedeira. Da área rural 2 forman parte os concellos de Moeche, As Somozas, San Sadurniño e Valdoviño. E o Concello de Ferrol é unha das denominadas áreas urbanas. Neste sentido, co obxectivo de adaptar a metodoloxía do *Mapa* á realidade comarcal, para a determinación dos índice de cobertura da diagnose da comarca de Ferrol empregáronse os datos individuais de cada un dos concellos que se recollen no “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais*”.

Os centros de atención ás persoas maiores.

Os centros residenciais de atención as persoas maiores e dependentes da comarca de Ferrol, no ano 2005¹⁰, ofrecían unha cobertura¹¹ do 1,96% ó contar cun total de 694 prazas repartidas en 9 centros. O Concello de Ferrol contaba con 4 centros e 417 prazas, o resto distribuíáanse nas 2 residencias de Narón, con 138 e 103 prazas cada unha, a residencia de Fene, con 12 prazas, e as vivendas comunitarias de Cedeira e Valdoviño tamén 12 prazas cada unha.

No ano 2017 a Comarca conta con 914 prazas autorizadas de carácter residencial, o que proporciona un índice de cobertura do 2,27%, lonxe aínda da ratio do 5%¹² de prazas residenciais que determina o *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais*.

Polo que respecta ós centros non residenciais, centros de día, no 2005 os concellos da Comarca de Ferrol contaban cun total de 3 centros de día, cunha capacidade de 85 prazas e un índice de cobertura do 0,24%. No 2017 a Comarca conta con 10 centros de día e un total de 470 prazas autorizadas. Así, o índice de cobertura no 2017 dos equipamentos non residenciais é do 1,17%, aproximándose ó 2¹³% do obxectivo de prazas en centros non residenciais que determina o *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais*. Na comarca, para acadar este obxectivo faltan aínda 336 prazas.

Táboa 19. Evolución ratio de cobertura, número de centros e prazas nos centros de atención ás persoas maiores 2005 – 2017.

Tipo de centro	Ratios de cobertura obxectivo	Ano	Nº de centros	Prazas totais	índice de cobertura ≥ 65 anos (%)	Prazas ratios obxectivos	Diferenza de prazas
Residencias	5	2005	9	694	1,96	1767	-1073

¹⁰ Os datos que recolle o “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*” son do ano 2005.

¹¹ O índice de cobertura dos centros de atención ás persoas maiores no “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*” determínase segundo a seguinte fórmula número de prazas en centros adicados á atención as persoas maiores entre o número de persoas maiores de 65 anos.

¹² A Secretaría Xeral de Benestar establece no 5% a ratio de prazas residenciais mínima por área, obxectivo que se recolle no “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*”.

¹³ A Secretaría Xeral de Benestar establece no 2% a ratio de prazas de centros de día mínima por área, obxectivo que se recolle no “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*”.

Tipo de centro	Ratios de cobertura obxectivo	Ano	Nº de centros	Prazas totais	índice de cobertura \geq 65 anos (%)	Prazas ratios obxectivos	Diferenza de prazas
		2017	11	914	2,27	2016	-1102
Centros de día	2	2005	3	85	0,24	707	-622
		2017	10	470	1,17	806	-336

Fonte: Elaboración propia.

Como se observa, os índices de cobertura dos equipamentos tanto de atención residencial como non residencial na comarca evolucionan positivamente, polo que a Comarca experimenta un incremento tanto no número de centros como no número de prazas totais autorizadas.

No referente ós equipamentos de carácter residencial a Comarca pasa de contar con 9 centros, no 2015, a contar con 11, no 2017, e aumenta o número de prazas autorizadas nun 32%. Este incremento é resultado tanto da apertura de novos centros residenciais nos concellos de Moeche, con 32 prazas, San Sadurniño, con 24 prazas, e As Somozas con 12 prazas; así como da ampliación de prazas autorizadas nos 2 centros de Narón, que pasan de dispoñer de 241 prazas a contar con 308 prazas, e o centro de Fene, que incrementa en 35 as prazas autorizadas. En canto ó Concello de Ferrol, se ben se reduce o número de centros, pasando de 4 a 3, aumentan as prazas autorizadas, xa que no 2005 había 417 e no 2017 hai 467 prazas autorizadas.

Así, e con todo, na Comarca de Ferrol aínda faltan 1.102 prazas de carácter residencial para chegar á ratio do 5% de cobertura para este tipo de centros.

No relativo ós equipamentos non residenciais de atención as persoas maiores e dependentes, o incremento substancial, tanto no número de centros de día como no número de prazas autorizadas, non logra acadar o obxectivo do 2% de prazas en centros non residenciais nin estar presente na maioría dos concellos da Comarca, xa que son unicamente 4 os concellos que contan con este tipo de equipamento. No Concello de Ferrol o número de centros de día incrementa de 2 a 6 e o número de prazas autorizadas pasa das 55 a 280 prazas. A este aumento únese a apertura de 2 centros máis no Concello de Narón, que pasa de contar con 1 e 30 prazas a dispoñer de 3 centros de día e 100 prazas autorizadas, e as aperturas dos centros de día de Ares (con 40 prazas) e San Sadurniño (con 40 prazas).

Centros de atención á infancia.

A atención á infancia na comarca conta con 33 centros e un total de 1.832 prazas. No Concello de Ferrol localízanse 15 centros e un total de 865 prazas, no resto de concellos da Comarca hai 18 centros e 967 prazas. O Concello de Narón conta con 9 centros e un total de 578 prazas, o Concello de Fene ten 4 escolas infantís e 176 prazas, o Concello de Ares ten unha escola infantil pública con capacidade para 56 nenas e nenos, o de Cedeira conta cun centro público para 58 nenas e nenos, o Concello de Mugar dos dispón dunha escola infantil pública con capacidade para 41 rapazas e rapaces e a escola infantil de San Sadurniño acolle a 38 nenas e nenos.

As 1.832 prazas nos centros infantís proporcionan un índice de cobertura do 44,37% ás 4.128 nenas e nenos de entre 0 e 3 anos de idade que había na comarca no 2017. Este índice supera o obxectivo do 33% de taxa de escolarización para menores de 3 anos definido no Cumio de Barcelona da Unión Europea para o 2010.

Con todo, é preciso salientar a ausencia deste equipamento nos concellos de Moeche e As Somozas o cal supón que as persoas usuarias se trasladen a outros Concellos, ou ben que se interiorice na familia a atención a menores de 3 anos. Ademais, débese mencionar que o Concello de Neda conta cunha escola infantil de recente apertura que, a data de peche do presente informe, non se atopa no RUEPSS.

Centros de atención ás persoas con discapacidade.

Na Comarca de Ferrol as persoas con discapacidade, no ano 2005, dispoñían de 170 prazas autorizadas no Concello de Ferrol, distribuídas nas 109 do centro ocupacional, as 30 da residencia + centro de día e as 31 do centro de día. Estas persoas usuarias contaban tamén co centro ocupacional con capacidade para 22 persoas usuarias do Concello de Fene e os dous centros de Cedeira cunha capacidade de 30 prazas autorizadas entre as 22 da residencia + centro ocupacional, as 5 do centro ocupacional, as 2 da residencia + centro de día e a 1 do centro de día.

No ano 2017, a comarca conta con 15 centros de atención as persoas con discapacidade e 714 prazas autorizadas. Así, hai 5 centros de día, 3 en Ferrol cun total de 232 prazas autorizadas, e 1 en Narón con 40 prazas. Hai tamén 5 centros ocupacionais, 1 no Concello de Fene con 20 prazas, 1 en Ferrol con 100 prazas e 2 centros en Narón con 120 prazas un e 20 o outro. A comarca conta tamén con 6 centros residenciais, 3 residencias no Concello de Ferrol cunha capacidade total de 123 prazas autorizadas e 3 centros no Concello de Cedeira, unha residencia para 15 usuarios/as e as 2 vivendas comunitarias con capacidade cada unha para 4 persoas usuarias.

Dos centros presentes na Comarca para a atención as persoas con discapacidade son de titularidade pública 5 dos 7 presentes no Concello de Ferrol, o resto son centros de iniciativa social.

Centros de atención a menores.

A comarca de Ferrol no ano 2005 contaba cunha casa de familia para a atención de menores no Concello de Fene cunha capacidade de 14 prazas. No 2017 a atención ós/ás menores na Comarca préstase no Centro de día de Ferrol, da Deputación da Coruña, cunha capacidade de 75 prazas e nos dous centros residenciais, tamén na cidade de Ferrol, na Casa de Familia Dignidade Cidade Xardín (da Asociación Dignidad – Galicia) con 18 prazas autorizadas e no Complexo de Atención de Menores de Ferrol (Centro de Menores Ferrol I), da Xunta de Galicia, cunha capacidade de 49 prazas.

Centros de inclusión social.

Os centros de inclusión social na Comarca no ano 2005 localizábanse unicamente no Concello de Ferrol que contaba cun comedor social, para 120 persoas usuarias, 1 centro de acollida, 1 centro de día con comedor, con 80 prazas, e 4 centros de acollemento e inclusión cun total de 15 prazas.

No 2017 o Concello de Narón tamén conta con centros de inclusión, en concreto dispón de 4 centros de acollida básica cunha capacidade total de 15 prazas. Pola súa banda, no Concello Ferrol hai un albergue, con capacidade de 42 prazas, 1 centro de acollida básica para 10 persoas usuarias, 2 centros de día, cunha capacidade total de 74 prazas e un comedor social con 139 prazas autorizadas.

Como xa se comenta anteriormente, todos os centros de inclusión social da Comarca son de iniciativa social.

3.2 OS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS DE BENESTAR.

A) O financiamento dos Servizos Sociais.

Os orzamentos municipais, xunto coas achegas realizadas polas Deputacións provinciais e a administración autonómica, son as principais fontes de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Este financiamento é completado cos ingresos xerados en concepto de copagamento que realizan as persoas usuarias dos servizos.

A estrutura por programas dos orzamentos municipais¹⁴ permite determinar o gasto municipal que as entidades locais destinan ós servizos sociais comunitarios. Así, segundo os orzamentos municipais aprobados ou prorrogados para o exercicio 2018, o gasto dos concellos da Comarca de Ferrol en “servizos sociais e promoción social”, é dicir, na política de gasto 23¹⁵ dos orzamentos, vai do teito que marca Neda co 21% ó chan de Moeche co 6,4%.

¹⁴ Segundo a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

¹⁵ A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, no anexo I define a política de gasto 23: Servizos sociais e promoción social neste sentido: “Imputaranse a esta política de gasto os levados a cabo pola entidade local para a promoción da igualdade de xénero, promoción e reinserción social de marxinados, así como para a xestión dos servizos sociais; prestación de servizos a persoas dependentes e de asistencia social, residencias de anciáns e outros de natureza análoga. Tamén se incluírán as transferencias finalistas a entidades e familias que colaboren na consecución destes fins. Inclúiranse os gastos correspondentes á Administración Xeral, que corresponderán ás actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.”

Táboa 20. Orzamento municipal dos Concellos da Comarca de Ferrol para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais e % do programa sobre o orzamento municipal.

Concello	Orzamento municipal	Política de gasto 23: Servizos Sociais e promoción social	% da Política de gasto 23 sobre o Orzamento
Ares	5.998.612,04 € ¹⁶	833.172,00 €	13,89%
Cedeira	4.811.503,40 € ¹⁷	866.110,00 €	18,00%
Fene	10.640.855,60 € ¹⁸	1.071.433,52 €	10,07%
Ferrol	69.172.261,29 € ¹⁹	6.160.931,41 €	8,91%
Moeche	1.811.225,00 € ²⁰	116.160,00 €	6,41%
Mugardos	6.194.217,29 € ²¹	817.953,87 €	13,21%
Narón	31.856.848,62 € ²²	3.226.392,85 €	10,13%
Neda	4.694.691,34 € ²³	987.027,92 €	21,02%
San Sadurniño	2.695.000,00 € ²⁴	525.790,00 €	19,51%
As Somozas	2.979.800,00 € ²⁵	206.651,05 €	6,94%
Valdoviño	5.790.375,00 € ²⁶	827.209,00 €	14,29%

Fonte: BOP coa aprobación definitiva dos orzamentos municipais para o exercicio 2018 e Ministerio de Facenda

<https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx>

¹⁶ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 19/01/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº15 de 22 de xaneiro de 2018.

¹⁷ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento prorrogado en data 16/01/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019). No anuncio da aprobación definitiva do orzamento do Concello de Cedeira para o 2018 publicado no BOP nº109 de 11 de xuño de 2018 o importe total do orzamento de gasto é de 5.708.850,12€.

¹⁸ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 18/09/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº181 de 21 de setembro de 2018.

¹⁹ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 08/06/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº124 de 21 de xullo de 2018.

²⁰ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 19/01/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº36 de 21 de febreiro de 2018.

²¹ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento prorrogado en data 29/12/2017 (consulta realizada en data 22/05/2019).

²² Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 06/06/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº106 de 6 de xuño de 2018.

²³ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 09/04/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº88 de 10 de maio de 2018.

²⁴ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2017/asp/Seleccion_consulta_publico.aspx sobre o orzamento aprobado en data 23/03/2017 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº56 de 23 de marzo de 2017. O dato corresponde o último dato dispoñible na web [https://www.hacienda.gob.es/ES/ES/Areas%20Tematicas/Administracion%20Electronica/OVEELL/Paginas/PublicacionPresupuestosFELL.aspx](https://www.hacienda.gob.es/ES/Areas%20Tematicas/Administracion%20Electronica/OVEELL/Paginas/PublicacionPresupuestosFELL.aspx) do Ministerio de Facenda, é dicir, o do orzamento do exercicio 2017. O orzamento do 2018, á data da elaboración do presente informe constaba como pendente de comunicar na web do Ministerio de Facenda. O orzamento aprobado para o 2018 polo Concello de San Sadurniño ten un importe total nos capítulos de gasto de 2.810.000,00€, segundo a publicación do BOP nº5 DE 8 de xaneiro de 2018.

²⁵ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 15/11/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº238 de 18 de novembro de 2017.

²⁶ Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 23/05/2018 (consulta realizada en data 22/05/2019) e no BOP nº96 de 23 de maio de 2018.

En termos de financiamento por habitante, os datos sitúan ós Concellos de Fene, Narón e Ferrol como os que contan cun menor investimento por habitante (81,7€ para Fene, 82,14€ para Narón e 91,18€ para Ferrol) seguidos por Moeche (con 94,4€). Nun lugar intermedio atópanse Valdoviño (125,45€), Cedeira (125,74€), Ares (147,26€) e Mugardos (154,24€). Finalmente, os Concellos que máis orzamento adican por habitante ós servizos sociais comunitarios son os de San Sadurniño (182,76€), As Somozas (183,20€) e Neda (191,10€).

Polo que respecta ás achegas realizadas pola Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia é preciso deterse no obxecto que teñen como achegas finalistas que son. Así, as achegas finalistas que realiza a Deputación da Coruña ós servizos sociais comunitarios municipais teñen como obxecto o apoio ó financiamento do servizo de axuda no fogar básico e a contratación dos equipos municipais diferentes e complementarios ó do persoal de referencia²⁷.

No referente ás achegas da Xunta de Galicia, as de natureza corrente, teñen por obxecto o cofinanciamento dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais en cada exercicio orzamentario, sendo o sistema empregado a través do denominado Plan Concertado mediante o sistema de financiamento recollido no Decreto 99/2012.

As achegas da Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios nos últimos anos tiveron unha evolución dispar, tal e como se pode observar na seguinte táboa. As achegas que recibiron os concellos da Comarca de Ferrol experimentaron incrementos substanciais nos casos dos concellos de Neda (172%), As Somozas (53%) ou Mugardos (48%) entre outros, así como reducións nos concellos de Cedeira (-1) Fene (-14) e San Sadurniño (-11%).

²⁷ O obxecto de financiamento do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (FOPSS)** é “(...)o cofinanciamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do/a profesional de referencia (que se regula no artigo 37 do Decreto: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal técnico de grao superior) como do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar, o SAF básico, todo el (...)” (base 3 das bases de financiamento BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.) O obxecto de financiamento do **Programa FOAXCA** consiste no mantemento, programas e promoción de actividades contemplados na convocatoria véxase base 3 das Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais para o ano 2016. (BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.) O obxecto de financiamento do **Programa FO036A** é o impulso as entidades locais a través de “(...)axudas para gastos de mantemento, programas e promoción de actividades(...)” relacionadas coas políticas de envellecemento activo, seguindo a Base 3 das Bases reguladoras do Programa de Subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016 ((BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.)

Táboa 21. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da comarca de Ferrol en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018²⁸.

Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 -2018 (%)
Ares	63.483,75 €	45.488,21 €	90.902,40 €	43%
Cedeira	67.496,86 €	51.502,50 €	66.496,00 €	-1%
Fene	67.668,54 €	44.684,99 €	57.940,12 €	-14%
Ferrol	46.873,02 €	- €	- €	-100%
Moeche	20.643,83 €	17.643,83 €	26.400,00 €	28%
Mugardos	57.000,67 €	47.012,78 €	84.412,40 €	48%
Narón	22.289,25 €	- €	- €	-100%
Neda	54.586,97€	37.586,97 €	148.628,12 €	172%
San Sadurniño	66.141,66 €	51.502,50 €	58.552,00 €	-11%
As Somozas	26.658,12 €	23.658,12 €	40.812,00 €	53%
Valdoviño	68.504,98 €	50.010,48 €	68.933,80 €	1%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das Resolucións: RP 2016/11712, RP 2016/8711, RP 2016/15377, RP 16525/ 2017 e RP núm. 2018/14387.

O incremento no apoio económico da Deputación da Coruña ós servizos sociais comunitarios dos concellos da Comarca responde tanto a un cambio do sistema de financiamento da propia Deputación, como á nova fórmula empregada pola institución para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais.

Neste sentido, o novo sistema empregado pola Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios baséase no apoio directo ós concellos no financiamento do persoal de servizos sociais comunitarios distinto do/a traballador/a social, conforme ós módulos no que se encadra o persoal correspondente: persoal administrativo grupo C1 e C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e o persoal auxiliar do Servizos de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrencia (SAF

²⁸ Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais para o ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.

RP 2016/11712 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FOAXCA 2016. BOP núm. 103, do mércores 1 de xuño de 2016.

Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.

RP 2016/8711 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FO036A. BOP núm. 82, do luns 2 de maio de 2016.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.

Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016 (FOPPSS/2016). BOP núm. 39, do luns 29 de febreiro de 2016.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 39, do venres 24 de febreiro de 2017.

RP 16525/ 2017 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017 (FOPPSS/2017). BOP núm. 99, do luns 29 de maio de 2017.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 242, do venres 22 de decembro de 2017.

RP núm. 2018/14387 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018 (FOPPSS/2018). BOP núm. 81, do luns 30 de abril de 2017.

libre concorrência), segundo base 3 das Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2019²⁹.

A evolución, nos últimos tres anos, do cofinanciamento³⁰ dos servizos sociais comunitarios por parte da Xunta de Galicia mediante transferencias finalistas recóllese na táboa 22. Estas transferencias para o cofinanciamento dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais inclúen o financiamento básico dos servizos sociais comunitarios básicos, o programa específico de atención á primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar, e a axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes.

Neste sentido, é preciso incidir en que unha parte salientable do financiamento da Xunta de Galicia vai dirixido á prestación por parte dos Concellos de servizos derivados da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, concretamente os relacionados co Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de atención ás persoas dependentes, cubrindo así as necesidades financeiras derivadas da competencia local que determina o artigo 11 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, no que se establece que o servizo de axuda no fogar será prestado polas entidades locais.

Táboa 22. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da comarca de Ferrol en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.

Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 -2018 (%)
Ares	351.692,76 €	382.117,82 €	419.456,23 €	19%
Cedeira	293.289,88 €	324.788,90 €	354.083,78 €	21%
Fene	422.361,48 €	439.479,11 €	434.893,61 €	3%
Ferrol	1.796.518,54 €	1.737.612,54 €	1.844.336,38 €	3%
Moeche	38.019,96 €	50.033,53 €	45.671,57 €	20%
Mugardos	199.082,67 €	213.880,35 €	218.691,14 €	10%
Narón	931.266,68 €	1.166.415,39 €	1.281.750,59 €	38%
Neda	355.240,79 €	390.786,50 €	434.746,60 €	22%
San Sadurniño	191.654,15 €	204.092,69 €	211.636,21 €	10%
As Somozas	71.994,90 €	86.100,88 €	93.079,60 €	29%
Valdoviño	389.679,82 €	418.998,80 €	428.189,81 €	10%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Xunta de Galicia.

²⁹ BOP nº 5, do martes 5 de xaneiro de 2019.

³⁰ Resolución do 5 de abril de 2016 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2015 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 71, do xoves 14 de abril de 2016.


Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2016 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 100, do luns 29 de maio de 2017.

Resolución do 30 de abril de 2018 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2017 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 105, do luns 4 de maio de 2018.

A axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes é a partida que presenta un incremento máis notable ó longo dos anos expostos, xa que o resto de obxectos de financiamentos destas transferencias finalistas da Xunta de Galicia teñen unha tendencia estable.

O financiamento do servizo de axuda no fogar, tanto na modalidade de dependencia como na de libre concorrencia, é o obxecto de financiamento que presenta un maior peso nas achegas que realizan tanto a Deputación da Coruña como a Xunta de Galicia ós servizos sociais comunitarios municipais da Comarca. Así, e segundo se observa no seguinte gráfico, o 85% do financiamento que reciben os concellos da Comarca de Ferrol da Xunta de Galicia ten como destino o financiamento do servizo de axuda no fogar ás persoas valoradas como dependentes e o 55% das achegas que reciben da Deputación da Coruña ten como finalidade o financiamento das horas prestadas polo persoal auxiliar do SAF libre concorrencia.

Gráfico 11. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da comarca de Ferrol da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos Deputación e Xunta de Galicia.

Cos datos amosados é posible evidenciar como o Servizo de Axuda no Fogar, tanto na modalidade de atención ás persoas dependentes como na modalidade de libre concorrencia, vai conformándose como o programa máis relevante que na actualidade están a xestionar os departamentos municipais de benestar.

B) Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais.

Os recursos humanos son a peza fundamental dos servizos sociais comunitarios municipais na súa función como porta de entrada o sistema público de servizos sociais.

Para o ano 2018, o número de profesionais que forman parte dos servizos sociais municipais na comarca de Ferrol, sen incluír o persoal que presta servizo no Concello de Ferrol, ascende a case 417 profesionais.

Na seguinte táboa recóllese a dotación de profesionais, segundo as súas ocupacións, que forman parte dos equipos das área de benestar e servizos sociais municipais da comarca:

Táboa 23. Número de profesionais segundo ocupación e concello que forman parte dos equipos de servizos sociais na Comarca de Ferrol. 2018.

Concello	Ocupación profesional									
	Trab. Social	Educa-dor/a	Psicólo-go/a	Pedago-go/a	Persoal de dirección	Téc. Preven-ción	Anim. Sociocul-tural.	Admtv./ Auxiliar	Auxiliar SAF	Outras
Ares	1	1						1	47	
Cedeira	2	1	0,6					1	25	
Fene	4	1				1		1	57	
Moeche	1								4	
Mugardos	2		1				1	1	12	
Narón	5	2			1			8	103	2
Neda	1	0,5						1	60	
San Sadurniño	1	1						1	22	1
As Somozas	1							0,5	6	
Valdoviño	1	1						1	35	

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos.

Como se pode observar, tódolos concellos contan co profesional de referencia, o/a traballador/a social, e na maioría, a excepción de Moeche, contan con profesionais de apoio como é o persoal administrativo, se ben en As Somozas este apoio é a tempo parcial. Salienta o elevado número de profesionais do SAF presente en tódolos concellos, aspecto este que denota o elevado impacto que ten o servizo en termos de contratación de persoal, xa que se cuantifica nun mínimo de 371 as profesionais que traballan actualmente neste servizo.

A normativa determina as dotacións mínimas de persoal que deben formar parte do servizo en base a unha definición de equipos profesionais en función da área social³¹ na que se atope o concello. Segundo a clasificación do Decreto 99/2012 na que se atopan os concellos da comarca de Ferrol, estes cobren a dotación mínima, atopándose estendido o persoal técnico complementario así como o persoal de apoio administrativo.

Con respecto ó persoal técnico complementario, ademais da situación de Concellos de elevada capacidade por poboación como é o caso de Narón, é salientable a presenza de profesionais da educación social e/ou familiar, así como a presenza en Mugardos dunha profesional da psicoloxía. Ademais, en Fene salienta a presenza dunha técnica de prevención que coordina as diferentes actividades que neste sentido desenvolve o Concello, contribuíndo así á ampliación do abano de programas e á súa profundidade en relación cos centros educativos.

³¹ As áreas sociais establécense atendendo ás características dos concellos, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica e ós índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. As áreas sociais están definidas no Anexo I do Decreto 99/2012 e son unha ferramenta para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios.

Respecto das dotacións de persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar, este é variable e flexible en función das necesidades que vai presentando o propio servizo en termos de recursos humanos, situándose nunha cifra que non baixa das 371 profesionais.

En termos de xestión do SAF, os Concellos subcontratan diferentes graos de prestación do servizo que van dende a externalización completa (Narón, por exemplo) ata o apoio para a cobertura de vacacións, baixas laborais ou posibles ampliacións (caso de San Sadurniño, por exemplo). Neste sentido, é preciso mencionar que Concellos como Mugardos, As Somozas ou Moeche contan co servizo en xestión directa de xeito completo.

Ademais, para completar a información, no Concello de Ferrol o SAF ten unha xestión mixta, contando cun equipo completo de 264 profesionais (48 auxiliares como persoal municipal e 216 de entidades prestadoras externas ó Concello). Estas cifras completan un volume de persoal contratado no SAF na Comarca dun mínimo de 635 persoas, o que amosa ás claras a intensidade do servizo e as súas esixencias operativas e financeiras.

C)A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar.

O Programa de información e orientación en materia social, o Servizo de educación e apoio familiar, o Programa básico de inserción social, o Programa de fomento da cooperación e solidariedade social e o Programa de axuda no fogar (SAF) son os programas e servizos definidos no artigo 9 do Decreto 99/2012 a través dos cales os servizos sociais comunitarios municipais, como porta de entrada ó sistema galego de servizos sociais, prestarán mediante atención directa á cidadanía.

Como se pode observar, a complexidade é o factor que determina a actividade dos departamentos de benestar locais, polo que é preciso ter en conta este elemento á hora de xerar o dato primario relacionado coa poboación á que efectivamente se lle presta servizo dende os devanditos departamentos locais, ben sexa a través de intervencións directas, ben sexa a través da información ou asesoramento puntual tanto presencial como, por exemplo, telefónico.

Neste sentido, as dificultades de confiabilidade coas que contan os datos primarios relacionados coa actividade xeral dos departamentos de benestar, provoca que a explotación estatística do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) dificulte albiscar toda a profundidade e amplitude do traballo realizado polos equipos técnicos.

Con todo, a efectos de realizar unha estimación sobre o número de persoas ós que se presta servizo público dende os Concellos, e tendo en conta as experiencias analizadas ó longo da elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, é posible afirmar que na actualidade os departamentos municipais de benestar dos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia están a chegar a unha porcentaxe da poboación que supera o 20%, de tal xeito que para a comarca

de Ferrol é posible estimar que os departamentos de benestar municipais atenderon, aproximadamente, a unhas 31.000 persoas no ano 2017.

O programa de axuda no fogar, tanto pola súa importancia no financiamento como pola súa dotación de persoal, é o principal programa dos servizos sociais, tal e como se vén revelando ó longo desta diagnose.

O servizo de axuda no fogar (SAF) consiste en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, de acordo coa valoración técnica correspondente. O SAF é un servizo que se presta e se xestiona dende o ámbito municipal tanto na súa dimensión básica como na modalidade de atención a persoas valoradas como dependentes, tal e como indica o artigo 11 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

En base ás competencias regulamentarias e de autoorganización de que dispoñen os concellos, estes teñen regulado³² o servizo de axuda no fogar co obxectivo de garantir a equidade, calidade e intensidade homoxéneas do servizo de conformidade co marco autonómico³³ que define e regula o servizo de axuda no fogar.

³² O Concello de Ares aprobou a súa Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Ares no pleno do 31 de xullo de 2014 e foi publicada no BOP nº227 de 26 de novembro de 2014. O pleno do concello de Cedeira, en sesión extraordinaria, do 16 de marzo de 2016 aprobou a Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira; publicouse no BOP nº 94 de 19 de maio de 2016. No BOP nº 176 de 16 de setembro de 2013 publicouse a aprobación, por parte do Pleno do Concello de Fene de 4 de xullo de 2013, da Ordenanza fiscal regulada da taxa polo servizo de axuda no fogar e regulamento municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Fene. O 29 de abril de 2009 o Pleno do Concello de Ferrol aproba a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, o 27 de maio de 2010 aproba unha modificación de dita ordenanza para a súa adaptación ó Decreto 149/2013, de 5 de setembro, publicándose esta modificación no BOP nº117 de 20 de xuño de 2014. O Pleno do Concello de Moeche, de 21 de decembro de 2017, aproba a modificación da Ordenanza municipal reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Moeche que foi publicada no BOP nº 33 de 16 de febreiro de 2018. No BOP nº 187 de 30 de setembro de 2016 publicouse a aprobación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Mugar dos seus prezos públicos, aprobada polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do 17 de xuño de 2016. No BOP nº 116 de 19 de xuño de 2014 publícase a modificación, imposición e ordenación da Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Narón, que foi aprobada polo Pleno da Corporación o 24 de abril de 2014. A Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Neda foi aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 20 de novembro de 2011 e publicada no BOP nº 6 de 12 de xaneiro de 2015. O Pleno do Concello de San Sadurniño aproba a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar en data 1 de marzo de 2014 e publícase no BOP nº 82 de 2 de maio de 2014. A Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello das Somazas apróbbase na sesión extraordinaria do Pleno do Concello o día 12 de novembro de 2014 e publícase no BOP nº 15 de 23 de xaneiro de 2015. A Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Valdoviño apróbbase o 21 de novembro de 2014 polo Pleno do Concello, o longo destes últimos apróbanse diferentes modificacións desta, a última apróbase polo Pleno o 15 de abril de 2016 e publícase no BOP nº 138 de 21 de xullo de 2016.

³³ Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no capítulo II, define o servizo de axuda no fogar e no seu artigo 11.f) establece que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar. Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar responde a necesidade de establecer un marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar ó abeiro da entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regule o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, que establece como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións da prestación e desenvolvemento dos servizos no seu artigo 7.b). Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento que establece na súa disposición derradeira primeira a necesidade de que as corporacións locais adapten a súa normativa municipal, neste caso en materia de axuda no fogar. Igual que acontece co Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Na comarca de Ferrol no ano 2018, o servizo de axuda no fogar prestouse a máis de 1.000 persoas na comarca (sen contar coas persoas usuarias do servizo do Concello de Ferrol) a través de case 575.000 horas de servizo. Na seguinte táboa recóllense o número de horas prestadas por cada un dos concellos así como o número de persoas usuarias beneficiarias deste servizo nas súas diferentes modalidades, libre concorrencia e dependencia dos que se dispón de datos.

Táboa 24. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrencia e dependencia nos concellos da comarca de Ferrol. 2018.

Concello	Modalidade libre concorrencia		Modalidade dependencia	
	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as
Ares	4.728,00	36	43.298,00	85
Cedeira	3.087,00	22	29.115,00	-
Fene	1.982,00	15	39.234,00	94
Ferrol	24.480,00	-	152.580,00	-
Moeche	2.666,00	26	3.077,00	23
Mugardos	1.807,00	17	16.476,00	44
Narón	---	--	108.866,00	220
Neda	12.888,00	103	53.314,00	125
San Sadurniño	1.596,00	8	20.186,00	47
As Somozas	823,00	6	8.219,00	15
Valdoviño	2.082,00	15	44.088,00	121
Total	56.139,00	248	518.453,00	774

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos e datos RUEPSS.

En base ás persoas usuarias atendidas polo servizo pódese determinar a taxa de cobertura que está a ter este servizo nos diferentes concellos da Comarca.

Táboa 25. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrencia e dependencia nos concellos da comarca de Ferrol (sen o Concello de Ferrol). 2018.

Concello	Modalidade libre concorrencia		Modalidade dependencia		Taxa de cobertura SAF (%)
	Nº de usuarios/as atendidos/as	Taxa de cobertura libre concorrencia(%)	Nº de usuarios/as atendidos/as	Taxa de cobertura dependencia(%)	
Ares	36	3%	85	6%	9%
Cedeira	22	1%	-	-	1%
Fene	15	0%	94	3%	3%
Moeche	26	6%	23	5%	11%
Mugardos	17	1%	44	3%	4%
Narón	-	-	220	3%	3%
Neda	103	7%	125	8%	15%
San Sadurniño	8	1%	47	5%	6%
As Somozas	6	2%	15	5%	7%
Valdoviño	15	1%	121	6%	7%
Total comarca	248	0,63%	774	1,93%	2,57%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos cedidos polos Concellos e datos RUEPSS.

A taxa de cobertura das dúas modalidades conxuntas do SAF supera o 2,5% da poboación maior de 65 anos da Comarca, sendo preciso aclarar que a esta cifra débesele engadir a poboación atendida no Concello de Ferrol ou na modalidade de dependencia en Cedeira, da que non se dispón dos datos. Con todo, a heteroxeneidade das coberturas conxuntas nos Concellos é salientable, observando dende cifras do 15% en Neda ou do 11% en Moeche ata o 3% en Fene.

Esta taxa de cobertura do SAF é posible descompoñela para as modalidades de dependencia e de libre concorrencia. Neste sentido, en termos xerais, a modalidade de dependencia supera amplamente á de libre concorrencia en número de persoas usuarias atendidas seguindo a liña xa marcada polo número de horas de servizo prestadas analizada con anterioridade. De tódolos xeitos é indicativo o elevado rendemento da modalidade de libre concorrencia dos Concellos de Moeche e Neda que equilibran os datos coa dependencia e incluso, no caso de Moeche, os superan.

Tamén é preciso mencionar as dificultades que na actualidade están a ter os Concellos para prestar o servizo en ámbalas modalidades, con independencia do seu sistema de xestión. Neste caso, salienta a situación do Concello de Narón onde, para garantir o dereito á prestación do SAF da modalidade da dependencia, o prestador externo queda sen capacidade operativa para asumir a modalidade de libre concorrencia, elemento este que, vencellado coa elevada intensidade en recursos humanos do servizo, cos fluxos de financiamento da dependencia, e coa complexidade do proceso de licitación deste servizo, conforman un escenario de elevada tensión para a servucción do servizo.

O SAF na comarca de Ferrol, a pesar de chegar a case 1.000 usuarios/as no 2018³⁴ nas dúas modalidades, contaba con lista de agarda.

Polo que respecta á prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrencia, esta evoluciona nos últimos anos atendendo á táboa seguinte.

Táboa 26. Número de horas prestadas do SAF libre concorrencia nos concellos da comarca de Ferrol menores de 20.000 habitantes 2016 - 2018.

Concello	2016	2017	2018
Ares	4.880,00	4.497,00	4.728,00
Cedeira	2.208,00	2.963,00	3.087,00
Fene	1.495,00	1.992,00	1.982,00
Moeche	2.200,00	2.338,00	2.666,00
Mugardos	3.367,00	2.264,00	1.807,00
Neda	9.969,00	11.324,00	12.888,00
San Sadurniño	1.546,00	1.482,00	1.596,00
As Somozas	1.901,00	1.384,00	823,00
Valdoviño	2.411,00	1.512,00	2.082,00

Fonte: Elaboración propia a partires da información facilitada polos concellos e a Deputación da Coruña.

Os datos correspondentes ós Concellos menores de 20.000 habitantes da Comarca indican que no ano 2018 se prestaron máis de 31.000 horas en SAF libre concorrencia, ás cales lles é preciso engadir

³⁴ Nesta cifra é preciso lembrar o indicado relativo ós datos de Ferrol e Cedeira.

as máis de 24.000 do Concello de Ferrol ata acadar as máis de 56.000 horas mencionadas con anterioridade.

A evolución das horas prestadas é crecente, superando as do 2018 nun 5,6% as prestadas no ano 2016. Con todo, esta evolución non é lineal xa que en tanto Concellos como Cedeira, Fene, Neda ou Moeche incrementan o seu servizo en porcentaxes que superan o 20% (no caso de Cedeira chégase a un incremento do 40%), Mugar dos ou As Somozas diminúen substancialmente as súas horas, cun 46% e un 57% menos de prestación respectivamente.

Esta evolución dispar dos servizos municipais responde a numerosas causas de carácter operativo dos diferentes Concellos, pero é salientable o impacto que sobre a libre concorrência ten o especial vencello coa modalidade de dependencia, en tanto que tamén se deben mencionar as dificultades coas que contan os prestadores (públicos ou privados) á hora de incrementar os equipos para responder ás posibilidades do financiamento. É dicir, o SAF é un servizo de elevada esixencia en termos de servución que, na actualidade, está a xerar unha salientable tensión tanto nos departamentos de benestar como nos Concellos dende múltiples puntos de vista. Con todo, en termos xerais, a previsión de evolución do servizo que teñen os equipos técnicos municipais é á alza ou á estabilidade tendo en conta, por exemplo, o elevado impacto do avellentamento da poboación en Concellos como As Somozas ou Moeche.

Non se pode esquecer o apoio financeiro que a Deputación da Coruña esta a prestar ó servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrência dentro do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPPSS). Como xa se indicou con anterioridade, este programa, que responde á competencia determinada ó abeiro do Decreto 99/2012 que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, evolucionou nos últimos anos e, na actualidade, no caso do SAF financia os custos correspondentes ó persoal auxiliar do devandito servizo, establecéndose, para elo, unha achega³⁵ de 12,00€ por hora prestada de servizo.

A seguinte táboa amosa a evolución do financiamento da Deputación da Coruña ós concellos da comarca para o servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrência.

Táboa 27. Importe das achegas realizadas pola Deputación da Coruña para o financiamento do SAF libre concorrência nos concellos menores de 20.000 habitantes da comarca de Ferrol. 2016 - 2019.

Concello	2016	2017	2018	2019
Ares	17.643,83 €	17.643,83 €	50.902,40 €	58.560,00 €
Cedeira	17.643,83 €	17.643,83 €	26.496,00 €	26.496,00 €
Fene	17.643,83 €	17.643,83 €	17.940,12 €	25.900,49 €
Moeche	17.643,83 €	17.643,83 €	26.400,00 €	28.395,83 €
Mugar dos	17.643,83 €	17.643,83 €	40.412,40 €	40.412,40 €
Neda	17.643,83 €	17.643,83 €	119.628,12 €	173.056,45 €
San Sadurniño	17.643,83 €	17.643,83 €	18.552,00 €	22.636,80 €

³⁵ A achega para o financiamento do persoal auxiliar do SAF libre concorrência, establecido na base 4 das Bases Reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, pasou de seu unha achega fixa de 17.643,83€ o primeiro ano de vixencia do Programa no 2017 (BOP nº 39 de 24 de febreiro de 2017) a unha achega calculada en función das horas previstas de prestación do servizo sobre a base de 12,00€ por hora prestada de servizo.

Concello	2016	2017	2018	2019
As Somozas	17.643,83 €	17.643,83 €	22.812,00 €	22.812,00 €
Valdoviño	17.643,83 €	17.643,83 €	28.933,80 €	30.855,45 €

Fonte: Resolucións pola que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPSS) os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

No período analizado obsérvase unha salientable evolución dos volumes de financiamento do SAF libre concorrencia como consecuencia do paso da modalidade de financiamento de carácter lineal dos anos 2016 e 2017 ó sistema de financiamento por horas de prestación de servizo. Esta evolución oscila entre o incremento do 881% do financiamento do Concello de Neda ó 29% do Concello de As Somozas entre os anos 2016 e 2019, de tal xeito que o troco de sistema por parte da Deputación supuxo un incremento das posibilidades de financiamento que, en termos xerais, se acompaña dunha evolución positiva da prestación do servizo, a pesar de que como se ten mencionado, verifícanse as dificultades dos Concellos para a execución efectiva das horas de SAF libre concorrencia financiadas pola Deputación.

Como se mencionou con anterioridade, unha parte importante da composición dos equipos de benestar dos Concellos vencéllase ó servizo de axuda no fogar nas súas diferentes modalidades. Así, e para realizar a análise do volume de profesionais do SAF, é preciso ter en conta tanto a presenza necesaria de diferentes ocupacións como os sistemas de xestión que os Concellos empregan á hora da prestación do servizo.

Táboa 28. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da comarca de Ferrol menores de 20.000 habitantes en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación directa do servizo. 2018.

Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
Ares	<i>Libre concorrencia</i>	Externalizado	2	47	12,28 €
	<i>Dependencia</i>				
Cedeira	<i>Libre concorrencia</i>	Directa	1	25	18,36 €
	<i>Dependencia</i>				
Fene	<i>Libre concorrencia</i>	Directa	1	5	14,65 €
	<i>Dependencia</i>	Externalizado	2	52	13,19 €
Moeche	<i>Libre concorrencia</i>	Directa	1	4	14,57 €
	<i>Dependencia</i>				12,39 €
Mugardos	<i>Libre concorrencia</i>	Directa	1	12	12,00 €
	<i>Dependencia</i>				10,64 €
Neda	<i>Libre concorrencia</i>	Externalizado	2	60	13,30 €
	<i>Dependencia</i>				
San Sadurniño	<i>Libre concorrencia</i>	Mixto	2	21	12,00 €
	<i>Dependencia</i>				
As Somozas	<i>Libre concorrencia</i>	Mixto	2	6	13,00 €
	<i>Dependencia</i>				
Valdoviño	<i>Libre concorrencia</i>	Externalizado	2	35	13,52 €
	<i>Dependencia</i>				

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos Concellos e RUEPSS

Na actualidade, coas excepcións dos Concellos de Ferrol e Narón que superan os 20.000 habitantes, na Comarca o SAF está a contar cun número de profesionais (entre persoal auxiliar e de coordinación dos diferentes prestadores) que supera as 280 persoas. Se a esta cifra se lle engaden os datos de Ferrol e Narón, de elevado impacto en termos de recursos humanos, o dato final ascende a máis de 630 profesionais adicados ó SAF na Comarca.

En canto ós sistemas de xestión, nos Concellos menores de 20.000 habitantes atópanse presentes todos eles e incluso tamén o sistema mixto que, en Concellos como San Sadurniño ou As Somozas se utiliza ó contar cun equipo básico de xestión directa cuxas vacacións, por exemplo, se cobren a través de prestador externo que tamén pode colaborar en incrementos de esixencia do servizo.

Con respecto ós custos, na actualidade obsérvase unha importante amplitude que vai dende os 18,36€ de Cedeira ós 10,64€ de Mugardos, situándose a maior parte dos custos na faixa de 12€-14€. Con todo, dentro deste aspecto, considérase salientable a realidade do Concello de Narón, que se atopa inmerso nun proceso de redefinición do seu servizo a través de prestadores externos, cuxo horizonte de contratación se sitúa en custos non inferiores ós 17€ ós que se chegará dende unha posición no ano 2018 que non chega ós 14€, custo semellante ó do Concello de Ferrol.

3.3 EXTRACTO DA SITUACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FERROL.

Os servizos sociais na Comarca de Ferrol atópanse integrados por un elevado número de entidades de diferente titularidade, con especial peso das privadas e sociais que están a complementar a actuación das entidades públicas locais especialmente en eidos de actuación como é o traballo coas persoas con discapacidades ou a inclusión social. Neste sentido, en tanto a iniciativa privada se focaliza no traballo con persoas dependentes e na atención á primeira infancia, é a iniciativa social a centrada na discapacidade e na inclusión, así como tamén no traballo coa primeira infancia.

Estudando a distribución territorial de entidades e centros, é preciso salienta a importancia coa que conta o Concello de Ferrol que, conxuntamente con Narón, se converten nas centralidades sociais da Comarca, centralizando equipamentos adicados, por exemplo, á inclusión social ou ós/ás menores. Con todo, débese ter en conta a existencia de diferentes equipamentos específicos para o traballo con persoas con discapacidade en Concellos como Cedeira, Valdoviño ou As Somozas, observándose neste sentido unha interesante capilarización dos equipamentos dende a óptica da proximidade. Ademais, dentro destes equipamentos específicos para o traballo con persoas con discapacidade débense incluír os Centros Ocupacionais que, se ben están situados tanto en Ferrol como na súa primeira coroa metropolitana, tamén contan cun centro en Cedeira, completando dende a óptica da inserción sociolaboral a capilarización mencionada.

Os equipamentos de atención ás persoas maiores e dependentes melloraron a cobertura que prestan á cidadanía da comarca ó longo dos últimos anos, mellora que se consegue tanto no número de centros como no incremento de prazas autorizadas, así como nos centros de atención residencial e

non residencial. O incremento da cobertura destes equipamentos aínda presenta diferenzas con respecto ós obxectivos establecidos no *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais*, cuantificándose estas en 1.102 prazas en equipamentos de carácter residencial e 336 en prazas en centros de día.

Polo que respecta ós centros de atención á primeira infancia, a actual dotación de prazas, 1.832 prazas na comarca, excede a ratio recomendada pola Unión Europea, a pesar de que concellos como Moeche ou As Somozas non contan con este tipo de equipamentos. Neste contexto, parece axeitado analizar opcións e alternativas que permitan contribuír á ampliación da oferta destes equipamentos en zonas cunha tendencia demográfica negativa, que facilite os servizos de conciliación á súa poboación ó tempo que xeran actividade económica de proximidade.

Polo que respecta á valoración que se fai dos centros por parte dos equipos técnicos municipais, é destacable a positiva valoración dos equipamentos de atención ás persoas maiores e dependentes de proximidade xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar situados en San Sadurniño e en Ares, así como no Concello de Ferrol. Con todo, a combinación da limitación nas prazas dispoñibles e a importante distancia á que se sitúan de Concellos como pode ser Cedeira, supón que este sexa un ámbito no que se deba incrementar a oferta, sobre todo tendo en conta a posibilidade de equipamentos intermedios como poden ser as Casas do Maior.

As políticas de benestar nos concellos da comarca, segundo a asignación de créditos iniciais do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais do ano 2018, contan cun peso heteroxéneo que vai do teito marcado por Neda co 21% ó chan de Moeche co 6,4%. Esta heteroxeneidade tamén se reflicte no relativo ó financiamento por habitante, onde se pode observar unha importante amplitude que vai dende os 81€ de Fene ós 191€ de Neda.

Ó longo dos últimos anos, ás achegas da Xunta de Galicia ós concellos da Comarca incrementáronse basicamente pola partida que financia as horas prestadas polo servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia. No caso da Deputación da Coruña, o cambio no sistema de financiamento empregado pola institución, enmarcada no POS, contribúe a que o apoio económico se basee no financiamento do persoal técnico complementario e do persoal administrativo así como á actividade do persoal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência.

Dentro deste aspecto, resulta destacable que a posta a disposición por parte da Deputación de recursos económicos para que os concellos doten os seus equipos municipais de persoal que complementa e reforta os programas que se desenvolven, así como de persoal administrativo, non acaba de ter uns resultados óptimos. Así, constátase que, se ben a existencia de recursos económicos é un elemento necesario para a dotación de persoal esta non é a única variable a ter en consideración, xa que os elementos operativos e procedimentais propios das dinámicas dos departamentos municipais inciden de xeito directo nesta dotación.

Neste sentido, é preciso salientar a evolución que o sistema de financiamento da Deputación supuxo para os Concellos menores de 20.000 habitantes da Comarca, onde Concellos como o de Neda

presenta un incremento do 172% con respecto ós datos do ano 2016, en tanto que a evolución que se dá en Fene, que presenta unha evolución negartiva do 14%.

O sistema de financiamento da Deputación da Coruña supón un incremento das facilidades para a contratación de persoal técnico complementario, verificándose a presenza deste en tódolos Concellos agás nos máis pequenos, como son o de Moeche e As Somozas onde o volume de traballo técnico é asumido integramente pola traballadora social.

Con respecto ó persoal de apoio administrativo, este tamén se atopa estendido en tódolos Concellos a raíz do financiamento da Deputación, agás nos casos de Moeche e As Somozas, contando este último cun apoio parcial do persoal de servizos xerais do Concello.

A pesar de que a evolución do sistema de financiamento da Deputación permite maiores facilidades á hora de contar con persoal por parte dos Concellos, considérase que unha menor temporalidade do sistema de financiamento contribuiría a facilitar as operativas administrativas locais, posibilitando, así, a mellora da composición dos equipos profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais, tanto coa dotación de profesionais complementarios/as como con profesionais de apoio administrativo.

Se ben os servizos sociais comunitarios encárganse de desenvolver múltiples e variados programas, o programa de axuda no fogar estase consolidando como aquel que ten un maior impacto ben sexa polas horas de servizo que se prestan, polas persoas usuarias do mesmo, ou polo número de profesionais que participan na súa prestación. Por elo, é salientable que a actividade dos servizos de benestar locais se focalice na prestación do SAF, nas súas diferentes modalidades, converténdose este servizo no centro neurálxico das actividades de benestar locais.

Así, pódese afirmar que o SAF é o servizo que xera nos departamentos de benestar unha maior carga de traballo nos equipos técnicos e, fundamentalmente, na figura do traballador/a social quen acaba especializándose en todo o relacionado coa tramitación de recursos, a xestión administrativa e a coordinación do servizo. Esta realidade verifícase, sobre todo, nos Concellos de menor volume de poboación onde non se está a contar con apoio de persoal técnico complementario. É dicir, a pesar dos esforzos, constátase a presenza de *hiperfocalización* dos departamentos municipais dos Concellos máis pequenos en relación ó SAF.

Neste contexto, e como se puxo de manifesto ó longo da diagnose, a ausencia en determinados Concellos de figuras profesionais complementarias que desenvolvan outro tipo de programas de carácter máis comunitario, comporta que o resto de programas e servizos da área, ben queden nun segundo plano, ben impliquen un sobre esforzo por parte do profesional traballador/a social para desenvolvelos.

Por elo, sería positivo contar cunha programación complementaria estable que dotase os concellos de recursos suficientes para cubrir a oferta de programas e servizos existentes en diferentes ámbitos de actuación, dende o traballo conxunto coas escolas/institutos relacionados con aspectos como a prevencións de adiccións ou como o relacionado coas persoas maiores incidindo en accións que

contribúan á rexeneración da vida comunitaria, á loita contra a soidade ou á recuperación de hábitos sociais. Dentro destes eidos de actuación, tamén é preciso mencionar que na Comarca atópanse exemplos de importante tradición como pode ser, por exemplo, o Concello de Fene en relación ó traballo cos centros educativos, aspecto este no que incide directamente o feito de contar con persoal especializado na materia para o cal volve ser de relevancia a presenza do financiamento estable por parte da Deputación.

Como se menciona con anterioridade, na actualidade o programa de referencia dos servizos de benestar locais está a ser o SAF, que está dar servizo a máis de 1.000 persoas usuarias na Comarca con máis de 570.000 horas entre as dúas modalidades. Neste sentido, a intensidade do traballo do SAF está a xerar salientables tensións nos Concellos que van dende a devandita *hiperfocalización*, ata as dificultades xurdidas en relación ós procesos de licitación ou á captación de recursos humanos para todo tipo de prestadores. É dicir, na actualidade a xestión municipal de ámbalas modalidades do SAF está a chegar a un tope operativo do que se derivan disfuncións como as acontecidas no caso do Concello de Narón, que se presentan tanto en Concellos que utilizan a xestión indirecta como en aqueles que utilizan a xestión directa.

Polo que respecta ós custos/hora analizados, estes establécense nun promedio xeral dentro dos 12€-14€/hora, de tal xeito que boa parte do custo da modalidade da libre concorrència vese cuberta polo financiamento da Deputación da Coruña establecido en 12,00€/hora. Con todo, a suficiencia financeira municipal para a axeitada xestión de ámbalas modalidades do SAF é un elemento a ter en conta unha axeitada planificación do servizo.

Como se vén de observar o SAF é un servizo que implica unha enorme carga de recursos técnicos, financeiros e de coordinación e, neste contexto, conséntase a incipiente utilización de ferramentas de control de xestión e seguimento do servizo, co obxectivo de favorecer as condicións de traballo dos profesionais responsables da coordinación do servizo así como de mellorar na propia coordinación e xestión do servizo que se presta.

Ademais, con respecto á xestión do SAF Libre Concorrència, é preciso salienta a existencia de posibilidades de financiamento por parte da Deputación superiores ás capacidades de xestión e prestación efectiva de horas de servizo por parte dos Concellos, sendo este un elemento a reforzar para a maximización das posibilidades dos devanditos servizos. É dicir, na liña do mencionado con anterioridade en relación á contratación de recursos humanos, a existencia de financiamento é unha condición central, pero non única, para a expansión do servizo de libre concorrència, sendo preciso a consideración integral do proceso de servucción para a súa mellora.

O propio SAF preséntase como unha oportunidade que permite a detonación doutras intervencións relacionadas coa persoa usuaria e o seu contexto como a mellora da vivenda, as relacións familiares ou con outro tipo de aspectos que poden redundar na mellora da autonomía das persoas usuarias e dos seus contextos familiares. Estas oportunidades estanse aproveitando de xeito puntual, xa que acaba resultando un traballo intenso para os/as propios/as profesionais, tanto de concienciación como de implicación das persoas usuarias e o seu entorno familiar.

Así, enténdese como unha necesidade o aproveitamento do coñecemento que xera a prestación do SAF que permita convertelo en accións estruturadas de intervención integral sobre o contexto das persoas usuarias e, para elo, é preciso poñer medios a disposición dos equipos municipais que, por unha parte, complementen os perfís dos propios equipos, e por outra, lles facilite este traballo.

Para elo, tamén é necesario contar con equipos de auxiliares suficientes e ben formados que posibiliten unha prestación de calidade do servizo. Nestes momentos na Comarca de Ferrol, a pesar da existencia de accións formativas, evidenciase a falta de profesionais formados/as en servizos de atención sociosanitaria que está a dificultar a prestación de máis horas de SAF tanto na modalidade de dependencia como na de libre concorrència en tódolos concellos. Sería, polo tanto, necesario mellorar a cobertura das necesidades de formación e actualización das profesionais do SAF en activo e propiciar espazos para a formación de novas profesionais.

4. Conclusións e Recomendacións.

Ó longo do presente documento foron analizados, en tres apartados diferentes, os principais aspectos relacionados coa evolución demográfica, co contexto socioeconómico, e coa situación dos servizos sociais e dos principais programas das políticas locais de benestar; amosando así un panorama integral resultante do estudo conxunto (I) das persoas, (II) das súas condicións de vida, e (III) da actividade dos servizos de benestar.

O último punto da Diagnose da Comarca de Ferrol vén conformado pola formulación das principais conclusións extraídas da análise dos anteriores apartados, así como pola elaboración de diferentes propostas para a mellora e ampliación do alcance e profundidade das actividades dos departamentos locais de benestar.

Estas conclusións e recomendacións terán como vieiro xeral a procura da mellora da calidade de vida da poboación e, máis concretamente, da mellora da autonomía individual e relacional das persoas, de tal xeito que se enmarquen e sexan coherentes coas liñas xerais que o Plan de Acción diseña para a actividade de Área de Benestar da Deputación da Coruña. É dicir, as recomendacións propostas para a Comarca de Ferrol non só son coherentes cun deseño xeral a nivel provincial, senón que contribúen a este deseño trasladando de xeito *abaixo – arriba* tanto as necesidades locais como as circunstancias puntuais que se presentan no desenvolvemento cotiá das tarefas dos departamentos locais, e que inflúen de xeito determinante no rendemento das políticas locais de benestar e, polo tanto, na súa capacidade de resposta fronte ás situacións sociais.

Neste sentido, ó longo dos últimos anos a Deputación da Coruña evoluciona no seu sistema de apoio ós Concellos de menos de 20.000 habitantes. Esta evolución insírese na emerxencia do POS+ como principal ferramenta de colaboración financeira xeral, en tanto que tamén presenta no relativo ás políticas de benestar unha fonda evolución das ferramentas de apoio financeiro.

Así, tanto o contido do apoio como os volumes financiados evolucionaron de xeito significativo a partir do ano 2017, sempre dentro da modalidade incentivadora, sendo minoría os programas de apoio técnico directo ós Concellos, aspecto este no que a continuación se fará fincapé atendendo á realidade territorial.

Deste xeito, na procura de seguir avanzando e mellorando no apoio integral que a Área de Benestar da Deputación presta ós Concellos, e tendo como referencia o principio de autonomía local, a continuación preséntanse as principais conclusións e recomendacións xurdidas para a Comarca de

Ferrol no seo dos traballos de elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

4.1 AS PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS .

A) A evolución demográfica

Ó longo do documento estúdase tanto a evolución nos últimos anos da poboación na Comarca como as proxeccións a medio prazo, amosando os datos analizados que a Comarca non só se ve inmersa nun proceso de perda de poboación, senón que este proceso continuará a afondarse chegando a contabilizar nun agregado que comprende dende o 1998 ata as proxeccións do 2030 unha caída achegada ó 20%.

Esta evolución afecta a tódolos Concellos da Comarca, se ben con intensidades diferentes, agás ós Concellos de Narón e de Ares. Estes, cun incremento do 26% en Narón e do 21% en Ares entre os anos 1998 e 2017 non só lideran o crecemento na Comarca, senón que se consideran dos Concellos que máis medran en toda Galicia, aspecto este no que salienta Narón que incrementa a súa poboación en máis de 8.000 persoas.

Con respecto ós restantes Concellos, a evolución negativa ten as súas cifras máis limitadas en Valdoviño (cae un 3%), en tanto que amosa a súa maior intensidade en Concellos como As Somozas (cae un 25%), Moeche (cae un 22%) ou o propio Ferrol que cae un 21%.

Neste sentido, a dinámica demográfica da Comarca amósase influída de xeito determinante por varios elementos. En primeiro lugar, pola evolución estrutural dos Concellos rurais galegos que están a perder poboación. Este fenómeno afecta a Concellos como Cedeira, Moeche, As Somozas ou San Sadurniño, que ven como a súa poboación se ve reducida nos últimos anos.

En segundo lugar, o comportamento da primeira coroa metropolitana de Ferrol amósase complexo xa que, se ben Ares e Narón medran en poboación, este incremento non se segue nos Concellos de Mugarodos, Neda ou Fene. Neste sentido, a tradicional expansión dos Concellos lindeiros do principal núcleo urbano observada nas últimas décadas non se corresponde á dinámica de Ferrol, de tal xeito que a evolución de Ares e Narón correspóndese con motivos ben diferenciados xa que, en tanto Narón responde á expansión de Ferrol cara zonas de menor presión inmobiliaria, o caso de Ares responde, segundo os equipos técnicos de benestar municipais, a unha lóxica de segundas residencias e de xubilación de profesionais procedentes de Ferrol.

En terceiro lugar é preciso analizar a evolución da propia cidade de Ferrol que, a diferenza das restantes cidades galegas, non só non amosa estabilidade ou incremento, senón que amosa unha caída estable, prolongada e significativa na súa poboación. Este fenómeno vencéllese tradicionalmente coa caída da actividade de carácter industrial e cos limitados efectos das diferentes

reconversións, de tal xeito que a perda de posibilidades laborais comportou e segue a comportar a perda de poboación que cae de xeito constante dende os case 90.000 habitantes do ano 1981.

O proceso de perda de poboación xeral observado na Comarca responde á presenza de saldos vexetativos negativos xeneralizados dende finais dos anos 80 en tódolos Concellos da Comarca agás en Narón, que non son compensados coa presenza de saldos migratorios que os igualen en intensidade. Neste sentido, o saldo migratorio é negativo, en termos xerais, agás na primeira década do século XXI, pasando outra vez a datos negativos ata a actualidade.

Xa focalizando a atención nos Concellos menores de 20.000 habitantes, é preciso mencionar que, aínda dentro dunha evolución negativa da que só se exclúe ó Concello de Ares, esta evolución afecta con menor intensidade ós núcleos urbanos e centrais dos Concellos, sendo especialmente intensa nos núcleos e parroquias de carácter rural. Así, á dinámica demográfica mencionada é preciso engadirlle o proceso de concentración da poboación nos núcleos urbanos (que pode dar ou non en incremento real da súa poboación) e progresivo abandono do rural.

Dentro deste proceso pódense sinalar os exemplos de Cedeira, onde o núcleo urbano perde entre os anos 2000 e 2017 un 3% da poboación, en tanto que coa excepción da parroquia de San Cosme de Piñeiro (que perde case un 5%) o resto das parroquias perde máis do 13% da poboación incluíndo Santalla e Montoxo que superan o 33% de caída. Outro exemplo é Mugarodos, cuxo núcleo urbano perde un 6% de poboación, fronte a perdas superiores ó 10% no resto do territorio onde se inclúen Franxa e Piñeiro con perdas do 23% e do 25% respectivamente. Esta dinámica tamén se pode observar en Concellos como Valdoviño ou As Somozas, se ben neste último a tendencia é máis intensa xa que, en tanto no núcleo se perde un 7%, as outras tres parroquias presentan perdas superiores ó 30%, salientando Enchousas cunha caída do 53%.

Con todo, a heteroxeneidade presente na evolución da poboación a nivel municipal que presenta as diferenzas mencionadas entre os núcleos centrais dos Concellos e as parroquias máis rurais, supón a coexistencia de fenómenos de elevada presión demográfica, co fenómeno contrario de elevada caída demográfica. Este é o caso, por exemplo, de Fene ou Neda que, en tanto contan con varias parroquias con poboacións superiores ós 3.000 habitantes, tamén contan con parroquias que perden máis do 20% da súa poboación.

Esta heteroxeneidade determina unha realidade parroquial substancialmente diferente para os servizos de benestar locais á que estes deben responder e, ó mesmo tempo, determina unha realidade comarcal na que se atopan presentes multiplicidade de necesidades sociais incluso opostas entre si, de tal xeito que as ópticas agregadas poden levar a consideracións incompletas.

Como se pode comprobar, a prestación de servizos de benestar, e o deseño dos mesmos dende os departamentos municipais, atópase intimamente vencellada coa realidade demográfica local, de tal xeito que na Comarca é posible detectar unha dobre liña de evolución dos mesmos.

A primeira dela relaciónase coa emerxencia da resposta local ós dereitos subxectivos da dependencia en termos xerais, que se plasman sobre todo nos requirimentos operativos dos Servizos de Axuda no

Fogar municipais e na súa intervención tanto relacionada coa propia dependencia como coa modalidade de libre concorrência. Con todo, este é o exemplo máis salientable dunha serie de servizos e programas relacionados coa atención ás persoas maiores que, na actualidade están a demandar máis recursos por parte dos Concellos.

A segunda delas atópase relacionada coa resposta local a outro tipo de necesidades non directamente vencelladas coa atención á dependencia ou ás persoas maiores que, se ben no caso de comarcas máis avellentadas se pode observar unha limitación nas mesmas, na Comarca de Ferrol son obxecto dunha especial atención debido á especial incidencia do caso dos Concellos de Fene ou Narón, por exemplo.

Neste sentido, dentro das actividades desenvolvidas polos equipos de benestar municipais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes, ademais das relacionadas coa atención ás persoas maiores e á dependencia, salientan, por exemplo, a importancia das actividades de conciliación ou de proxectos de elevado valor e recoñecemento como o Fálame de San Sadurniño no Concello de San Sadurniño, os obradoiros de nutrición saudable ou o proxecto Misión Neda do Concello de Neda, as múltiples actividades da Escola de Benestar do Concello de Narón, ou as actividades de prevención e a programación relacionada cos centros educativos do Concello de Fene.

Así, os Concellos teñen unha programación de benestar salientable, fuxindo da *hiperfocalización* nas actividades relacionadas coas persoas maiores e coa dependencia, sen deixar de prestar atención a este sector que é básico.

Un dos elementos a ter en conta para os departamentos de benestar, e para a relación entre estes e a dinamización demográfica e socioeconómica xeral, é a importante dotación de equipamentos de benestar localizados na Comarca.

Así, na actualidade atópanse operativas 17 Escolas Infantís e un PAI de múltiples titularidades (cunha importante complementariedade entre a titularidade pública, privada e social). Estes equipamentos están presentes en tódolos Concellos da Comarca (non se está a ter en conta a dotación do Concello de Ferrol) agás en Moeche e As Somozas, onde tampouco existen outro tipo de equipamentos intermedios como poden ser as Casas Niño, o cal supón un baleiro salientable á hora da prestación de servizos de coidados ou de conciliación entre a vida familiar e laboral, sobre todo en Concellos de elevada caída demográfica, de importante dispersión ou de complexa conexión en transporte público con outros núcleos da Comarca que contén con estes servizos.

Outro dos equipamentos máis salientables dentro das políticas de benestar locais son os Centros de Día que se atopan focalizados nos colectivos de persoas maiores dependentes. Neste eido, na Comarca localízanse 3 Centros públicos de atención ás persoas maiores de proximidade ou Centros de Día (non se está a contar coa dotación localizada no Concello de Ferrol), dos cales dous (Ares e San Sadurniño) son de xestión consorciada e o de Narón é de titularidade municipal, sumando entre todos un total de 120 prazas públicas. Esta oferta pública é complementada coa presenza de outros dous centros privados en Narón que suman 70 prazas, así como cos equipamentos públicos situados

no Concello de Ferrol que, dentro desta categoría, supoñen 150 prazas (dous centros de día e un centro de día de alzheimer).

Con carácter residencial, na Comarca atópanse diferentes equipamentos para a atención ás persoas maiores e á dependencia de titularidade social e privada, entre as que salientan un centro residencial de iniciativa social localizada en Narón con 151 prazas e outro de iniciativa privada de 157 prazas. Ademais, tamén se localizan estes centros, se ben con menor capacidade, nos Concellos de Fene, Moeche, San Sadurniño e Cedeira.

Estes centros residenciais son complementados coa oferta de vivendas e pisos tutelados para persoas maiores e para a atención á dependencia que, na actualidade, conta con 3 equipamentos de iniciativa privada en As Somozas, Cedeira e Valdoviño, sumando un total de 36 prazas.

Dentro da oferta de equipamentos de benestar, co impacto que estes teñen tanto para a mellora da vida dos colectivos obxectivo como para o fomento da conciliación da vida familiar e laboral das persoas cuidadoras, así como tendo en conta o seu efecto en termos das economías de benestar de proximidade; é preciso facer referencia ós equipamentos adicados ás persoas con discapacidade.

Neste sentido, como equipamentos non residenciais localízase un centro de día en Narón de iniciativa social de 40 prazas, en tanto que como equipamentos de carácter residencial atópase unha residencia en Cedeira con 15 prazas, tamén de iniciativa social. Esta oferta complétase con dúas vivendas tuteladas tamén en Cedeira, de iniciativa social.

A oferta de equipamentos para as persoas con discapacidade é preciso vencellala coa oferta de centros ocupacionais, localizándose na Comarca 4 centros en Cedeira, Fene e Narón con case 200 prazas de iniciativa social que, neste caso, súmanse ás 100 de iniciativa pública situadas no Concello de Ferrol.

Deste xeito, e tendo en conta a existencia de equipamentos residenciais para as persoas con discapacidade no Concello de Ferrol, a nivel comarcal é preciso mencionar que a iniciativa social é a que lidera a oferta, en tanto que no Concello de Ferrol centralízanse as prazas públicas. É dicir, a capilarización dos equipamentos no territorio e a súa consideración como equipamentos de proximidade responde á iniciativa social.

Un dos elementos máis importantes á hora de vencellar a dotación de equipamentos de benestar coa evolución demográfica é a posibilidade de establecer nexos entre a formación e a inserción laboral das persoas formadas. Así, resulta salientable a presenza dunha importante oferta formativa de Formación Profesional relacionada co ámbito sociocomunitario e de atención ás persoas en Ferrol, salientando o Ciclo Medio de atención ás persoas en situación de dependencia no IES Leixa, ou o Ciclo Superior de Educación Infantil no CIFP Ferrolterra.

Con todo, é preciso facer fincapé na oferta doutro tipo de accións formativas encamiñadas á obtención dos requirimentos académicos mínimos para a inserción laboral no SAF, servizo local de elevada intensidade en recursos humanos, respondendo á situación de importante demanda de profesionais dos diferentes prestadores do servizo na Comarca.

Deste xeito, tanto os Concellos como a iniciativa privada lideran o deseño de accións formativas que dean resposta ás necesidades dos diferentes prestadores do servizo, a pesar do cal os equipos técnicos municipais detectan tanto carencia de persoas capacitadas como dificultades para a inserción de calidade nun sector de importante flexibilidade, matizando así a potencialidade do servizo como nicho de xeración de emprego de calidade e de proximidade. Esta situación está a xerar na actualidade disfuncións na operatividade dos SAF nos Concellos, sobre todo na modalidade de libre concorrencia, tal como acontece no caso de Narón.

Como se pode observar, a dotación de servizos e equipamentos de benestar da Comarca sitúaa nunha posición de referente para as comarcas lindeiras, polo cal é preciso traballar no afianzamento destes servizos e garantir a continuidade dos equipamentos, evolucionando na dotación de novos servizos de carácter complementario que cubran necesidades sociais que, ata o intre, non están a ser consideradas. Trátase, por exemplo, da mellora de servizos como o transporte público local nos Concellos de menor poboación, considerado polos equipos técnicos de benestar como un elemento susceptible dunha profunda mellora que tería un importante impacto tanto en termos de benestar como en relación á dinamización socioeconómica xeral do territorio.

Finalmente, dende unha perspectiva integral de fortalecemento da dinámica demográfica, considérase básico o traballo de reforzo dos servizos de benestar e dos equipamentos operativos na actualidade, sobre todo tendo en conta a amplitude de colectivos de referencia e o necesario traballo, por exemplo, con colectivos de persoas inmigrantes; avanzar no deseño e prestación de servizos como o transporte local tendo en conta a necesidade de unión das diferentes centralidades (empresariais, de lecer, de servizos...) locais; ampliar a oferta de equipamentos e servizos de conciliación da vida familiar e laboral para as persoas maiores de carácter non residencial e de proximidade; mellorar na formación e inserción laboral de calidade das ocupacións relacionadas coa prestación de servizos de benestar; así como avanzar na construción de *coalicións internas* municipais entre os departamentos de benestar, promoción económica ou asesorías xurídicas, por exemplo, que relacionen os diferentes servizos municipais co obxectivo de fortalecer iniciativas de xeración de oportunidades laborais de proximidade en Concellos de menor volume de poboación e de mellora da inclusión laboral.

B) O avellentamento e a soidade.

Ó longo do documento obsérvase como a Comarca, en termos demográficos xerais, está a verse inmersa nunha perda de poboación da que só se abstraen Concellos como Narón ou como Ares por diferentes motivos.

A esta perda de poboación xeral úneselle o proceso de avellentamento da poboación xa que, alén da presenza na actualidade de diferentes Concellos que contan con cifras de persoas maiores superiores ó 30% da súa poboación, a idade media da Comarca non só é superior á de Galicia e da provincia, senón que o índice de avellentamento amosa como este avellentamento superará a medio prazo os datos dos territorios de referencia.

Neste sentido, as proxeccións de poboación para o ano 2030 fan fincapé no afondamento do proceso de avellentamento, salientando o elevado peso dos grupos de idade de persoas maiores de 50 anos e, sobre todo, o das mulleres con máis de 85 anos, co cal as políticas de benestar locais deberán dar resposta ás necesidades dun colectivo que, como se pode observar, marca a realidade do contexto demográfico.

Este proceso de avellentamento está a afectar en xeral a tódolos Concellos da Comarca agás Narón, que conta cos menores datos de persoas maiores de 65 anos, se ben con variación na intensidade. Dentro deste proceso tamén se inclúe a cidade de Ferrol, que presenta os maiores datos de persoas con máis de 65 anos das tres grandes cidades da provincia, de tal xeito que o núcleo urbano central da Comarca non só non colabora no equilibrio dos datos das zonas máis rurais, senón que os potencia.

A situación da Comarca en termos de avellentamento supón que na actualidade estea emerxendo a soidade das persoas maiores como un fenómeno a ter en conta e ó que responder dende as políticas locais de benestar. Este fenómeno obsérvase, en termos xerais, vencellado ó feito rural e, sobre todo, vencellado á presenza de intensas perdas de poboación en núcleos rurais, é dicir, ó illamento físico.

Con todo, na Comarca de Ferrol, ademais de nos Concellos rurais de maior dispersión e avellentamento, este fenómeno tamén se está a observar nos núcleos máis urbanos, salientando neste sentido o Concello de Ferrol onde a soidade non se relaciona tanto co illamento físico, senón co illamento social e coa ausencia de redes comunitarias que afecta ás persoas maiores, así como a outro tipo de colectivos como poden ser as persoas inmigradas.

Os enfoques recomendados para a actuación con estes colectivos son de carácter proactivo, comunitario e familiar, se ben estes enfoques baten cunha realidade xeral da actuación dos departamentos locais marcada pola elevada intensidade operativa da reactividade e a tramitación de recursos, sobre todo nos Concellos de menor poboación. De tódolos xeitos, a actividade despregada polos diferentes Concellos en materia comunitaria supón un salientable substrato sobre o que emprender novas actuacións innovadoras ou que potencien os programas xa existentes, de tal xeito que a pesar das esixencias operativas cotiás e da limitación dos medios, os equipos municipais de benestar están a asumir un perímetro de actividade que tenta fuxir do concepto de *hiperfocalización* en actividades relacionadas coa tramitación de recursos.

Dentro das medidas que na actualidade se están a poñer en práctica que poden incidir en materia de avellentamento e soidade atópanse as relacionadas coa teleasistencia e o SAF, consideradas como ferramentas básicas para paliar a soidade.

Nesta liña, tamén se recoñece a importante potencialidade que teñen os programas de voluntariado, aínda que na actualidade considérase un elemento no que mellorar a nivel de deseño dos propios programas e de coordinación e traballo coas persoas voluntarias. Esta posibilidade, con todo, debe ter en conta a experiencia dos programas de voluntariado levados adiante en Concellos como o de Fene que, na actualidade, mantén programas relacionados coa prevención entre a mocidade, e para

cuxo fomento se debe contar con persoal técnico especializado como poden ser, por exemplo, os persoal técnico de animación sociocomunitario ou sociocultural.

Este recoñecemento por parte dos equipos de benestar locais das limitacións no traballo co voluntariado tamén se estende ás relacións coas diferentes entidades sociais que teñen a súa localización na Comarca, ou que prestan servizos na mesma (sobre todo nos Concellos máis pequenos). Así, recoñécese que a mellora na coordinación e nos fluxos de información coas entidades suporía ampliar as ferramentas das políticas locais de benestar, incrementando o seu alcance e incluso mellorando o deseño de medidas, co que isto comportaría en termos de mellora xeral do rendemento a medio prazo das actuacións preventivas.

Neste sentido, é importante facer énfase na mellora da coordinación coa importante rede de entidades sociais e asociativas dende un duplo punto de vista. En primeiro lugar, o traballo conxunto coas entidades asociativas locais (sobre todo tendo en conta a súa vitalidade en casos como o de Fene, Moeche ou San Sadurniño, por exemplo) comporta un incremento na capacidade de transmisión de información bidireccional entre os departamentos de benestar e as persoas que conforman as asociacións, o cal supón a mellora da capilaridade da información dos departamentos de benestar chegando a máis xente, en tanto que tamén supón unha mellora da capacidade de resposta pública a situacións de risco.

En segundo lugar, a mellora do coñecemento e coordinación coas entidades do terceiro sector de acción social comporta, ademais dos efectos mencionados con anterioridade que son extensibles ás entidades do TSAS, efectos á hora de traballar con colectivos específicos evitando así a soidade e o illamento que, como se está indicando, non unicamente se atopa relacionado co avellentamento. Así, para a mellora do traballo en relación, por exemplo, co colectivo de persoas con discapacidade, é central a mellora da coordinación coas entidades sociais que, na actualidade, son as únicas que están a traballar especificamente con este colectivo.

Dentro da necesaria mellora da coordinación das actividades dos departamentos de benestar co universo de entidades e equipamentos que traballan en políticas de benestar, é preciso estender esta análise á coordinación cos Centros de Saúde e cos Centros Educativos.

Na actualidade, e cun impacto directo en relación ó traballo coa soidade e coa súa prevención, é preciso indicar que a coordinación dos departamentos de benestar cos Centros de Saúde é heteroxéneo e irregular, salientando exemplos de relevancia en Narón a raíz do programa para a redución de peso e de introdución de hábitos de vida saudable *100.000 motivos de peso*, ou en Ares onde se dan reunións mensuais de coordinación. Tamén son salientables programas como o Xermola de prevención da obesidade infantil de Fene onde os centros educativos confeccionan menús saudables onde, a pesar de que non hai colaboración estable co Centro de Saúde, as políticas de benestar entran de cheo dentro da mellora da saúde e dos hábitos de consumo da poboación en idade escolar. Ademais, de cara ó fomento das relacións informais entre os equipos de benestar e os Centros de Saúde, a proximidade é un factor central que favorece a transmisión de información útil de xeito bidireccional que, na actualidade, se está a aproveitar para compartir casos relacionados coa soidade e xerar posibilidades de actuación pública.

A análise das relacións dos departamentos de benestar dos Concellos de menor poboación da Comarca cos Centros Educativos amosa unha importante intensidade alén de iniciativas como poden ser as relacionadas coa conciliación ou coas escolas de familias. Neste sentido, e como exemplos, salientan as actuacións do Concello de Ares sobre prevención en relación con entidades sociais; as actividades de prevención realizadas de xeito conxunto entre Mugar dos, Neda e Fene; o programa Penélope relacionado coas adicións e a prevención de violencia de xénero, o Mocidade Activa ou o Entre Todos en Fene; os obradoiros de disciplina positiva en San Sadurniño; ou o Programa Municipal de Educación Extraescolar xa no Concello de Narón.

Neste sentido, a pesar da intensidade do traballo conxunto cos Centros Educativos, un dos aspectos nos que é preciso afondar é o relacionado co desenvolvemento de programas de carácter interxeneracional cos que, ademais de mellorar a socialización das persoas maiores, se poidan desenvolver actividades de transmisión de tradicións culturais. Ademais, esta ampliación do perímetro das actuacións para as persoas maiores é posible estendela ás actividades deseñadas polas Concellerías de Cultura ou Deportes, por exemplo, de tal xeito que se incrementen os efectos das mesmas tanto dende o punto de vista sectorial (recuperación de costumes, camiños, oficios...) como dende o punto de vista de reforzo das relacións comunitarias, co que isto comporta en termos da loita contra a soidade.

Ademais, dentro das posibilidades abertas para a realización de actividades de carácter interxeneracional, é preciso mencionar que existe un substrato fértil para levar a cabo estas actividades, xa que proxectos como o Fálame de San Sadurniño, de recoñecido prestixio, son susceptibles de ampliación no seu alcance. Isto acontece tamén en Fene nos proxectos de avellentamento activo realizados en coordinación coas entidades asociativas, en Moeche nas accións interxeneracionais levadas a cabo dende o Concello coa escola, ou nos contacontos interxeneracionais do Concello de Narón.

Un dos elementos importantes á hora de estudar a resposta ó avellentamento é a través da situación actual dos equipamentos especificamente adicados ó coidado das persoas maiores nas súas diferentes modalidades, tanto de carácter residencial como non residencial.

Neste caso, a pesar da existencia de equipamentos na comarca e da capacidade da cidade de Ferrol como centralidade territorial, verifícase un déficit de prazas tanto de carácter residencial como non residencial, prestando especial atención ás de carácter non residencial de proximidade, entendidos como equipamentos de especial interese que inciden tanto na mellora da calidade de vida das persoas usuarias e das coidadoras, como na xeración de economías de proximidade.

Finalmente, tendo en conta a emerxencia xeral do problema da soidade, considérase necesario reflexionar sobre a ausencia de programas específicos neste sentido nos Concellos da Comarca, se ben como se mencionou utilízanse diferentes ferramentas (tanto formais como informais) para a súa detección e para o seu tratamento. Así, a vitalidade das redes informais e comunitarias para a transmisión da información sobre a situación das persoas en soidade é un aspecto clave, aínda que é preciso potenciar esta vitalidade con programas específicos que relacionen axentes de proximidade (establecementos de hostalaría, comercios de proximidade, parroquias...) de xeito complementario á

colaboración institucional cos Centros de Saúde, completando un mapa de *antenas* que permitan a detección destas situacións e o traballo con elas cunha axeitada temporalización sen agardar á cronificación.

Dentro desta liña relacionada coa vitalidade das redes informais, considérase que proxectos como a Escola de Benestar do Concello de Narón, onde se inclúe o Programa Cóidateme especificamente deseñado para atención ás persoas coidadoras é unha ferramenta de elevada utilidade para a atención ó colectivo de persoas coidadoras que, entre outras situacións, tamén se ven inmersas na soidade, favorecendo a xeración de novas redes sociais entre as persoas asistentes ás actividades e fortalecéndoas psicolóxicamente. Estas actividades coas persoas coidadoras están a ser planificadas tamén en Concellos como Ares dentro do Servizo de Estimulación Terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias que está a xestionar AFAL Ferrolterra, de tal xeito que se observa como, paulatinamente, se está a iniciar unha liña de actividade con este colectivo que é preciso potenciar. Con todo, é preciso ter en conta as aprendizaxes procedentes de actividades como as levadas a cabo nos Concellos de Mugardos ou de Fene onde, neste último caso, se complementaba formación para persoas coidadoras con traballo emocional e que, a pesar de seren inicialmente un éxito, foron decaendo ata non existir demanda e desaparecer o programa.

C) As múltiples exclusións.

A Comarca de Ferrol forma parte da Área de Ferrol-Eume-Ortegal, utilizada polas fontes oficiais á hora de analizar a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, amosando os datos que o 24,03% da poboación da Comarca se atopa en risco de pobreza³⁶ (Estratexia Europa 2020 para o ano 2016), o que supón que máis de 37.000 persoas se atopan nesta situación.

A evolución da taxa na Comarca amosa unha salientable variación situándose a anualidade do 2017 como chan da serie dende o ano 2011 (cun dato do 18,97% no 2017), en tanto que o teito corresponde ó ano 2013 co 26,7%. A comparativa cos datos do conxunto de Galicia e da provincia tamén amosan irregularidade, aínda que é posible indicar que a taxa da Área adoita superar o dato provincial (coa excepción do ano 2012) e a situación en relación ó dato galego é variable. Con todo, os datos da Área contan co efecto distorsionador que ofrece a Comarca de Ferrol e, sobre todo, a realidade dos Concellos de Ferrol e Narón, que contan cun contexto socioeconómico diferente ó dos Concellos máis rurais da propia Comarca, que presentan semellanzas coas Comarcas de Ortegal ou o Eume, aínda que esta última tamén conta cos seus elementos diferenciais.

Dentro dos datos oficiais que é posible analizar a nivel comarcal, atópase a renda dispoñible bruta por habitante. Estes datos amosan un limitado diferencial negativo para a Comarca dun 2% con respecto ós datos de Galicia, de tal xeito que cada habitante da Comarca conta cunha renda inferior en 167€ ó promedio de Galicia e 1.080€ con respecto ó promedio da provincia. Ademais, é preciso mencionar que a renda da Comarca no ano 2015 non recupera os datos do 2010 polo que, se ben se

³⁶ Os datos do ano 2017 contemplan como esta cifra representa o 18,97%, en tanto que Galicia conta co 20,26% e a provincia co 18,65%.

observa unha lixeira recuperación dende o 2012, esta aínda non é o suficientemente intensa como para retomar os datos iniciais.

A nivel municipal é o Concello de Ferrol o que amosa unha maior renda dispoñible bruta por habitante, superando en 485€ anuais o dato galego do ano 2015, seguido do Concello de Neda que conta cunha diferenza de 416€. Nun plano intermedio, pero xa con rendas inferiores á galega, atópanse, por orde, os Concellos de Fene, Valdoviño, Ares, Narón, Mugardos, As Somozas, Cedeira e San Sadurniño, con diferenzas de entre 85€ (Fene) ata 1.607€ (San Sadurniño). No último chanzo atópase o Concello de Moeche, que amosa unha diferenza con respecto ó dato galego de 3.054€ anuais.

Ademais, é preciso mencionar que a renda diminúe en tódolos Concellos entre o 2010 e o 2015 agás no caso de Neda, que medra un lixeiro 1%.

A nivel comarcal e municipal tamén é posible estudar o peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante, observando un importante diferencial negativo entre os datos da Comarca, de Galicia e da provincia en contra da Comarca xa que no ano 2015 o peso das prestacións era na Comarca seis puntos superior ó dato galego.

A nivel municipal a presenza de pesos das prestacións sobre a renda superiores ó dato galego é case total xa que só o Concello de Narón presenta o mesmo dato ca Galicia. Dentro dos Concellos que presentan maiores pesos ca Galicia, o diferencial mínimo teno o Concello de Ares (con catro puntos máis ca Galicia), en tanto que os diferenciais máximos téñenos os Concellos de Moeche (11 puntos), Mugardos (10 puntos), Fene (9 puntos) ou Ferrol e San Sadurniño (8 puntos).

Ademais, se ben se observa unha evolución ascendente dos pesos en tódolos Concellos entre os anos 2010 e 2015, é preciso indicar que só os Concellos de Ares e As Somozas presentan unha ruptura nesta evolución lineal, xa que este peso descende no período 2012 – 2015. Con todo, agás no Concello de Narón, obsérvanse pesos próximos e superiores ó 40% da renda polo que se debe mencionar que boa parte da renda da cidadanía da Comarca procede directamente das prestacións, o que amosa ás claras a súa influencia na economía territorial e a presenza dunha dinámica xeral da que non se pode excluír ó Concello de Ferrol nin ós Concellos da primeira coroa metropolitana agás o caso de Narón.

A diferenza do acontecido nas restantes áreas metropolitanas de Galicia e da provincia, os diferentes Concellos da Comarca, se ben contan coa influencia da centralidade que supoñen tanto Ferrol como Narón en termos de servizos, non se ven determinados por eles, o cal comporta unha limitación na capacidade económica destas centralidades e no seu traslado ó resto do territorio de efectos sobre, por exemplo, o emprego.

Neste sentido, a afiliación á Seguridade Social na Comarca evoluciona substancialmente á baixa entre os anos 2011 e 2014 para, a partir desa anualidade, iniciar un proceso de suave recuperación que, no 2018, aínda non acadou as cifras iniciais na serie. Con todo, esta lixeira recuperación non debe agochar que no período analizado se perden afiliacións ó réxime xeral, incrementándose de xeito

suave as afiliacións no réxime de autónomos/as e do mar, en tanto que a evolución do réxime de persoas empregadas no fogar ascende dun xeito substancial.

En relación á loita contra á exclusión das persoas en risco, na Comarca atópanse localizados catro centros de acollida no Concello de Narón, cun total de 15 prazas xestionados pola iniciativa social. A esta oferta engádeselle, xa no Concello de Ferrol, outra serie de equipamentos como comedores sociais, centros de día, centros de acollida ou albergues, completando unha importante rede de atención á exclusión social.

Ás exclusións de carácter económico vencelladas co ámbito laboral e coa renda únenselle outro tipo de exclusións relacionadas coa emerxencia das situacións de dependencia derivadas do intenso avellentamento e coa necesidade de cuidados.

Neste sentido, un dos elementos máis salientables relacionado coas necesidades de cuidados é o impacto que a intensa feminización dos mesmos ten sobre as persoas, sobre o seu emprego/empregabilidade e sobre as súas carreiras profesionais, sobre todo atendendo ás súas cotizacións e á xeración de dereitos relacionados coa xubilación. Así, outra das exclusións máis importantes que se está a observar é a relacionada coa das persoas cuidadoras, que ten efectos inmediatos a través da ruptura das súas relacións laborais actuais e das relacións sociais no seu contexto, e que ten efectos diferidos sobre as pensións de xubilación, o que incrementa as posibilidades de risco de pobreza no futuro.

Outra das exclusións máis salientables é a relacionada coa presenza das discapacidades, tanto polas propias persoas con discapacidades que no 2017 eran máis de 9.000 persoas na Comarca, como polas persoas cuidadoras, sendo preciso mencionar que na Comarca atópanse diferentes centros xestionados por entidades de iniciativa social e públicas dirixidos a cubrir as necesidades destes colectivos.

Neste sentido, alén da oferta presente en Ferrol, salienta a presenza dun centro de día, unha residencia e dúas vivendas tuteladas especializados en atención a persoas con discapacidade, así como catro centros ocupacionais. A importancia dos equipamentos especializados na atención ás persoas con discapacidade e as necesidades das entidades sociais para a xestión dos devanditos equipamentos, provoca que sexa preciso prestar especial atención á continuidade destes centros como elementos clave de benestar.

Tamén é preciso mencionar o caso das exclusións vencelladas coas adicións de especial incidencia entre a mocidade, entre as que salientan as relacionadas coas tecnoloxías, co repuntamento das drogadiccións e co alcoholismo, para as cales salienta a presenza de actividades en case tódolos Concellos, con especial atención á intensidade e á duración no tempo das levadas a cabo en Narón ou en Fene, por exemplo. Con todo, en termos xerais, os equipos técnicos de benestar, sobre todo dos Concellos de menor volume, aluden á necesidade de deseñar e implementar nos centros educativos programas amplos e estables relacionados coa prevención, nos que se integren ás familias a través das ANPAS, co obxectivo de incrementar o impacto dos mesmos e a extensión das modificacións da conduta dende o ámbito dos menores ó ámbito familiar.

Finalmente débese salientar a necesidade de incrementar os esforzos realizados en materia de traballo cos colectivos de persoas inmigrantes, elemento detectado tanto nos Concellos de maior volume poboacional (Ferrol, Narón e Fene), como en Concellos de menor volume como é o caso de Ares. Así, é preciso afondar no traballo tanto de carácter administrativo relacionado co asesoramento en termos de regularización ou de homologación de formación no que, na actualidade, están a ter un importante rol as entidades sociais, como no traballo relacionado coa inclusión, salientando neste sentido a necesidade de intensificar as accións nos centros educativos onde se debe introducir a perspectiva familiar como xeito indirecto para mellorar o acceso ós núcleos familiares.

D) Os coidados.

Na liña do mencionado, é preciso reiterar que a Comarca conta cunha importante presenza de diferentes tipos de equipamentos de servizos sociais, salientando tanto o relacionado coa atención á primeira infancia (escolas infantís e, dende un punto de vista complementario, as ludotecas) como o relacionado coa atención á dependencia, discapacidade e maiores.

Esta dotación de equipamentos realízase de xeito complementario entre as diferentes titularidades, xa que tanto a iniciativa pública como social teñen un amplo asentamento na Comarca, salientando tamén a iniciativa privada que tamén ten presenza no coidado da primeira infancia e na atención ás persoas maiores de proximidade e de carácter residencial.

Con todo, esta importante presenza de equipamentos non obsta para verificar un déficit de prazas. Esta situación afecta, en relación ós equipamentos para o coidado da primeira infancia, a Concellos que non contan con ningún servizo (Moeche ou As Somozas), e a Concellos que deben ampliar e actualizar os seus equipamentos, como acontece no caso de Mugardos, ou o servizo prestado dende estes, tal como acontece no caso de Fene cos horarios das escolas infantís de xestión consorciada.

En relación ós equipamentos de proximidade públicos para a atención ás persoas maiores é preciso incidir en que a actual dotación, alén do déficit de prazas mencionado de 336 para acadar a ratio obxectivo, e a súa distribución no territorio non está a responder ós criterios de proximidade precisos para cubrir as necesidades das persoas usuarias. Neste sentido, a ausencia dunha axeitada capilarización destes equipamentos ó longo do territorio e a ausencia de equipamentos intermedios como poden ser as Casas do Maior (sobre todo en Concellos que non contan con Centros de Día públicos) supón a presenza de necesidades sociais non cubertas e, polo tanto, a necesidade de utilizar recursos como o SAF que, en determinados casos, poden non ser considerados os idóneos.

Ademais, é preciso indicar que, atendendo ás indicacións dos equipos técnicos municipais, o Centro de Día público de Ares, de xestión consorciada, non ten operativas a totalidade das prazas autorizadas segundo o RUEPPS, de tal xeito que a súa oferta estase a reducir a, aproximadamente, a metade das 40 prazas autorizadas.

Neste sentido a nivel municipal estanse implantando servizos de carácter intermedio para a atención ás persoas maiores que non contan coa valoración da dependencia. Os Servizos de Estimulación Terapéutica, como o implantado no Concello de Ares, teñen unha intensidade variable, pero róldase entre unha atención de dous días á semana e atención diaria en sesións de 4 horas por parte de persoal especialista de entidades sociais, como acontece en Ares con AFAL Ferrolterra.

Así, sempre dentro do recoñecemento das necesidades de ampliación das prazas públicas na liña indicada, esta complementariedade dos servizos e das titularidades, e sobre todo da relación entre entidades públicas e sociais, amósase como un dos grandes activos da comarca na liña da creación de redes comarcais de entidades para o benestar co que isto comporta en termos de ampliación das capacidades conxuntas de deseño de medidas de benestar ou de profundidade das mesmas. Ademais, é preciso recoñecer o traballo que as entidades sociais están a desenvolver en relación a colectivos como o das persoas con discapacidade, exercendo o liderado das tarefas de atención e reforzando de xeito imprescindible a rede de coidados conxuntamente coa familiarización.

A elevada importancia da iniciativa social na política de coidados a nivel local e comarcal supón que a política de benestar debe prestar especial atención á colaboración con estas iniciativas dende un duplo punto de vista conformando un escenario de interdependencia. En primeiro lugar mellorando a intensidade dos fluxos de información entre entidades e equipos municipais, co obxectivo de avanzar no deseño de medidas conxuntas e, polo tanto, de ampliar tanto o abano de medidas como a súa profundidade. En segundo lugar, dende a mellora da estabilidade do funcionamento dos equipamentos das iniciativas sociais, tanto máis canto estes equipamentos se están a focalizar no colectivo das persoas con discapacidade para os cales o sector público non está a dar respostas de proximidade.

Así, na procura desta estabilidade local e da sustentabilidade das iniciativas sociais, dos equipamentos que estas xestionan e dos seus equipos técnicos, amósase preciso non só que os Concellos avancen na colaboración, senón que esta filosofía da estabilidade se estenda ós programas de colaboración sostidos dende ámbitos como a Deputación da Coruña, co que isto supón á hora de multiplicar a potencialidade das redes comarcais e das políticas locais de benestar a través de iniciativas innovadoras.

Outro dos elementos centrais das políticas de benestar en relación ós coidados ás persoas no ámbito local é, sen dúbida, o SAF nas súas dúas modalidades (dependencia e libre concorrencia). Este servizo, que é dunha salientable intensidade en recursos económicos e humanos, na actualidade está a chegar a máis de 1.000 fogares na Comarca (incluíndo datos do Concello de Ferrol), dando emprego directo a máis de 600 profesionais auxiliares, co cal o servizo conxuga á perfección a potencialidade de creación de postos de traballo de proximidade coa atención individualizada a un elevado número de usuarios/as.

Esta elevada importancia cuantitativa do SAF supón unha elevada tensión en termos de servucción para os Concellos, para a cal se utilizan as formas de xestión indirecta e mixta. Neste sentido, é salientable a amplitude dos custos/hora mencionados dende os equipos técnicos de benestar, que

van dende os 10,64€/hora do servizo de dependencia en Mugar dos ós 18,36€/hora de todo o SAF en Cedeira.

Neste sentido, é preciso mencionar as elevadas tensións que a xestión das dúas modalidades do SAF está a ter nos equipos municipais de benestar xa que, tanto dende a óptica da xestión directa, como dende a óptica do deseño do proceso de licitación e control de xestión no caso de servizos externalizados, as dificultades a afrontar polos equipos son múltiples, salientando a limitación do número de persoas coa capacitación requirida, así como a percepción da limitada capacidade de atracción de profesionais que ten o SAF na actualidade. Estas tensións están a afectar ós últimos anos a tódolos concellos da Comarca, pero están a ter especial incidencia no Concello de Narón.

Con todo, a pesar da importancia do SAF e da súa elevada potencialidade, é preciso facer fincapé no esforzo que os equipos locais de benestar están a asumir para evitar a *hiperfocalización* da política de benestar local en torno ó devandito SAF, respondendo así a unha variedade de necesidades sociais. Dentro destes esforzos, e tendo en conta a importancia dos coidados ás persoas dependentes (con independencia da súa valoración atendendo á normativa de referencia) é preciso reiterar o efecto e o valor que está a xerar o Servizo de Estimulación Terapéutica do Concello de Ares.

É dicir, os Concellos están a xerar actividades complementarias de coidados que van alén das dúas modalidades de SAF de elevada utilidade para as persoas usuarias e para as súas familias o cal, se ben nun primeiro intre é posible identificar cun afondamento nos coidados e, polo tanto, na *hiperfocalización*, tamén é posible identificar como un xeito de afondar nas crecentes necesidades dun colectivo que superan as posibilidades do SAF e que, na actualidade, non se están a ver cubertas por outro tipo de servizos de proximidade.

Ademais, tal como se vén comentando, os concellos da Comarca están a desprezar unha importante e intensa actividade en relación cos centros educativos, coa conciliación da vida familiar e laboral, coa dinamización xuvenil ou co enfoque comunitario e de benestar nas actividades de lecer. Así, obsérvase unha importante amplitude de accións de benestar dentro da actividade municipal que van alén das relacionadas directamente cos coidados e que, en casos como Fene ou San Sadurniño, son desenvolvidas en relación coa rede de actores sociais que traballan no territorio (ANPA, entidades asociativas, centros educativos...).

De tódolos xeitos, un dos aspectos relacionados cos coidados nos que é preciso incidir é na atención ás persoas coidadoras. Neste sentido, nos Concellos detéctase a importancia do traballo organizado coas persoas coidadoras tanto a nivel formativo como a nivel de asistencia de carácter psicolóxico individual ou grupal, pero este é un eido no que aínda non se está a afondar coa suficiente intensidade, pero para o cal se pode aproveitar tanto a fertilidade do ecosistema do TSAS, como as propias actividades desenvolvidas dende os Concellos (en eidos como a cultura ou o deporte, por exemplo) xerando efectos multiplicadores e maiores posibilidades de inclusión relacional das persoas coidadoras.

Con todo, é preciso ter en conta a existencia de exemplos de valor neste eido. Así, en Ares, dentro do Servizo de Estimulación Terapéutica existen sesións para as familias, en tanto que en Fene tamén se

puxeron en práctica programas de atención ás persoas cuidadoras que, co tempo, foron esmorecendo. Dentro destas experiencias, salienta o Programa Coidateme, que está desenvolvendo Narón dentro da Escola de Benestar. Dentro deste programa, na actualidade existe un grupo de reforzo psicolóxico con sete usuarias que é preciso potenciar a través da prestación de servizos auxiliares de coidado. De tódolos xeitos, a nivel xeral recoñécese que os programas de atención ás persoas cuidadoras deben ser deseñados en coordinación cos Centros de Saúde, para a detección e derivación, así como en estreita colaboración coas profesionais auxiliares do SAF, tanto para a información e sensibilización, como para o deseño de servizos auxiliares de coidados.

Estas experiencias son de elevada importancia para as persoas cuidadoras, incrementando a profundidade dos servizos locais relacionados cos coidados, e colaborando na prevención de casos de soidade e incluso exclusión dun colectivo (o de persoas cuidadoras) que adoita estar esquecido nas principais liñas de actuación das administracións públicas ata o intre.

E) Os equipos locais de benestar.

A evolución das modalidades de financiamento que a Sección de Benestar da Deputación da Coruña pon a disposición dos Concellos menores de 20.000 habitantes supón unha variación nas posibilidades dos servizos a raíz dun dobre efecto.

Por unha banda, o financiamento do perfil do apoio administrativo e de persoal técnico complementario ó/á traballador/s social de referencia permite completar dende un punto de vista integral o equipo inicial, permitindo tanto unha maior axilidade administrativa e unha mellor atención inicial ó público, como unha atención multidisciplinar ós diferentes casos, achegando tamén posibilidades de ampliar o abano de servizos ofrecidos dende os Concellos.

Por outra banda, a fonda variación do financiamento do SAF da modalidade de libre concorrência supón un incremento no ingreso dos Concellos e, polo tanto, unha maior capacidade á hora da prestación deste servizo que, como se puido observar, aínda non é posible avaliar e que tamén depende doutros factores individuais de cada Concello como pode ser o referente á existencia de sistemas de xestión informatizados ou o rendemento dos equipos propios ou de prestadores externos.

A evolución do financiamento da Deputación da Coruña, vencéllese coa maior capacidade dos Concellos á hora de incrementar os seus equipos técnicos e administrativos dos departamentos de benestar, así como coas posibilidades do SAF básico.

Así, nos Concellos da Comarca de Ferrol a Deputación está a financiar apoio administrativo a través do FOPSS en tódolos Concellos menores de 20.000 habitantes agás no de Moeche, en tanto que no de As Somozas este financiamento é polo 50% da xornada xa que é a adicada ó equipo de benestar, a pesar da verificación da necesidade, en ámbolos casos, de apoio administrativo ó equipo técnico.

Con respecto ó financiamento dos equipos técnicos complementarios, a Deputación está a financiar este persoal a través do FOPPSS en tódolos Concellos menores de 20.000 habitantes agás en Moeche e As Somozas, en tanto que o financiamento para Neda cobre o 50% dun/ha profesional.

Neste sentido, o apoio da Deputación no financiamento do persoal técnico complementario facilita que os Concellos conten con equipos multidisciplinares, onde se integran dende especialistas en psicoloxía (Concello de Mugardos), educadoras (Neda e Ares), ou técnicas de prevención ou educación familiar (Fene, San Sadurniño). Con todo, considérase preciso fortalecer este financiamento, así como avanzar en medidas de apoio ós equipos técnicos municipais a nivel comarcal co obxectivo de ampliar o abano de actividades a desenvolver, sobre todo das de carácter comunitario.

Con respecto á prestación do SAF de Libre Concorrenca, a evolución da modalidade de financiamento da Deputación non vai seguida dunha evolución ascendente homoxénea en tódolos Concellos da Comarca menores de 20.000 habitantes. Así, obsérvase como o número de horas prestadas no período 2016 – 2018 descende en Ares, Mugardos, As Somozas e Valdoviño, en tanto que medra de xeito substancial en Cedeira, Fene, Moeche e Neda, evolucionando tamén de xeito positivo, aínda que máis suavemente, en San Sadurniño.

Ademais do incremento ou descenso do número de horas de Libre Concorrenca prestadas polos Concellos, é preciso estudar a súa evolución xa que, como se puido comprobar, esta evolución é abrupta en diferentes casos entre o 2016 e o 2018. De feito, unicamente os Concellos de Ares (-3%) e San Sadurniño (+3%) contan cunha evolución suave.

Neste sentido, o Concello de Cedeira incrementa as súas horas nun 40%, Fene nun 33%, Moeche nun 21% e Neda nun 29%. Así, Fene está a expandir o seu servizo de libre concorrenca, considerando a curto prazo unha previsión de incremento de horas; Moeche incrementa as horas a raíz da ampliación dos contratos laborais das profesionais auxiliares, polo que de continuar esta liña de ampliación de xornada é previsible seguir respondendo ás necesidades sociais por parte do servizo, aínda que tamén se está prevendo o incremento do financiamento da modalidade de dependencia por parte da Consellería de Política Social; en tanto que Neda tamén prevé a expansión do servizo a raíz da detección dunha elevada necesidade por parte do equipo técnico.

Con todo, é preciso mencionar que estes Concellos están a cubrir maioritariamente as agardas de dependencia a través do servizo de libre concorrenca, polo que os previsibles incrementos dependerán, en boa medida, da evolución do financiamento da Consellería de Política Social xa mencionada.

En relación ós Concellos que diminúen a súa prestación de SAF, salientan os casos de Mugardos (-46%), As Somozas (-57%) e Valdoviño (-14%). No caso do Concello de Mugardos, a pesar da previsión do incremento do servizo, esta evolución responde ás posibilidades de contratación de persoal por parte do Concello, xa que o servizo é de xestión directa, e á xestión da bolsa de traballo específica coa que contan, ademais de que na actualidade non se están a cubrir as agardas de dependencia a través da libre concorrenca. No caso de As Somozas, o servizo responde maioritariamente ás

agardas da modalidade da dependencia, de tal xeito que o incremento do financiamento da Consellería de Política Social no ano 2018 desta última modalidade, supuxo a baixa de varias persoas usuarias de elevada intensidade, o cal comporta a redución da prestación de horas de libre concorrencia, a pesar de que a previsión técnica é o incremento paulatino deste servizo.

Deste xeito, obsérvase unha importante complexidade na xestión do SAF de libre concorrencia, xa que non só se está a responder de xeito xeral ás agardas de dependencia (co que isto comporta en termos de custo de oportunidade), senón que o rendemento do servizo depende directamente numerosos factores como (I) a presenza de persoal formado para integrar os equipos e responder así á existencia de financiamento e de necesidades sociais; (II) os sistemas de licitación e contratación de prestadores externos que inciden directamente no número de horas a prestar por estes; ou (III) as posibilidades normativas e financeiras de contratación directa de profesionais por parte dos Concellos.

Como se pode observar, o escenario para o servizo é dunha importante complexidade aínda que os equipos técnicos recoñecen, por unha banda, a adecuación á realidade do novo sistema de financiamento da Deputación da Coruña, en tanto que por outra banda recoñecen que, alén de dificultades puntuais derivadas da complexidade mencionada, a tendencia xeral é o incremento.

Na actualidade os equipos SAF que prestan servizo na Comarca superan os 600 auxiliares, o que amosa a intensidade en recursos humanos do servizo, así como a súa intensidade en termos de xestión xa que se están a roldar os 1.000 fogares nos que se presta servizo con máis de 575.000 horas no ano 2018. Así, os equipos técnicos consideran que a xestión do SAF (de ámbalas modalidades) está a supoñer un reto salientable, chegándose en diferentes Concellos a un tope operativo relacionado coas capacidades económicas, coa capacidade técnica e coa presenza de persoas capacitadas no territorio que integren os equipos dos diferentes prestadores.

Este é un aspecto ó que se debe prestar especial atención xa que supón que, na actualidade, a demanda de profesionais con formación supera a capacidade de xerar profesionais formados/as que ten, por unha banda, o Ciclo Medio de formación profesional de Atención ás persoas en situación de dependencia da familia de Servizos socioculturais e á comunidade que se imparte no IES Leixa de Ferrol, e, por outra banda, as diferentes accións formativas tales como obradoiros de emprego ou accións FIP que se están a desenvolver nos Concellos.

Neste sentido, no relativo ás accións emprendidas tanto pola iniciativa privada como pola pública municipal para fomentar a obtención dos certificados de profesionalidade esixidos para o traballo no SAF, estas son fragmentadas, polo que se ben poden resolver situacións puntuais de demanda de recursos humanos capacitados, esta necesidade segue a existir. Con todo, de cara á cobertura das necesidades do servizo, tamén é preciso ter en conta a importante flexibilidade horaria inherente ó SAF así como a temporalidade das contratacións, elementos estes que dificultan a atracción de profesionais formadas e o seu asentamento no sector a medio prazo, co que isto comporta á hora de limitar a potencialidade que ten este sector á hora de xerar emprego de proximidade.

Como se mencionaba con anterioridade, se ben o elemento que está a determinar a carga de traballo dos equipos de benestar dos Concellos de menor poboación é o relacionado coa atención ás persoas maiores e coa dependencia, así como coa xestión de ámbalas modalidades do SAF, os Concellos están a facer salientables esforzos operativos na xestión de programas e actividades para superaren esta *hiperfocalización*.

É neste aspecto onde o financiamento da Deputación da Coruña está a permitir contar con equipos técnicos que amplíen o abano de programas locais de benestar, de tal xeito que se amosa preciso incidir tanto na estabilidade do financiamento para a dotación dos equipos, como no seu incremento e na mellora do apoio que estes reciban dende a óptica da multidisciplinariedade, co obxectivo tanto de ampliar o alcance das accións como de mellorar a súa profundidade, favorecendo a existencia de exemplos de transversalidade interna que multipliquen o efecto dos programas emprendidos, e evitando prácticas de *hiperfocalización* na xestión do SAF que reducirían a capacidade de resposta local ás novas e emerxentes necesidades sociais de colectivos diferentes ó das persoas maiores.

Ademais, finalmente, sobre todo tendo en conta o elevado peso que as entidades sociais teñen a raíz da xestión de equipamentos, salienta a necesidade de mellorar o traballo co TSAS da Comarca. Neste sentido, ademais de ser preciso emprender de xeito xeral en tódolos Concellos prácticas de contratación pública socialmente responsable seguindo exemplos xa presentes na provincia, é preciso intensificar as relacións entre os equipos técnicos dos Concellos e das entidades. Estas relacións terían un efecto multiplicador das accións lideradas polos departamentos de benestar dos Concellos, ofrecendo a posibilidade de chegar a novos/as potenciais usuarios/as a raíz da mellora, por exemplo, dos sistemas de difusión e captación, e xerando complementariedades que incrementen a información obtida polos equipos técnicos para mellorar a profundidade dos programas relacionados, por exemplo, co colectivo de persoas con discapacidade.

4.2 AS PRINCIPAIS RECOMENDACIÓNS.

A) A evolución demográfica

Ó longo do documento verifícase que a situación demográfica da Comarca de Ferrol atópase determinada pola evolución xeral á baixa, da que só se exceptúan os Concellos de Narón e Ares e que, ademais de ós Concellos máis rurais como, por exemplo, Moeche, ten no propio Ferrol un dos seus maiores exemplos.

Esta evolución da principal centralidade da Comarca, así como de Concellos da súa primeira coroa metropolitana como Fene ou Mugardos, supón unha diferenza substancial con respecto ás restantes áreas metropolitanas da provincia onde, se ben se observa unha estabilidade no núcleo urbano principal, os Concellos da primeira coroa medran todos de xeito intenso. No caso da Comarca de Ferrol, tendo en conta a evolución negativa do Concello de Ferrol, este crecemento absórbeo

integramente o Concello de Narón xa que, no caso de Ares, obsérvanse outros matices relacionados coas segundas residencias.

Neste sentido, é posible establecer un paralelismo entre a situación demográfica dos Concellos rurais da Comarca e daqueles Concellos máis urbanos que están a perder poboación. Este paralelismo céntrase no proceso de erosión dos sectores produtivos de proximidade que, en tanto no eido rural se centraron no primario, no urbano se centraron no industrial, e que a raíz do seu devalo e tentativas de reconversión, non foron substituídos por outros de semellante intensidade na demanda de recursos humanos a pesar da implantación en Ferrol, por exemplo, de equipamentos como poden ser as diferentes facultades da UdC que operan a xeito de centralidades pero cuxo impacto xeral en termos de freo do devalo demográfico é limitado, atendendo ós datos expostos.

Como consecuencia deste proceso, e tendo en conta a situación de Concellos como Narón que se atopan en proceso de expansión como consecuencia da localización de diferentes centralidades empresariais e de servizos e do diferencial existente en tensións inmobiliarias con respecto a Ferrol, as proxeccións de futuro afondan no devalo demográfico ó intensificar a perda de poboación. Esta intensificación do devalo suporá, en Concellos de menor volume como poden ser os de As Somozas ou Moeche, a plena inclusión dentro da *demotanasia* xa que o territorio se atopa en serio perigo de ficar sen bases socioeconómicas sobre as que erixir proxectos de vida.

Así, considérase que un dos fundamentos para a reversión da evolución demográfica observada é o vencello entre as estratexias locais de promoción económica e emprego e as estratexias de benestar da poboación, de tal xeito que non só se produza unha maximización do aproveitamento e expansión dos sectores económicos de proximidade, senón que os servizos de benestar se convertan en parte desta expansión de proximidade a través do seu desenvolvemento como complementos imprescindibles para a conciliación e a calidade de vida da poboación.

Dentro deste marco de interpretación é preciso atender á potencialidade que o benestar ten como xerador de economías de proximidade, debendo facer referencia á elevada complementariedade existente entre as titularidades pública, privada e social dos diferentes equipamentos, así como ás necesidades de servizos intensos en recursos humanos como é o SAF. A resposta ós retos e ás necesidades dos servizos e das entidades xestoras comportarán, dende este punto de vista, un paso adiante para a xeración de economías de proximidade e para a dinamización socioeconómica do territorio.

Ademais, é preciso reforzar a liña de ampliación do abano de programas e servizos que na actualidade están a prestar os servizos locais de benestar, de tal xeito que se asente a valiosa práctica de loita contra a *hiperfocalización* na xestión de recursos relacionados coa dependencia observada na realidade dos Concellos. Neste sentido, as prácticas de colaboración estables con centros educativos, centros de saúde ou entidades asociativas locais, fan posible contar cun substrato de valor para potenciar un traballo de carácter comunitario que será parte indispensable para a mellora da calidade de vida xeral da poboación e para a xeración de novas dinámicas de integración que fagan ó territorio atractivo.

Recomendación 1. Xeración de estratexias compartidas entre os Departamentos de Promoción Económica e Emprego locais cos de Benestar.

Como se menciona ó longo do documento, a Comarca conta con centralidades a nivel empresarial que teñen unha capacidade de atracción importante, como é o caso do Concello de Narón.

Neste sentido, a presenza destes núcleos supón unha oportunidade para a xeración de economías de proximidade xa que contan con sectores tractores de elevada intensidade en recursos humanos. Así, considérase preciso afondar no desenvolvemento destes sectores así como doutros de carácter complementario capilarizados no resto do territorio que dean continuidade ó pulo económico na liña de impedir o devalo poboacional presente en boa parte do territorio da Comarca.

Este desenvolvemento socioeconómico debe ser harmónico, para o cal se recomenda a introdución da visión do benestar como elemento consubstancial na acción municipal. Esta visión, que dará na creación de *coalicións internas de benestar*, suporá tanto a introdución da necesaria planificación dos servizos de benestar (servizos de conciliación, servizos de transporte público...) para dar resposta á creación de novas iniciativas económicas que reterán/atraerán persoal, ó mesmo tempo que estes servizos de benestar serán identificados como fontes de ocupacións cualificadas que redundarán na retención/atración de poboación.

Dentro destas *coalicións internas de benestar* salientan ferramentas como as bolsas de traballo municipais que poñan en relación ás entidades demandantes de recursos humanos e ás persoas demandantes de emprego, aspecto este que fornece de información, ó mesmo tempo, ós servizos técnicos municipais para anticipar demandas sociais ás que responder en termos de benestar a través da creación de novos servizos ou a través da ampliación ou redefinición dos xa existentes. Estas ferramentas atópanse presentes en diferentes Concellos da provincia, pero na Comarca considérase preciso afondar nelas de cara a maximizar a súa potencialidade.

Dentro da información que xera a presenza de ferramentas de intermediación laboral e de contacto directo coas iniciativas empresariais locais atópase, como se menciona, a relacionada cos servizos de benestar precisos para a conciliación da vida familiar e laboral, sempre na liña de conformar territorios atractivos para a retención/atración de poboación.

Neste sentido, amósase preciso mellorar a presenza de servizos como as ludotecas, os programas de conciliación estival ou o servizo de madrugadores (presentes en diferentes Concellos da Comarca como San Sadurniño ou Neda, por exemplo) que, en relación cos diferentes chanzos educativos, os complementen dende o punto de vista da conciliación á vez que son contemplados como unha oportunidade educativa e laboral. Así, tendo en conta a multifuncionalidade das diferentes recomendacións, é preciso repensar estas actividades dotándoas de contidos relacionados coa transmisión de valores comunitarios ou coa mellora do coñecemento da

contorna, de tal xeito que poidan ser núcleos de xeración de novos vencellos, así como de realización de actividades interxeneracionais.

Dentro da relación entre a dinamización económica do territorio e as políticas de benestar, o SAF é un servizo de elevado impacto en termos de creación de postos de traballo e de indubidable valor social. Na actualidade, o SAF xestionado polos Concellos está a xerar ó redor de 600 postos de traballo de proximidade, co cal non é posible abstraerse da importancia deste servizo a nivel laboral, debendo avanzar tanto para consolidar este servizo como para mellorar as condicións xerais do mesmo garantindo así que sexa considerado atractivo a nivel laboral.

Dentro desta lóxica, é preciso facer referencia ás ferramentas que na actualidade están a disposición das administracións locais á hora de incidir na dinamización económica local. Neste sentido, a lexislación vixente a través da utilización de cláusulas sociais, laborais e medioambientais, así como da reserva de contratos³⁷, permite mellorar a colaboración coas entidades sociais, por exemplo, a través dos 9 centros especiais de emprego activos na Comarca, o cal contribúe á xeración de economías de proximidade de especial valor para colectivos específicos.

Recomendación 2. Mellora da oferta comarcal de formación dirixida á atención ás persoas.

Na liña de considerar os equipamentos e os servizos de benestar como centros de xeración de economías de proximidade (ademais da súa obvia función inicial de atención ás persoas usuarias), estes equipamentos actúan como centros de atracción de persoal formado, sendo de especial preocupación na actualidade que as diferentes opcións formativas (entre as que salienta a presenza do Ciclo Medio de Formación Profesional de Atención ás persoas en situación de dependencia no IES Leixa en Ferrol, así como os diferentes obradoiros realizados polos Concellos da Comarca) non achegan o suficiente número de profesionais para cubrir as necesidades do SAF, segundo indican os equipos técnicos de benestar local.

Ademais, esta situación complementábase coa expansión que nos últimos anos está a ter un servizo como o SAF, de tal xeito que a súa demanda de persoal formado supera as posibilidades da oferta formativa comarcal, debendo avanzar no deseño de accións que permitan á poboación acceder ó certificado de profesionalidade correspondente. Así, ferramentas como os obradoiros de emprego demostraron ser de importante utilidade polo que é preciso incidir nelas mellorando a selección de perfís e garantindo que os/as profesionais formados accedan ós postos de traballo ofertados polos diferentes prestadores.

Estas accións xerarán persoal formado para a súa inserción nos equipamentos de benestar que se localizan na Comarca, o cal redundará, como se menciona con anterioridade, tanto na mellora

³⁷ Disposición adicional 4ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

da prestación de servizos, como na xeración de economías de proximidade para a atracción/retención de poboación.

Con todo, nesta mesma liña, é preciso recoñecer que o SAF é un servizo caracterizado pola súa flexibilidade, o cal xera unha importante tensión en determinados horarios e unha baixa na demanda do servizo, por exemplo, en horarios de tarde, o cal supón a presenza de contratos parciais que, en numerosas ocasións, non cobren as expectativas das persoas profesionais.

Deste xeito, é preciso ter en conta as circunstancias e expectativas das persoas que integren as accións formativas co obxectivo de maximizar a súa inserción laboral efectiva nos SAF, debendo avanzar tamén na mellora das condicións laborais atendendo, por exemplo, tanto á elevada esixencia física e emocional do traballo, como ós elevados desprazamentos das zonas rurais debido á importante dispersión das vivendas.

Así, co obxectivo de responder ás necesidades dos diferentes prestadores do SAF na Comarca, non só é preciso incrementar os esforzos na oferta formativa específica, senón na mellora dos procedementos para a selección das persoas susceptibles de se integraren nestas accións formativas. Esta preocupación debe ir vencellada, de xeito paralelo, á mellora das condicións laborais do SAF, o cal comporta ó tempo á mellora do seu financiamento, de tal xeito que a actuación integral sobre o servizo permita que sexa considerado como atractivo e, polo tanto, que sexa quen de xerar economías do benestar de proximidade sobre todo nos Concellos de menor capacidade da Comarca.

Recomendación 3. Programa de estabilidade das entidades sociais e das actividades das entidades asociativas radicadas na Comarca.

Ó longo do documento salientase a importante presenza de entidades sociais na Comarca e, sobre todo, da xestión de diferentes equipamentos de benestar que estas entidades do TSAS están a levar adiante, asumindo, sobre todo, traballo relacionado coas persoas con discapacidade.

Neste sentido, a raíz da elevada complementariedade entre os servizos de benestar de titularidade pública e os asumidos polas entidades do TSAS, na Comarca dáse unha situación de interdependencia que é preciso ter en conta para xerar novas actuacións que amplíen o abano das existentes e que melloren a profundidade das mesmas.

Así, non só é preciso que os equipos municipais melloren o seu coñecemento e coordinación coas entidades sociais, e cos servizos que estas ofrecen nos seus equipamentos e na súa actividade xeral co obxectivo de asentar unha actuación conxunta en forma de *rede*, senón que é preciso avanzar cara fórmulas de estabilidade da actividade destas entidades.

Esta estabilidade debe partir, tanto das propias entidades locais como de institucións superiores ós Concellos que teñen entre as súas liñas de actuación a colaboración e o cofinanciamento de

entidades sociais. Esta estabilidade debe colaborar para garantir o funcionamento cotiá das entidades e dos seus equipamentos, de elevado interese social local e comarcal, e debe ser o elemento que una ós diferentes actores para a xeración de actividades conxuntas e complementarias.

Ademais, na liña da mellora da colaboración entre Administracións locais e tecido asociativo en clave de benestar, a intensidade dos fluxos de comunicación non só se debe circunscribir ás entidades do TSAS, senón que debe ser ampliada a outras entidades asociativas de carácter cultural, deportivo... Dende este punto de vista, a mellora da comunicación coas entidades asociativas tanto a nivel sectorial como territorial mellorará o deseño e a implementación das accións de benestar, multiplicando o seu efecto e chegando a máis potenciais usuarios/as.

É dicir, a nivel local é preciso contar cunha estrutura de gobernanza informal que dea capacidade ó equipo de benestar de integrar achegas das entidades para a mellora do deseño das actividades, ó tempo que se conte con elas para a difusión e implementación. Do mesmo xeito, as actividades das entidades asociativas deben ser deseñadas atendendo ás prioridades do benestar e da inclusión e deben contar co apoio dos equipos técnicos municipais á hora da súa implementación.

Esta gobernanza xerará maiores capacidades para as accións de benestar, maior riqueza no deseño e maiores posibilidades de mellorar a calidade de vida das persoas, sobre todo tendo atendendo ás circunstancias daquelas que viven en contornas de elevada dispersión.

Recomendación 4. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os CEIP, os IES da Comarca e as ANPA.

Como se vén comentando ó longo do documento, existen diferentes experiencias de éxito relacionadas coa colaboración entre os Departamentos de Benestar dos Concellos e os centros educativos, entre as que salientan os múltiples programas levados a cabo no Concello de Fene, en Narón ou en Mugardos, por exemplo. Con todo, en termos xerais, este é un aspecto no que se debe seguir incidindo e afondando.

Neste sentido, e tendo en conta os coñecementos adquiridos a través das experiencias mencionadas, é preciso avanzar con respecto a un modelo de traballo xeral entre os departamentos de benestar locais e os centros educativos de carácter reactivo, pasando a traballar proactivamente, é dicir, establecendo programacións conxuntas estables que, como se indica, poidan responder a diferentes propósitos que van, por exemplo, dende a loita contra as adicións, ás actividades de carácter interxeneracional, e dentro do cal ten un espazo importante a programación relacionada coa conciliación da vida familiar e laboral como é o caso do servizo de madrugadores ou das actividades en período vacacional.

Así, co foco posto na xeración de accións en rede entre os centros escolares e os departamentos locais de benestar, detéctase un amplo espazo de traballo no eido das relacións comunitarias

interxeneracionais. Dentro deste campo, aínda que no marco dun programa de colaboración máis amplo, débense aproveitar as potencialidades que a proximidade xera para o deseño de actividades conxuntas de transmisión de tradicións, oficios, lendas ou toponimias e camiños tradicionais entre as persoas maiores usuarias das actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e dos IES.

Estas experiencias poden ser recollidas e recompiladas polo seu elevado interese en termos de difusión en múltiples formatos, tanto entre o público xeral como entre profesionais especializados/as, xerando material de interese para publicacións de carácter académico.

Ademais, esta colaboración entre os departamentos de benestar locais e os CEIP e as ANPA debe ser expandida a outros eidos, entre os cales salienta a posibilidade de deseñar programas de nutrición saudable de proximidade en equidade, accións estas que inciden na xeración de economías locais e que ó mesmo tempo trasladan ó alumnado a posibilidade de almorzar de xeito saudable e equitativo, loitando así contra os casos de risco de pobreza infantil.

Outro exemplo desta serie de programas de colaboración é o Pedibús ou os Camiños Escolares Seguros, iniciativas levadas adiante en diferentes Concellos da provincia relacionadas coa mobilidade urbana e coas escolas, que vencella as prácticas comunitarias cun amplo concepto do benestar onde se relaciona tanto a devandita mobilidade como as prácticas saudables.

Unha derivada salientable do traballo conxunto cos centros educativos é a posibilidade que se abre para os equipos técnicos de xerar novos ámbitos de actuación, tal como é o caso do traballo con colectivos de persoas inmigradas. Neste sentido, é interesante incorporar estas prácticas ó traballo cos centros educativos, coas posibilidades que isto comporta á hora de multiplicar os efectos do coñecemento mutuo e da interculturalidade, así como na mellora dos procesos de inclusión tanto das persoas en idade escolar, como das súas familias.

Finalmente, na liña de ampliar o abano de servizos ofertados dende os departamentos de benestar, e en relación coas familias e coa infancia, considérase de especial interese redeseñar e expandir as iniciativas relacionadas coas Escolas de Familia que, en diferentes Concellos, son consideradas de éxito, pero que precisan unha actualización metodolóxica e chegar a maior cantidade de potenciais usuarios/as para mellorar no establecemento/reforzo de redes de socialización, favorecendo a intensificación da vida comunitaria.

Recomendación 5. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os Centros de Saúde e os IES .

Na liña do mencionado con respecto á colaboración entre os departamentos de benestar e as institucións educativas, os equipos técnicos municipais recoñecen o traballo conxunto cos Centros de Saúde como outro dos elementos a mellorar a pesar da presenza de casos, como o do Concello de Narón, con importantes programas conxuntos de elevado éxito e repercusión social.

Dentro das posibilidades que abre o establecemento de redes de actuación cos Centros de Saúde, e na lóxica de xeración/rexeneración de hábitos comunitarios que fagan máis atractivo o territorio para a atracción/retención de poboación, atópase o deseño (baixo criterios sanitarios) de actividades relacionadas coa activación física das persoas maiores aproveitando camiños tradicionais e roteiros recuperados, o deseño de obradoiros relacionados coa nutrición saudable, ou o deseño de actividades de información e orientación sobre saúde sexual nos IES.

Ademais, tamén é posible deseñar protocolos de actuación para a detección e actuación en casos de soidade, casos de saúde mental ou casos de adiccións. Así, dun xeito complementario co SAF, a colaboración co sector saúde debe contemplar a redacción de protocolos conxuntos en situacións de emerxencia sanitaria nos domicilios para as profesionais auxiliares do devandito SAF.

Como se pode comprobar, dende o liderado local dos departamentos de benestar é posible incidir tanto na dinamización de sectores económicos de elevado impacto laboral, como na creación de estratexias de mellora da vida comunitaria, favorecendo o establecemento de redes de actores que traballen no territorio para a mellora do benestar e a calidade de vida da poboación, e favorecendo de xeito directo e indirecto a capacidade de atracción/retención de poboación, sobre todo nos Concellos de menor capacidade da Comarca.

B) A soidade e o avellentamento.

Os datos amosados ó longo da diagnose verifican que, se ben na Comarca é posible sinalar ó Concello de Narón como centralidade demográfica que complementa incremento en poboación con rexuvenecemento, o resto dos territorios atópanse inmersos nun proceso de avellentamento no que, en termos xerais, máis de 1 de cada 4 persoas superan os 65 anos e que, no caso de Concellos como Moeche, esta porcentaxe se achega ó 40% da poboación.

Os efectos do proceso de avellentamento, xeneralizados na Comarca, non só afectan ós Concellos de menor volume de poboación e maior ruralidade, senón que se estenden tanto ó propio Concello de Ferrol como a Concellos que contan con núcleos urbanos de importancia como é o caso de Fene, de tal xeito que as aproximacións para a prestación de servizos de benestar de proximidade a este colectivo ou o deseño de programas para a loita contra a soidade deben responder a esta realidade na que, a diferenza do acontecido noutras Comarcas, o avellentamento non é un fenómeno unicamente rural.

Dentro deste contexto tamén emerxe o problema da soidade vencellado co despoboamento físico de núcleos rurais, de xeito complementario co avellentamento, pero tamén emerxe nos núcleos urbanos, como acontece no caso de Fene ou do propio Ferrol, se ben esta situación relaciónase co illamento social e coa ausencia de redes familiares e comunitarias de apoio e socialización tanto para as persoas maiores como para colectivos de persoas inmigradas, por exemplo.

Dende as políticas de benestar, na actualidade, estase traballando de xeito directo ou indirecto en relación á soidade e ó avellentamento dende un duplo punto de vista. Dende o punto de vista dos cidadados, salienta pola súa elevada capilaridade e impacto o SAF que, nas súas dúas modalidades, chega a un elevado número de fogares e de persoas maiores.

Ademais, tamén salientan programas como o Xantar na Casa do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou a Teleasistencia que, tanto en relación á dependencia como o propio da Deputación da Coruña, son ferramentas moi utilizadas e valoradas tecnicamente para o seu uso en situacións de soidade.

Dende o punto de vista comunitario, os Concellos están traballando na xeración dunha salientable oferta de actividades relacionadas coa activación (física, memoria...) ás que subxacen obxectivos implícitos/explicitos de revitalización relacional para as persoas usuarias, aínda que a profundidade destas accións é fragmentada, de tal xeito que se amosa preciso potencialas e actualizalas, á vez que dotalas de ferramentas complementarias que minimicen o efecto negativo que servizos como o transporte público (ou a ausencia do mesmo) teñen á hora de incidir na vida social das persoas.

Neste sentido, é preciso mencionar que, sobre todo tendo en conta a evolución no perfil das persoas maiores, débese traballar na integración das actividades especificamente deseñadas para este colectivo como poden ser as relacionadas coa cultura ou coa activación física, coas restantes actividades ordinarias planificadas polo Concello. Así, a través da inclusión na programación local da óptica do benestar é posible superar a excesiva focalización nas persoas maiores, xerando sinerxias entre diferentes tipos de colectivos obxectivo, mellorando a socialización interxeneracional e ampliando o abano da oferta para atraer a usuarios/as ós que non se estaba a chegar.

Recomendación 6. Actualización e ampliación das actividades levadas a cabo con persoas maiores.

Na actualidade as actividades relacionadas co envellecemento activo ou, en termos xerais, dirixidas ás persoas maiores, son un elemento común a tódolos Concellos da Comarca que amosan, como se mencionou con anterioridade, non só unha importante vitalidade, éxito e demanda entre os colectivos obxectivo, senón a súa validez tanto dende o punto de vista da actividade levada a cabo, como dende os obxectivos implícitos de mellorar a socialización das persoas maiores e xerar motivacións para saíren dos fogares e se relacionaren, con todo o que isto implica en termos de activación psicolóxica.

Con todo, é posible introducir novos elementos dentro do deseño das programacións co obxectivo de avanzar na súa actualización e incremento da profundidade das mesmas. Así, por exemplo, é posible mellorar no deseño de actividades interxeneracionais tanto a través do contacto entre a programación de accións para as persoas maiores cos centros educativos, como a través da programación de accións para persoas maiores que se vencellen con entidades sociais ou veciñais na que se integre de xeito explícito á mocidade ou á infancia. Este é un exemplo de posibilidades de ampliación do alcance das actividades dirixidas ás persoas maiores que, en

termos xerais, deben ser obxecto de actualización metodolóxica e de innovación. Neste sentido, é posible aproveitar experiencias como o Fálame de San Sadurniño no Concello de San Sadurniño, o Construindo Pontes do Concello de Fene, ou eventos como a Feira no Camiño do Concello de Neda, o Ares Indiano ou o Encontro de Embarcacións Tradicionais no Concello de Mugardos.

Ademais, é preciso indicar que a curto/medio prazo vai haber un troco substancial dos perfís de persoas maiores usuarias destas actividades, emerxendo un tipo de persoa maior activa, usuaria da tecnoloxía e con inquiredanzas de carácter cultural; características estas ás que se deben adaptar as programacións actuais para manter a súa vitalidade e éxito.

Así, ábrese a posibilidade de introducir a óptica do benestar nas actividades desenvolvidas relacionadas co sendeirismo, coas novas tecnoloxías, ou coa organización de viaxes e excursións, potenciando o seu contido cultural, de recuperación etnográfica e, na liña do mencionado con anterioridade, aproveitando para a introdución da óptica interxeneracional. Neste sentido, existe un importante substrato de actividades relacionado co deseño de roteiros tanto polos propios Concellos como noutros Concellos que poden ser susceptibles de adaptar e dotar de contidos culturais, por exemplo, atendendo á evolución mencionada nos perfís das persoas maiores.

Recomendación 7. Deseño e implantación de programas de prevención do deterioro cognitivo e de traballo con familiares coidadores.

Na actualidade existen experiencias de Concellos da provincia que se forneceron de programas de prevención do deterioro cognitivo de elevado éxito e que non se atopan implantados na Comarca. Estas experiencias están a ser lideradas tanto polas administracións locais como por entidades sociais que veñen traballando ó longo dos últimos anos nestas iniciativas.

Neste sentido, considérase de interese o deseño e a implantación de programas específicos de prevención do deterioro cognitivo, que serían complementados á perfección a través do Servizo de Estimulación Terapéutica que na actualidade está a prestar servizo no Concello de Ares, tendo en conta a necesaria prestación de servizos auxiliares como é o caso do transporte adaptado.

Ademais, tamén se considera de interese o deseño de programas de apoio a familiares de persoas afectadas polo Alzheimer e outras demencias que, tanto a nivel de apoio psicolóxico individual, como a nivel grupal, ofrezan ós/ás usuarios/as a posibilidade de compartir experiencias ou de asistir a xornadas de formación, sempre tendo en conta a necesidade de contar con servizos auxiliares de apoio. Neste sentido, é de especial interese o enfoque do Programa Cóidateme que se está a desenvolver no Concello de Narón, sendo tamén preciso explorar a experiencia acumulada polo equipo técnico do Concello de Fene que deseñou e implementou accións específicas co colectivo de persoas coidadoras que decaeron nos últimos anos.

Con todo, estes programas de apoio ás familias e coidadores/as non se deben circunscribir unicamente ó deseño de actividades específicas para este colectivo, senón que esta especificidade debe ser complementaria coa súa inclusión noutro tipo de actividades xerais

deseñadas polo Concello (actividades culturais, deportivas, sendeirismo, lecer...) que deben contar coa posibilidade de acceder a servizos auxiliares para o coidado das persoas dependentes.

O elevado interese destes programas supón a necesidade de realizar un esforzo en termos de difusión dos mesmos para a captación de usuarios/as ou persoas interesadas. Neste sentido, ademais das ferramentas habituais de difusión municipal e outras innovadoras (como poden ser as liñas municipais de whatsapp, por exemplo), recoméndase a transmisión da información relacionada co programa a través das diferentes actividades deseñadas especificamente para persoas maiores polos Concellos, complementando isto coa utilización de establecementos de proximidade (hostalaría, centros de saúde, farmacias, pequeno comercio...) como rede de transmisión de información, así como coa difusión a través das entidades asociativas locais.

Finalmente, para a operativización desta recomendación considérase preciso establecer unha reflexión sobre a posibilidade de localizar un equipo específico de xeito central a nivel comarcal, ou sobre outro tipo de posibilidades como pode ser, por exemplo, a liña de traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) a través de unidades móbiles que complementen estes servizos de información e prevención de demencias con outros relacionados coa podoloxía e oftalmoloxía, tal como actúa o devandito proxecto en diferentes Concellos da provincia.

Recomendación 8. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os CEIP, os IES, as entidades asociativas e as ANPA.

O programa, que nos apartados anteriores tiña o obxectivo de establecer vencellos comunitarios e interxeneracionais entre as persoas maiores asistentes ás actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e IES, ten á súa vez o obxectivo de, dende o mesmo punto de vista comunitario, contribuír ó reforzo das relacións sociais entre as persoas maiores, polo que é unha ferramenta de salientable utilidade á hora tanto de incidir no avellentamento activo como á hora de incidir na soidade.

Neste sentido, este programa debe ser ampliado incluíndo experiencias que, tanto desenvolvidas polos Concellos como polas entidades asociativas ou culturais en activo a nivel municipal ou parroquial, son de especial interese pola potencialidade interxeneracional que teñen, na liña do xa observado en relación ó Fálame de San Sadurniño, por exemplo, ademais de ser necesario considerar a recuperación, expansión e transferencia ós Concellos da Comarca do Programa Construído Pontes de recuperación da memoria histórica levado a cabo no Concello de Fene.

Así, como se mencionaba con anterioridade, de cara á mellora e consolidación das redes comunitarias nas que se integran as persoas maiores, así como para facilitar a transmisión de cultura e valores, considérase de interese potenciar a transmisión destas experiencias ó

alumnado dos CEIP e dos IES coa colaboración das ANPAS, facilitando deste xeito a integración de pais e nais nestas experiencias.

Así, é posible aproveitar o coñecemento xurdido nos Obradoiros de Memoria, por exemplo, que os Concellos teñen como unha das súas principais actividades, así como outras actividades especificamente desenvolvidas polas persoas maiores, de cara ó seu pulo e ampliación sempre dende o punto de vista da integración na programación xeral dos Concellos e do incremento da colaboración cos centros educativos.

Deste xeito, os obradoiros e actuacións multisectoriais mencionadas xerarán novas redes de socialización das persoas maiores, elemento este que para ser maximizado debe ir acompañado dun especial esforzo de difusión das iniciativas e captación de usuarios/as, superando os colectivos que tradicionalmente asisten de xeito asiduo ás diferentes actividades de benestar.

Con todo, a pesar de que a capilaridade das actividades municipais é salientable, sobre todo das relacionadas co lecer, é preciso indicar que o perfil das persoas asistentes ás mesmas non responde ó da persoa en situación de soidade, para o cal é preciso deseñar novos programas específicos.

Recomendación 9. Deseño dun programa específico de detección e intervención coas persoas en situación de soidade.

Na actualidade estanse a desenvolver programas específicos de detección e intervención coas persoas en soidade, aínda que estes se levan adiante sobre todo en grandes cidades, como é o caso da Coruña.

No contexto da Comarca é posible identificar, por unha banda, contornas amplamente urbanizadas alén do caso de Ferrol como é o caso dos núcleos urbanos de Fene ou Narón, por exemplo, en tanto que tamén é posible identificar amplas zonas de carácter rural. Neste sentido, alén dos contextos, é preciso deseñar programas que sigan a liña da revitalización e utilización das redes comunitarias co obxectivo de obter información e previr situacións problemáticas.

Así, os programas de detección e intervención coas persoas en soidade deben ser deseñados tendo en conta a existencia e vitalidade local das redes comunitarias e veciñais coas que colaborar para levalos adiante. Neste sentido, en contornas rurais máis avellentadas estase a observar un proceso de esmorecemento destas redes comunitarias e veciñais no que é preciso incidir co obxectivo de *utilizalas* para mellorar a calidade de vida e a autonomía relacional das persoas.

En contornas urbanas as redes comunitarias son diferentes, vencellando a soidade non ó illamento físico, senón ó illamento social. Con todo, o programa de detección e intervención en situacións de soidade debe colaborar con actores comunitarios colaboradores que actúen a xeito de *antenas* (bares, quioscos, farmacias, Centro de Saúde, parroquia, asociacións locais...), e detecten a presenza de persoas en soidade e as súas principais problemáticas para, a continuación, informar ós departamentos de benestar locais que, a través de ferramentas de

carácter comunitario, ou dos servizos propios do Concello (caso do SAF, ou do programa de Teleasistencia), ou a través das entidades sociais mediante voluntariado ou accións específicas das propias entidades, traballará para a revitalización das redes sociais destas persoas evitando así a soidade e os posibles efectos negativos da mesma.

Este mesmo programa operará a xeito de prevención en casos, por exemplo, como o das persoas cuidadoras de dependentes. Así, estas persoas que contan con servizo de SAF, serán informadas de todo tipo de actividades de lecer e respiro para evitar que a intensidade e extensión no tempo das tarefas de coidado leven aparelado a desaparición das súas redes relacionais. Con todo, para este colectivo, as accións deseñadas dende os departamentos de benestar locais deben contar con servizos paralelos de coidado que cubran as súas tarefas familiares.

Ademais, este programa atópase intimamente relacionado con outros programas xa existentes, como pode ser o Xantar na Casa xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que deben ser intensificados xa que operan a xeito de dupla ferramenta contra o illamento a través da xeración de menús saudables, individualizados e de calidade.

Finalmente, é preciso facer unha especial reflexión sobre as actividades relacionadas co voluntariado que, como se indica con anterioridade, son unha ferramenta importante para potenciar as accións de benestar co liderado público e que nos Concellos da Comarca son considerados como un elemento de benestar que é preciso potenciar.

Así, os programas de voluntariado contan cun percorrido que se debe aproveitar, sobre todo en contacto directo coas entidades asociativas tanto da Comarca como daquelas que traballan na Comarca, e que poden incrementar as ferramentas tanto relacionadas coa detección de situacións de soidade como de minoración dos seus efectos a raíz non só da mera compañía prestada ós/ás usuarios/as, senón da incorporación destas persoas usuarias a redes de socialización que os leven a, progresivamente, deixar a soidade. Con todo, de cara ó axeitado deseño e implementación destes programas é preciso fornecerse dun equipo técnico coordinador que garanta o seu éxito, incorporando técnicos/as de carácter sociocomunitario ou sociocultural que operen a xeito de nexo entre o voluntariado, as entidades asociativas e os/as usuarios/as, e que acheguen a necesaria formación ós/ás voluntarios/as para maximizar a súa capacidade.

Neste sentido, a creación de redes de voluntariado estable, aproveitando a experiencia coa que contan entidades coas que xa se está a colaborar na Comarca, e a súa focalización en axentes de elevado coñecemento de proximidade (farmacias, bares, comercio de proximidade, quioscos...) potencia a capacidade das mencionadas *antenas* e amplía o seu efecto a numerosos eidos nos que traballar, converténdose nunha potente ferramenta multipropósito das políticas locais de benestar.

Recomendación 10. Actualización e ampliación do programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña.

Os equipos técnicos dos Concellos da Comarca de Ferrol recoñecen que o programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, non só é unha ferramenta de importante eficacia á hora de loitar contra a soidade, senón que é moi valorada polas persoas usuarias polo seu funcionamento, así como polos propios equipos técnicos.

Con todo, é posible mellorar o rendemento deste programa dende varias ópticas diferentes. En primeiro lugar, a través da ampliación da resposta ás situacións de soidade. Na actualidade estanse a detectar casos onde o illamento físico nos núcleos rurais e a soidade se complementan, non existindo nas proximidades dos/as usuarios/as fogares habitados que sexan susceptibles de recolleren as chaves dos fogares dos/as usuarios/as.

Neste sentido, e tendo en conta que esta situación previsiblemente se verá incrementada, é preciso incorporar ó programa protocolos de colaboración con Protección Civil, coa Policía Local, cos servizos de emerxencia sanitaria ou coa Garda Civil, alén dos propios equipos de benestar municipal, para contar coas devanditas chaves dos domicilios das persoas usuarias que teñan problemas á hora de atopar fogares nas súas proximidades onde depositaren as chaves.

En segundo lugar, é preciso incidir na difusión do programa para mellorar o coñecemento social do mesmo e incrementar a súa demanda. Neste sentido, na liña do xa mencionado con anterioridade, un elemento fundamental para a mellora da difusión dos programas é a colaboración coas entidades asociativas, de tal xeito que poidan operar a xeito de altofalantes e, no caso de teleasistencia, transmitir a importancia do programa para a mellora da calidade de vida e da seguridade das persoas, sobre todo en casos de soidade e illamento.

Esta recomendación, atendendo á ampliación de medidas dixitais de seguridade coas que conta o vixente Programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, atópase na liña do traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa implantación de medios tecnolóxicos para mellorar a permanencia das persoas maiores nos fogares a través da mellora da seguridade (Fogar dixital). Como se pode observar, este é un eido no que se está a traballar dende diferentes entidades e iniciativas, xerando unha fiestra de oportunidade a través da creación de sinerxias que deben ser aproveitadas dende o local para a mellora efectiva das condicións de vida da poboación con necesidades especiais.

Recomendación 11. Deseño e implantación de sistemas de transporte público local.

Na actualidade, os equipos de benestar dos Concellos da Comarca consideran que un dos principais elementos que incide na soidade, sobre todo das persoas maiores que residen en núcleos rurais, é a situación do transporte público de proximidade, considerada como unha das grandes eivas xerais.

Neste sentido, considérase preciso a actuación local dende un dobre punto de vista en relación á mobilidade. En primeiro lugar, deseñando sistemas de transporte local para conectar as parroquias e núcleos rurais coas centralidades, difundido a súa existencia e fomentando o seu uso entre a poboación.

En segundo lugar, mellorando a conectividade dos sistemas locais coas grandes rutas. Neste sentido é preciso ter en conta os fluxos, horarios as centralidades que supoñen os diferentes equipamentos de referencia situados nas centralidades comarcais. Así, na Comarca, cóntase tanto con diferentes equipamentos de carácter sanitario, educativo, empresarial e comercial que atraen importantes cantidades de persoas traballadoras e usuarios/as que se constitúen como auténticas centralidades e nós de comunicación con necesidades propias ós que é preciso responder.

Ademais, estes sistemas de transporte local, e o deseño da rede de conectividade co sistema supralocal, deben ser deseñados atendendo a múltiples criterios que van dende a mellora da interacción social das persoas maiores que residen en núcleos rurais (facilitando visitas ós Centros de Saúde ou a organismos oficiais, por exemplo), da mocidade que reside en núcleos urbanos ou rurais (facilitando a mobilidade en relación á escola ou ó lecer), ou das persoas en idade activa (facilitando a mobilidade para acceder ás centralidades laborais).

Finalmente, dentro deste programa, tamén é preciso iniciar accións de información/sensibilización/concienciación sobre o axeitado uso de vehículos sen carné que, en colaboración coas autoridades de seguridade viaria, protección civil e tráfico, incidan sobre o colectivo obxectivo de persoas maiores.

C) As múltiples exclusións.

Ó longo da diagnose e das conclusións foron expostas diferentes formas de exclusión que afectan á poboación na Comarca, salientando tanto aquelas de carácter económico relacionadas coa disposición de rendas, como as que teñen un carácter relacional vencelladas coa soidade, coa discapacidade ou as xeradas coas diferentes adicións.

Neste sentido, e directamente vencellado coa dinamización económica que, como se mencionou, é un elemento fundamental á hora de xerar capacidade de retención/atracción dos territorios para a fixación de poboación e na loita contra a exclusión social derivada do risco de pobreza, nos Concellos da Comarca, sobre todo nos de menor volume poboacional, amósase como prioritario o establecemento de coalicións entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego ou desenvolvemento local, coa finalidade de conectar ámbalas políticas públicas co obxectivo de incidir sobre a xeración de economías de proximidade e, polo tanto, para xerar postos de traballo que garantan rendas suficientes para a poboación.

Estas coalicións internas deben ser expandidas á creación de dinámicas de traballo conxunto coas entidades asociativas que traballan no territorio, salientando pola súa importancia aquelas que traballan coas persoas con discapacidade. Neste sentido, é preciso facer referencia ó activo que

supón a existencia na Comarca de equipamentos especificamente deseñados para o traballo con persoas con discapacidade. Esta presenza abre novas posibilidades para o traballo na inclusión deste colectivo dende múltiples puntos de vista, entre os que salienta o de carácter laboral ou o lecer, sendo preciso deseñar actuacións específicas para incidir neste campo de actuación.

Ademais, un elemento a ter en conta é a presenza de poboación inmigrante na Comarca cuxa presenza, tanto nos núcleos máis importantes como en contornas rurais, supón a necesidade de ofrecer respostas dende as políticas de benestar relacionadas tanto coa súa inclusión social como coa xestión dos múltiples trámites administrativos básicos para o seu establecemento e que, na actualidade, se está a levar a cabo de xeito fragmentado a través de entidades sociais pero que é preciso mellorar e ampliar.

Recomendación 12. A proactividade na intermediación como centro das Bolsas de Traballo locais.

Con anterioridade mencionábase a necesidade de xerar *coalicións* entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego municipais co obxectivo de integrar as axendas do benestar e da dinamización económica para avanzar no proceso de atracción/retención de poboación.

Una das derivadas máis salientables da potencialidade desta *coalición* é a incidencia sobre os colectivos en risco de pobreza ou exclusión social, cos que é posible traballar non unicamente en termos de elaboración de itinerarios formativos, senón superando a inserción laboral a través de programas específicos integrándoos en ferramentas máis amplas e de maior alcance.

Como se menciona, existen experiencias en diferentes Concellos da provincia e da Comarca que contan con ferramentas como os servizos de orientación laboral supralocais de rendemento irregular. Neste sentido, considérase relevante avanzar na profundidade destes servizos a través da inclusión do enfoque das Bolsas de Traballo, centrado na proactividade da intermediación, xa que estas atópanse deseñadas para axudar ás persoas en situación de desemprego, ás que busquen o seu primeiro emprego ou ás que desexen mellorar a súa situación laboral actual.

O éxito das Bolsas de Traballo no seu traballo de intermediación efectiva radica na proactividade do mesmo co obxectivo de se converter a referencia local-comarcal na conexión entre as demandas das persoas usuarias e as ofertas de emprego por parte das empresas localizadas na contorna. Este modelo de intermediación laboral debe comportar a xeración de coñecemento sobre as necesidades do tecido empresarial local para o deseño de accións formativas específicas que dean resposta a estas necesidades, xerando maiores oportunidades de inserción laboral efectiva en sectores de proximidade e, polo tanto, colaborando para a retención de poboación.

A intermediación laboral debe ser complementada co apoio á xeración de novas iniciativas económicas de proximidade, aspecto no cal diferentes Concellos da provincia contan con liñas específicas de apoio á creación de empresas. Neste sentido é interesante afondar nas xa mencionadas *coalicións internas* xa que estas ferramentas poden ser obxecto de interese por persoas

coas que se estea a traballar dende benestar, en tanto que tamén poden ser de interese á hora de xerar iniciativas económicas que respondan ás necesidades de benestar.

De tódolos xeitos, a xeración de novas iniciativas económicas non é o único xeito de promover unha mellor inserción laboral de persoas con determinadas necesidades xa que, por exemplo, os Concellos xestionan o SAF que, como se puido comprobar, conta cun volume e cunha intensidade de recursos humanos que o fan unha oportunidade ó mesmo tempo que se estima a súa expansión, para responder á cal é preciso contar con persoal capacitado.

Recomendación 13. Creación dun sistema de bonificación local ás matrículas das accións formativas relacionadas co SAF.

Tal como se observou con anterioridade, o SAF non só é unha oportunidade laboral actual, senón que se prevé unha expansión do mesmo e, polo tanto, o incremento da demanda de persoal capacitado.

Neste caso, tendo en conta a feminización dos perfís que prestan servizo no SAF e o feito de que é un colectivo de especial atención polas políticas de benestar locais, ademais do efecto multiplicador que pode xerar en termos de fixación de poboación, é preciso fomentar o acceso á capacitación requirida para poder acceder ós procesos de selección dos diferentes prestadores a través dun sistema de bonificación ou bolsas que minore os custos da formación ás persoas en situación de desemprego.

Ademais, a pesar de que ó longo das presentes recomendacións se recolle a presenza de accións formativas territorializadas na Comarca, é preciso ter en conta os custos de desprazamento para o alumnado, de xeito que este concepto complete a mencionada bonificación ou bolsa de apoio ós estudos.

Recomendación 14. Fomento dunha contratación pública socialmente responsable.

A introdución tanto das cláusulas sociais, laborais e medioambientais así como a utilización da reserva de contratos³⁸ nas licitacións públicas está a converterse nunha ferramenta para que a contratación pública incida na dinamización dos sectores económicos de proximidade e na mellora da inclusión laboral de determinados colectivos con necesidades especiais, sempre dentro do respecto ó principio de seguridade xurídica.

Esta utilización é posible se previamente existe unha extensión das coalicións internas mencionadas con anterioridade entre os departamentos de benestar e promoción económica

³⁸ Disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

locais, ós departamentos de carácter xurídico e financeiro, de tal xeito que o Concello utilice un completo abano de alternativas no apoio das políticas de benestar.

A introdución destas ferramentas é posible, e na provincia existen diferentes experiencias de éxito, en licitacións tales como as relacionadas coa recollida e xestión de RSU, por exemplo, de elevada contía económica e de importante intensidade en termos de persoal requirido.

Con todo, na liña do mencionado con anterioridade, o uso das cláusulas sociais e a reserva de contratos por parte das administracións debe atender á normativa vixente, garantindo a seguridade xurídica dos procedementos de contratación.

Recomendación 15. Deseño e implementación dun programa comarcal de prevención de adiccións entre a infancia e mocidade.

Na actualidade estanse a espallar ou repuntar diferentes adiccións entre a mocidade. Algunhas delas, como as relacionadas co consumo de alcohol, contan cun importante asentamento social que, en determinados casos, se agrava a raíz do fenómeno do botellón en lugares localizados. Outro tipo de adiccións son máis novidosas e, polo tanto, máis difíciles de identificar e de traballar con elas. Trátase, por exemplo, das adiccións ás novas tecnoloxías e ós teléfonos móbiles que, na mocidade, poden derivar en diferentes tipos de acoso. Ademais, outra derivada das adiccións de carácter tecnolóxico na mocidade é a relacionada coas apostas e co xogo, tanto nas casas de apostas como a través dos *smartphones*.

Así, se ben se constata a existencia nos centros escolares de actividades de carácter puntual relacionadas coas adiccións mencionadas, estas non son estables nin continuas no tempo como se recoñece por parte dos diferentes equipos técnicos municipais, dificultando a posibilidade de establecer medicións e avaliacións dos seus efectos, así como impedindo o seguimento e garantía de éxito das mesmas.

Deste xeito, considérase necesario o deseño dun programa estable de información e prevención sobre diferentes tipos de adiccións, con especial fincapé nas de carácter tecnolóxico e nas súas derivadas relacionadas co acoso e coa ludomanía. Este programa debería ser complementario coas diferentes accións que se desenvolven, de xeito puntual, por parte dos propios CEIP ou IES, de tal xeito que o deseño territorializado achegará unha maior riqueza e unha maior adaptación ás circunstancias locais aproveitando todo o caudal de coñecemento co que contan os equipos dos Concellos froito da colaboración previa cos centros educativos.

Este programa, a liderar dende os departamentos de benestar locais, debe contar tanto cos centros educativos como coas ANPAS, considerando fundamental para o seu éxito a implicación das familias, para as que se desenvolverán accións específicas de información e sensibilización.

Con todo, para o deseño e implementación deste programa, considérase relevante a análise e a retroalimentación das actividades que, ó longo dos últimos anos, foron desenvolvidas en

Concellos como Fene, Narón, Mugardos que, tanto de xeito directo como indirecto a través de entidades sociais con ASFEDRO, teñen unha importante tradición de colaboración cos centros educativos para levar a cabo actividades de prevención.

Ademais, é preciso complementar estes programas con outras accións levadas adiante en relación coa igualdade ou coa sexualidade, fortalecendo os programas actuais e completando un abano de actividades de prevención de elevado impacto.

Como se pode comprobar, o traballo conxunto entre as institucións educativas e os departamentos municipais de benestar é básico á hora de establecer estratexias de prevención. A potencialidade desta colaboración tamén abre portas para o desenvolvemento de programas relacionados coa nutrición infantil saudable que poden ser *refocalizados* atendendo á prioridade de loitar contra a exclusión social e a pobreza infantil dende a garantía da equidade.

Recomendación 16. Deseño de programas de nutrición saudable de proximidade en equidade nos CEIP e nos IES da Comarca.

Na actualidade, unha das principais derivadas da desigualdade económica provocada, en grande medida, pola recente crise económica, é a relacionada coa pobreza e o risco de exclusión infantil.

Este risco de exclusión infantil afecta á nutrición dos nenos e nenas, que en vez de caracterizarse polo consumo de alimentos saudables, se centra en consumo de procesados de baixo valor nutricional e baixo custo, afectando polo tanto ó seu desenvolvemento físico e mental, ó mesmo tempo que incide de xeito substancial no seu desenvolvemento académico.

Para paliar este fenómeno é posible o desenvolvemento dun programa de almorzos saudables de proximidade que, co obxectivo explícito de fomentar o consumo de alimentos de proximidade non procesados, tamén conta co obxectivo implícito de garantir o axeitado almorzo de todo o alumnado dos CEIP ou dos IES sen establecer diferenzas entre eles.

Este programa, a liderar dende os departamentos de benestar locais, suporía a posta en contacto de (I) produtores, (II) persoal especializado en nutrición, (III) cociñas e/ou servizos de alimentación dos centros educativos, (IV) profesorado, (V) alumnado, e (VI) ANPAS; para o cal se debe contar co apoio tanto das diferentes concellerías municipais (con especial atención a promoción económica e emprego pola súa relación cos produtores de proximidade), así como da dirección dos centros educativos.

Con todo, na liña do xa exposto na recomendación previa, considérase preciso extraer aprendizaxes do Programa Xermola que está a levar adiante o Concello de Fene en relación cos diferentes centros educativos que lle presta unha especial atención ó deseño de menús saudables.

Recomendación 17. Deseño de programas de fomento do coñecemento da multiculturalidade e inclusión das persoas inmigrantes.

A Comarca de Ferrol conta cunha comunidade de persoas inmigrantes coa que é preciso traballar dende diferentes puntos de vista para mellorar a súa inclusión e o seu benestar, contribuíndo así a crear territorios atractivos nos que as persoas residan con calidade de vida.

Neste sentido, na actualidade diferentes Concellos da provincia contan con programas específicos de atención ás persoas inmigrantes, dos que é preciso extraer conclusións e coñecementos para melloralos, amplialos e fortalecelos.

Con todo, considérase interesante avanzar dende a óptica da atención de carácter individual cara a óptica grupal e comunitaria, deseñando accións que, complementando ás xa presentes no programa en activo, contribúan tanto á mellor inclusión dos colectivos de inmigrantes na sociedade, como á mellora do coñecemento que a sociedade de acollida ten sobre a realidade sociocultural dos lugares de orixe destes colectivos.

Así, na liña de establecer liñas de colaboración estables con centros educativos e entidades sociais e asociativas, é preciso que dentro desta colaboración se inclúan accións específicas relacionadas co fomento da multiculturalidade (sobre todo nas Escolas Infantís, CEIP e IES, así como nas entidades asociativas sectoriais ou territoriais) e coa difusión e mellora do coñecemento da realidade das persoas inmigrantes, sempre co obxectivo de fomentar a mellora da calidade de vida e a loita contra a exclusión.

Ademais, estas accións deben ser complementarias ás propias de información, asesoramento e orientación de carácter xurídico, así como ó deseño de proxectos individualizados de inserción social, con especial énfase no eido laboral e no coñecemento dos idiomas oficiais de Galicia.

Ó longo das diferentes recomendacións vencelladas coa loita contra as diferentes exclusións é posible incidir na potencialidade coa que contan as actuacións en rede, así como o elevado interese das accións *multipropósito* deseñadas para os CEIP e os IES, de tal xeito que estas accións xeren efectos en diferentes campos estratéxicos para as políticas de benestar locais e que, grazas á xeración da confianza entre os actores, abran posibilidades de novas actuacións posteriores.

D) Os coidados.

Un dos alicerces das políticas de benestar locais é o relacionado cos coidados ás persoas, tendo en conta a necesaria complementariedade entre as diferentes formas de coidados entre as que salientan, pola súa potencialidade, os coidados no fogar prestados a través do SAF; os coidados prestados a través de equipamentos especializados de proximidade como poden ser os Centros de Atención ás Persoas Maioras, as Escolas Infantís ou os Centros de Día e Centros Ocupacionais para persoas con discapacidade ou necesidades especiais; os coidados prestados a través de prazas de carácter residencial; ou os coidados prestados a través das redes familiares.

Neste sentido, é preciso salientar a situación na Comarca das prazas de atención non residencial ás persoas maiores, focalizando a atención nas de carácter público, é dicir, nos Centros de Día que, como equipamentos de proximidade, están a prestar servizo na Comarca. Así, como foi mencionado con anterioridade, ademais de constatar a diferenza entre prazas autorizadas e prazas ofertadas do Centro de Día de Ares de xestión consorciada, débese ter en conta a infradotación xeral e, dende a óptica territorial, o feito de que Concellos como Moeche ou As Somozas non contan con servizos intermedios como poderían ser as Casas do Maior ou os Servizos de Estimulación Terapéutica, en tanto que Cedeira e Valdoviño tampouco conta con servizos ou equipamentos de proximidade non residenciais.

Tendo en conta esta situación, é de importancia capital a dotación de servizos de proximidade que respondan ás necesidades sociais que non están a ser cubertas dende a óptica dos equipamentos públicos. Dentro destes servizos atópanse tanto o SAF como os Servizos de Estimulación Terapéutica que, neste último caso, na actualidade está a desenvolverse no Concello de Ares. Ademais, neste mesmo sentido, salienta a experiencia do Programa Coidateme de atención ás persoas cuidadoras do Concello de Narón, de tal xeito que se amosa non só a necesidade de avanzar no deseño de servizos e programas como os mencionados, senón que se observa a necesidade de estendelos no territorio.

Outra das grandes ferramentas das políticas locais relacionadas cos cuidados é o SAF que, tanto na súa modalidade de dependencia como na de libre concorrencia, conta cun salientable impacto na Comarca. Así, no ano 2018 o SAF chega a máis de 1.000 fogares prestando case 575.000 horas de servizo por parte de máis de 600 profesionais auxiliares, o cal amosa non unicamente a intensidade do servizo, senón a elevada capilaridade do mesmo, sobre todo tendo en conta o perfil medio do/a usuario/a (persoas maiores) e a evolución da poboación.

Con todo, un dos elementos que na actualidade está a marcar a actuación do SAF municipal ou libre concorrencia, é a necesidade de cubrir as elevadas esperas derivadas do proceso de tramitación e valoración da dependencia e conseguinte prestación posterior dos seus abanos de servizos. Así, esta realidade seguida en boa parte dos Concellos supón que o SAF básico non sexa utilizada con criterios proactivos, senón como recurso previo á dependencia para persoas *de facto* dependentes pero que se atopan inmersas no proceso administrativo de valoración e tramitación de servizos.

Ademais, é preciso mencionar que a ausencia de persoas coa formación requirida na Comarca, a complexidade do proceso de deseño e resolución das licitacións no caso da xestión indirecta do servizo, así como as dificultades para a contratación de persoal no caso da xestión directa, están a xerar numerosas disfuncións na operativa do SAF. Neste sentido, e observando as disfuncións presentes en varios casos que xeraron problemas na prestación do servizo, é preciso prestar especial atención a estes procesos e ás garantías que se recollen nos mesmos co obxectivo de avanzar na dotación de servizos públicos de calidade.

Con respecto a outro tipo de equipamentos, obsérvase unha importante dotación na Comarca de centros de atención a persoas con discapacidade, todos eles xestionados por entidades sociais (agás o localizado no Concello de Ferrol), entre os que salienta a existencia de centros ocupacionais, tamén

xestionados por entidades sociais, co que isto comporta á hora da posibilidade de establecer liñas de actividade en coordinación coas administracións públicas.

De xeito complementario cos equipamentos de atención ás persoas maiores e á discapacidade, sitúanse os centros de atención á primeira infancia, básicos para as medidas de conciliación da vida familiar e laboral e, polo tanto, para a xeración de sinerxias coa dinamización económica de proximidade do territorio. Neste sentido, na actualidade este servizo non se atopa cuberto en Concellos como As Somozas ou Moeche, non existindo tampouco servizos intermedios como poden ser as Casas Niño, o cal xera numerosas disfuncións á hora de fomentar a conciliación da vida familiar e laboral sobre todo en Concellos de elevado avellentamento e devalo demográfico.

Recomendación 18. Reforzo dos Servizos de Estimulación Cognitiva presentes na Comarca.

Tal como se menciona ó longo do documento, a infradotación de prazas públicas en equipamentos de proximidade de atención ás persoas maiores, así como a súa utilización unicamente para casos de persoas valoradas como dependentes, supón que os Concellos estean deseñando servizos de carácter intermedio que dean resposta, por unha banda, ás necesidades das persoas que están iniciando un proceso de deterioro cognitivo e que aínda non están dentro dos servizos da dependencia, en tanto que por outra banda respondan ás necesidades de conciliación das persoas cuidadoras.

Este servizo está a desenvolverse no Concello de Ares cun elevado grao de valoración e está a completar a súa oferta con outras actividades específicas relacionadas coas persoas cuidadoras.

Neste sentido, tendo en conta a importancia do servizo, considérase de relevancia potencialo dende dous puntos de vista. En primeiro lugar, dar a coñecelo e estendelo entre os Concellos da Comarca. En segundo lugar, mellorando as accións de carácter complementario tanto coas persoas cuidadoras, por exemplo, como mellorando a integración das persoas usuarias coa contorna de referencia a través, por exemplo, de accións interxeneracionais. Estes dous tipos de mellora contribúen tanto á ampliación do servizo como ó incremento da súa profundidade para as persoas usuarias e para as persoas cuidadoras.

Recomendación 19. Posta a disposición dos Concellos da Comarca de ferramentas para a mellora do SAF.

Tal como se mencionaba nas conclusións, o SAF é unha das principais ferramentas coas que contan os Concellos da Comarca para traballar nos cuidados das persoas, sobre todo tendo en conta a situación de situación na Comarca de prazas residenciais e non residenciais de atención ás persoas maiores, polo que é preciso focalizar a atención nas necesidades do servizo, que van alén da expansión cuantitativa do mesmo.

Así, os Concellos están a xestionar o servizo utilizando as diferentes posibilidades (xestión mixta, directa e externalizada). Neste sentido, tanto para a mellora da xestión do servizo prestado de xeito directo, como para facer o seguimento do servizo prestado de xeito indirecto, é preciso fornecerse de ferramentas informatizadas, sendo este un elemento importante á hora de mellorar a eficacia/eficiencia do servizo.

Ademais, outro elemento a ter en conta é a elevada tensión operativa que está a supoñer o SAF para os equipos técnicos municipais. Esta tensión supón que, sobre todo se plasma nos Concellos que teñen xestión directa ou mixta, a coordinación do SAF supoña unha elevada carga chegando a un tope operativo nas posibilidades de prestación de horas do propio servizo.

Deste xeito, a introdución de ferramentas para a mellora da xestión do SAF permitirá unha maior organización e capacidade por parte dos equipos técnicos. Ó mesmo tempo, no caso dos Concellos que optan pola externalización de todo ou parte do servizo, é preciso avanzar na mellora do asesoramento xurídico para o deseño das licitacións, así como do proceso de seguimento posterior da actividade do prestador externo.

Neste mesmo sentido, a presenza dunha asesoría xurídica especializada en benestar a nivel supralocal, ademais de apoiar nas funcións indicadas, tamén colaborará no deseño de bolsas de traballo para o SAF local, ferramenta coa que non tódolos Concellos contan na actualidade, servindo estas para axilizar o proceso de cobertura de baixas e vacacións do persoal propio.

Como se pode observar, a recomendación céntrase no fortalecemento das capacidades dos equipos técnicos municipais para o deseño, planificación, control e avaliación do SAF, co obxectivo de avanzar na mellora do servizo como parte fundamental da política de benestar local.

Recomendación 20. Deseño dun Plan de Formación territorializado con especificidade para o SAF.

A elevada intensidade do SAF en recursos humanos, así como a variación dos casos individuais ós que se enfrontan no seu traballo diario tanto os equipos técnicos como as profesionais auxiliares, fan preciso o deseño de accións formativas específicas que permitan a actualización constante das profesionais ás esixencias do traballo.

Ademais, é preciso ter en conta un elemento que, en numerosas ocasións non é ponderado con suficiencia. Trátase da elevada esixencia emocional á que se enfrontan as profesionais dos equipos de benestar e que, con respecto ás auxiliares do SAF, viven en primeira persoa situacións de elevada tensión. Este elemento é preciso afrontalo a través de técnicas psicolóxicas co obxectivo de mellorar a saúde laboral e diminuír o risco do *profesional queimado/a*.

Finalmente, as accións formativas comarcais presenciais para as profesionais do SAF levan implícito o establecemento de relacións entre estas profesionais, co cal se xeran dinámicas positivas de valor para o desempeño do servizo.

Recomendación 21. Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.

O SAF é un servizo que na Comarca está a chegar a máis de 1.000 fogares no ano 2018, polo que a súa elevada capilaridade convérteo nunha fonte de información dun enorme valor para os departamentos locais de benestar. Neste sentido, é preciso aproveitar este caudal para xerar novas intervencións que superen a atención directa ó/á usuario/a e que se focalicen, entre outras, na valoración da (I) necesidade de realizar obras de rehabilitación, accesibilidade ou mellora da habitabilidade das vivendas; e (II) a necesidade de realizar intervencións coas familias e coas persoas cuidadoras principais en materia de formación, respiro ou apoio psicolóxico a nivel individual e grupal.

A actuación dos departamentos de benestar municipais nestes aspectos é fragmentada, polo que é preciso crear procedementos para a intervención e homoxeneizala, sobre todo tendo en conta a importancia das devanditas actuacións.

Así, recoméndase o deseño de protocolos internos de actuación dos diferentes departamentos municipais (SAF, equipo técnico de benestar, urbanismo...) en relación á redacción (de ser preciso) de proxectos de obras de mellora da habitabilidade dos fogares e de solicitude de apoio económico (de ser o caso); en tanto que tamén se recomenda tal, como se menciona con anterioridade, a expansión dos programas de atención ás persoas cuidadoras ou de intermediación en conflitos familiares, de acontecer.

Neste sentido, é importante salientar que na Comarca é preciso avanzar na mellora da habitabilidade das vivendas e da adaptación das súas estruturas e servizos, así como da súa accesibilidade, atendendo sobre todo ás necesidades das persoas maiores. Esta liña de actuación, que ten no SAF unha fonte de información básica, segue o traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa creación de contornas amigables – housing para as persoas maiores.

Recomendación 22. Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.

Como se vén comentando, o SAF é un servizo que na actualidade está a ocupar un volume importante de recursos municipais, chegando a numerosos fogares da Comarca e amosando a posibilidade de xerar novas intervencións con maior profundidade, sobre todo tendo en conta o profundo proceso de avellentamento do territorio.

Este é o obxecto do proxecto piloto que se recomenda acometer na Comarca, dotando ós equipos SAF do/a profesional da Terapia Ocupacional que, para cada fogar, elabore un estudo de adaptación funcional e prevención de caídas. Estas funcións serán complementadas con obradoiros de memoria descentralizados onde o/a profesional da Terapia Ocupacional, en

coordinación co resto do equipo de benestar, realizará actividades de reactivación e de prevención.

Este tipo de obradoiros terá dúas modalidades básicas. Os realizados en lugares públicos (centros sociais ou sociocomunitarios, por exemplo) ós que acudirán as persoas que non teñan dificultades de mobilidade ou que conten con posibilidade de transporte. Por outra parte, deseñárase unha metodoloxía específica para realizar estes obradoiros en fogares de persoas con dificultades de mobilidade, xuntando en función das posibilidades, a veciños da do núcleo favorecendo a socialización e o contacto.

Ademais, os/as profesionais da Terapia Ocupacional formarán ás persoas integrantes do SAF da Comarca para mellorar as súas habilidades e coñecemento, así como asesorarán ás persoas usuarias na adquisición de axudas técnicas.

E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.

Un dos aspectos fundamentais nas políticas de benestar locais é o relacionado coa súa continuidade no tempo e, polo tanto, a súa estabilidade. Esta continuidade das actuacións, que é a fonte dos efectos que se procuran, non se acada sen contar coa continuidade dos equipos que as xestionan e implementan.

Como se puido comprobar, unha parte salientable dos recursos que os Concellos da Comarca menores de 20.000 habitantes utilizan para financiar as políticas de benestar procede da Deputación da Coruña que, a través da convocatoria anual, achega recursos ós Concellos para financiar parte dos equipos e parte do custo do SAF libre concorrencia. Con todo, este sistema de financiamento, alén de evolucionar de xeito substancial ó longo dos últimos anos, segue a ser de carácter anual, aspecto este que pode limitar a continuidade procurada nas políticas de benestar locais a través da introdución de elementos de discontinuidade nos equipos.

Neste sentido, un dos aspectos que inflúen, a nivel xeral, na presenza de reticencias locais á hora de realizar a contratación efectiva de profesionais unha vez garantida o financiamento anual, é precisamente esta temporalidade, de tal xeito que avanzar na superación do marco temporal supón avanzar na cobertura definitiva dos equipos.

Ademais, na análise da situación dos equipos municipais salienta a presenza de perfís técnicos complementarios ó do/a traballador/a social. Neste sentido, a posta a disposición por parte da Deputación da Coruña de financiamento para cubrir estes perfís está a ser axeitado ó contribuír á multidisciplinariedade dos equipos e, polo tanto, á xeración de novas intervencións en campos de actuación de interese como é o relacionado cos centros educativos, por exemplo. Con todo, ó mesmo tempo verifícase a necesidade de establecer sistemas de apoio técnico de carácter supralocal que dean resposta ás necesidades dos Concellos de menor volume e que suporán unha expansión do abano de actividades de benestar e unha maior profundidade nas actualmente desenvolvidas.

Con respecto ó persoal de apoio administrativo, a súa presenza tamén se atopa estendida, considerándose indispensable este apoio ós equipos técnicos para unha correcta prestación dos servizos. Neste sentido, tal como se mencionaba ó longo do documento é preciso introducir matices con respecto á implantación da figura do apoio administrativo relacionada coa xestión interna municipal dos recursos humanos, de tal xeito que a pesar da súa importancia e da existencia de financiamento, verifícanse casos onde esta figura non está presente ou non ten unha adicación íntegra.

Así, dentro dun marco xeral de avance na estabilidade do apoio técnico e financeiro que a Deputación da Coruña presta ós Concellos e ás entidades da Comarca, é preciso incidir nas seguintes recomendacións.

Recomendación 23. Reforzo da posta a disposición dos Concellos da posibilidade de contar con perfís complementarios.

Na actualidade, os Concellos da Comarca menores de 20.000 habitantes aproveitan o financiamento da Deputación para a integración de perfís técnicos complementarios ó do/a traballador/a social. Así, en tódolos Concellos da Comarca financiados polo FOPSS atópase presente persoal técnico e administrativo financiado pola Deputación da Coruña a pesar de que se verifican dificultades relacionadas coa anualidade do modelo.

Debido a estas dificultades, considérase que este apoio financeiro debe superar o horizonte temporal anual, camiñando na liña da estabilidade plurianual, co obxectivo non unicamente de reforzar a continuidade dos programas, senón de garantir a seguridade no fluxo financeiro para os Concellos, evitando así posibles dúbidas ou reticencias xurdidas dos departamentos municipais xurídicos ou económicos.

Ademais, é preciso facer fincapé na experiencia de Concellos como Fene ou Narón, que contan cun amplo equipo técnico que lles permite facer fronte a intervencións de carácter multidisciplinar. Este é un elemento a ter en conta de cara ó futuro, xa que é preciso mellorar a complementariedade dos perfís técnicos introducindo novas figuras que amplíen o abano de servizos e o seu alcance para atender ás novas necesidades sociais dende o punto de vista dos equipos básicos. Así, é preciso avanzar na incorporación de profesionais da psicoloxía, por exemplo seguindo o exemplo de Mugarodos, que abran posibilidades de ampliación dos servizos ou de afondamento das intervencións xa iniciadas nas liñas mencionadas.

Neste sentido, alén da mellora do sistema de financiamento actual dende a óptica da estabilidade plurianual, considérase preciso mellorar a coordinación comarcal e provincial da actuación dos perfís financiados, o cal redundará nun maior rendemento institucional e nunha maior integración das actividades.

Recomendación 24. Financiamento das actividades de benestar.

Como se pode comprobar, na actualidade o modelo de apoio financeiro da Deputación ós Concellos específico para as políticas de benestar locais céntrase no equipo e na actuación do SAF de libre concorrència. Por outra banda, dentro do POS+ inclúese o financiamento que en modelos de colaboración previos se destinaba a actividades relacionadas, por exemplo, co avellentamento activo.

Con todo, estes dous sistemas de financiamento (o POS+ e o Programa anual para o Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais –FOPPSS-), aínda que complementarios, xeran lóxicas de actuación diferenciadas relacionadas coa súa condicionalidade. Así, en tanto o POS+ reforza a autonomía local outorgándolle á axenda municipal unha elevada capacidade de distribución dos fondos, o FOPPSS é un programa condicional de carácter sectorial. É dicir, é o maior ou menor peso da axenda local de benestar a que incide na asignación definitiva dos fondos do POS+ ás políticas de benestar, en tanto que a propia natureza do FOPPSS garante a súa finalidade.

Neste sentido, no marco do avance na estabilidade e plurianualidade do actual modelo de colaboración entre a Área de Benestar da Deputación da Coruña e os Concellos proposta, é preciso incrementar esta colaboración a través da inclusión do financiamento de actividades de benestar que vaian alén das xa recoñecidas no POS+ ou das que se poidan implementar de xeito directo por parte da Deputación.

Así, recoméndase incluír no novo modelo financiamento actividades que sexan de especial interese na Comarca de Ferrol como son as relacionadas coa xeración de sinerxias entre benestar e promoción económica e emprego, co deseño de actividades encamiñadas á mocidade e á prevención de adiccións, na expansión dos programas para o traballo con persoas coidadoras dentro do potenciamento dos servizos de estimulación cognitiva xa activos, na análise das posibilidades de implantar e coordinar os sistemas locais de transporte público, ou na mellora das actividades desenvolvidas en relación co tecido asociativo local. Nestes aspectos, a pesar de que existen iniciativas de valor xa operativas, tamén se recoñecen salientables baleiros que, de seren potenciados, xerarán efectos multiplicadores das actividades de benestar mellorando a calidade de vida da poboación dende un punto de vista integral.

Recomendación 25. Programa de formación de benestar.

Dentro do Plan de Acción de Servizos Sociais contemplárase a necesaria elaboración dun Programa de Formación específico en materia de benestar de carácter territorializado que dea resposta ás necesidades de actualización dos equipos dos departamentos, e dentro do cal se insira de xeito específico a realidade do SAF como programa central cunha especial atención, como se menciona con anterioridade, ó traballo das profesionais auxiliares.

Este Programa de Formación en benestar terá como principal obxectivo a actualización das ferramentas e metodoloxías coas que actúan os equipos, favorecendo a interdisciplinariedade, e poñendo especial atención a aspectos como a xestión do SAF, o avellentamento, o enfoque sociosanitario ou que incidan en ocios recoñecidos como son os relacionados, por exemplo, co traballo coa mocidade, coa inmigración ou coas persoas coidadoras, aspectos que están a marcar o presente das políticas de benestar nos Concellos de Ferrol.

O Programa de Formación en Benestar será complementado coa dotación, a nivel central, dun centro de recursos metodolóxicos e experiencias comparadas, completando así á formación presencial tradicional e poñendo a disposición dos equipos técnicos un abano de medios para a actualización e adaptación dos sistemas de traballo.

4.3 CONSIDERACIÓNS FINAIS.

O conxunto de recomendacións deseñadas para a mellora das políticas de benestar locais dos Concellos da Comarca de Ferrol insírense nun abano máis amplo recollido no Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

Este Plan de Acción, na liña de mellorar na estabilidade e de incrementar o apoio da Deputación ós Concellos, asume unha actuación de carácter integral que pretende mellorar a autonomía local, mellorar e incrementar os programas de actuación locais e o seu alcance dentro dunha estratexia de actuación a medio prazo que incida, dende unha lóxica integrada e común, en diferentes grandes realidades sociais que están a determinar a actuación dos servizos locais.

Así, o Plan de Acción diseña actuacións a desenvolver a nivel central, empezando pola consolidación e avance do modelo de relación multinivel dende a óptica da estabilidade e da plurianualidade, e a nivel local en estreita coordinación cos equipos locais, para cuxo reforzo e apoio tamén se deseñan medidas específicas.

Neste sentido, a través destas medidas, así como dende un punto de vista multidisciplinar e de rede, preténdese incidir en grandes aspectos como o devalo demográfico, o avellentamento ou a soidade que, se ben son unha realidade, medrarán en incidencia nos anos vindeiros.

Ademais, préstase especial atención ás ferramentas de intervención dos equipos locais que, comezando polo Servizo de Axuda no Fogar e continuando pola introdución da perspectiva comarcal na dotación de equipos de apoio complementarios, serán potenciadas na liña de contribuír de xeito integral na mellora do benestar e da calidade de vida da poboación, así como a xerar territorios atractivos.

OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DE FERROL

Plan de Acción de Servizos Sociais

